CARLOS CASARES

FRANCISCA HERRERA GARRIDO

VIDA E OBRA

ESCOLMA DE TEXTOS

EMIA
A
ÑA

PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA

A CORUÑA

1987

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA
30664
30395
Biblioteca

R. 1564

CARLOS CASARES

FRANCISCA HERRERA GARRIDO

VIDA E OBRA
ESCOLMA DE TEXTOS

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT EXPURGAT INNOVAT
Biblioteca

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA
A CORUÑA
1987

Depósito Legal: VG. 111 - 1987 I.S.B.N.: 84 - 600 - 4996 - 5

FRANCISCA HERRERA GARRIDO

(* 1869 - † 1950)

Francisca Herrera
y Garrido

INTRODUCCIÓN

VIDA E OBRA DE FRANCISCA HERRERA GARRIDO

Francisca Herrera Garrido naceu na Coruña, na rúa do Príncipe, o ano 1869. Eran os seus pais don Manuel Herrera Hernández e dona Josefa Garrido Matos, que tiveron outros catro fillos, un home, que morreu cando era neno, e tres mulleres: Enriqueta, coñecida familiarmente polo nome de Queta, Maruja e Luisa, esta última morta o día 3 de agosto de 1874, cando tiña dezaoito anos e a súa irmá Francisca contaba cinco.

A posición económica da familia parece que foi desafogada. O abó materno da futura escritora era banqueiro e o seu pai dedicábase a negocios relacionados coa importación. Por outra parte, houbo entre os seus parentes persoas de boa posición social, como os seus curmáns don Eugenio Fernández Garrido, coronel de sanidade, e don Antonio Garrido Villazón, xeneral de cabaleiría, académico de "Bellas Artes" e director da "Revista Española y Americana".

Da infancia de Francisca Herrera pouco sabemos. En cartas escritas moitos anos despois, xa na última etapa da súa longa vida, alude a unha familia grande, compenetrada e feliz [1]. Tamén fala dunha súa certa apariencia física fráxil, cando lle escribe a Eugenia Fernández-Mariñas e Garrido, evocando ó pai desta última, o citado coronel de sanidade:

> *Siempre recuerdo que siendo yo una muchachita y yendo a jugar al tresillo a casa de unos amigos, le decía a nuestra madrina, riéndose: "Ahí va, no tiene una gota de sangre en las venas, pero va divertirse y le basta"* [2].

De nena, Francisca Herrera recibiu a educación propia das mulleres da súa clase, é dicir, o que daquela se chamaban artes de adorno e que as preparaban para desempeñar o papel de esposas e amas de casa que a sociedade lles asignaba. A súa irmá Enriqueta, que sobreviviu á escritora, di que esta foi autodidacta:

> *La pobre Francisca fue autodidacta, pues en nuestra casa nadie se significó intelectualmente: nuestros padres eran muy buenos y cultos, pero sin ninguna especial atención a las letras; lo mismo puede decirse de nuestros abuelos, uno*

[1] Correspondencia coa súa curmá dona Eugenia Fernández - Mariñas e Garrido. Carta do 28 de nadal do ano 1946.

[2] *Ibidem*, do 24 de xuño de 1947.

de los cuales, Andrés Garrido, fue un gran filántropo coruñés. En cambio, mi hermana, desde muy joven, mostró marcada inclinación por todo lo intelectual[3].

Parece ser que esta inclinación se orientou cara a literatura galega como consecuencia da relación que Francisca Herrera tivo con Rosalía de Castro e con don Manuel Murguía, ós que coñeceu e tratou, segundo refire a súa irmá:

> *Rosalía [fue] la gran devoción de su vida (...). [La conoció] cuando era muy joven. Después ella tuvo su mejor estímulo en don Manuel Murguía, que fue quien, después de leer sus versos, la apremió para que los publicase. Francisca le puso también prólogo a una edición de las* Obras Completas *de Rosalía*[4].

Fosen ou non determinantes estas relacións para a vocación de Francisca Herrera Garrido, o certo é que esta non publicou o seu primeiro libro, *Sorrisas e bágoas*[5] ata o ano 1913, cando tiña xa corenta e catro de idade. Por outra parte, unha proba explícita do interés de Manuel Murguía pola obra da escritora non aparecerá ata 1915, cando lle puxo prólogo ó seu segundo libro de versos, *Almas de muller... ¡volallas na luz!*[6].

Foi precisamente nesta época, anos despois da morte da súa nai, feito que ocurriu en agosto de 1909 (o pai morrera en 1897), cando Francisca Herrera e a súa irmá Enriqueta se trasladaron a Madrid, onde residía xa Maruja, casada cun militar. A poetisa, en cambio, seguía solteira, estado que non alterou no resto da súa vida. O motivo descubriríao Luís Caparrós nun traballo publicado en "La Voz de Galicia" con motivo da morte da escritora:

> *Tras la afirmación de la anciana presentimos toda una historia sentimental en la vida de la poetisa gallega. Una antigua amiga de la familia nos hilvana después los datos esenciales de la misma. Doña Francisca tuvo un novio en su juventud, que murió cuando se aproximaba el momento de la boda. No pudo olvidarlo y hasta dejó un segundo novio por no ser capaz de renunciar al recuerdo del primero*[7].

Libre, polo tanto, de obrigacións familiares, Francisca Herrera Garrido consagrou quince importantes anos da súa vida, os comprendidos entre os corenta e catro e os cincuenta e nove, á literatura. Algúns dos seus escritos naceron ademais na tranquilidade da

---

[3] *Emele:* "Visita a la morada de la poetisa coruñesa recientemente fallecida, Francisca Herrera Garrido", en *El Ideal Gallego*, 14 de novembro de 1950.

[4] Luis Caparrós: "Sobre la poetisa Francisca Herrera y Garrido", en *La Voz de Galicia*, 8 de novembro de 1950. Respecto do prólogo á que alude a irmá da escritora, non figura ó frente das *Obras completas* de Rosalía, senón na edición de *Cantares gallegos*, Madrid, 1925.

[5] Francisca Herrera y Garrido: *Sorrisas e bágoas*, Madrid, 1913.

[6] Francisca Herrera Garrido: *Almas de muller... ¡volallas n'a luz!*, La Coruña, 1915.

[7] Luis Caparrós, *loc. cit.*

aldea, concretamente en Oleiros, onde a escritora pasaba longas tempadas, especialmente no verán e no nadal. Foi esta unha experiencia que debeu influír dun xeito decisivo na súa elección do galego como lingua literaria e da que se nutriron tanto o seu léxico como o bo coñecemento que tiña da vida do campo, tan evidente tanto nos seus versos como nos seus contos.

Ademais dos dous libros citados, Francisca Herrera Garrido publicou aínda outra colección de poemas, que titulou *Frores do noso paxareco* e que apareceu na Coruña no ano 1919 [8]. Toda a súa producción literaria posterior está escrita en prosa. En 1920, deu a coñecer a novela *Néveda* [9], á cal seguiron tres relatos breves: *A y-alma de Mingos* [10] (1922), *Martes d'antroido* [11] e *A neta da naipeira* [12], estes dous últimos publicados no ano 1925, o primeiro na colección Lar e o segundo como colaboración na revista *Nós*. Dun suposto libro de versos titulado *Escronchas*, que se anunciaba na contraportada da primeira edición de *Néveda*, ou *Escrenchas*, segundo figura ó frente dun poema en *Frores do noso paxareco*, nada sabemos.

Polo que se refire á obra escrita en castelán, consta de catro novelas: *Pepiña* (1922), *Réproba* (1926), *Familia de lobos* (1928) e *Por qué no entró el alma en la venta*, esta última inédita. Aínda que a terceira das novelas citadas se reeditou en 1942, das datas de publicación parece desprenderse que a actividade literaria de Francisca Herrera Garrido se interrumpiu practicamente en 1928.

Algúns anos despois, en 1936, ó estralar a guerra civil, a escritora, xunto coa súa irmá Enriqueta, regresa á Coruña. Ten perto de setenta anos e empeza para ela unha das etapas menos gratas da súa vida. Reducidas as rendas familiares como consecuencia da situación económica xeral que atravesa o país, pasa algunhas dificultades, que encara con humor e sen amargura, tal como se desprende da seguinte carta:

> *¿No os acordáis, algunas veces, de las profecías sobre el fin del mundo? Guerras, pueblos devastados, hambre, etc., etc., etc. Pues aunque me sonrío al escribirlo, no es menos cierto que no le envidio, Eugeniña, a los llamados a vivir muchos años y a presenciar otras guerras, otras hambres... por lo menos, otros desayunos de leche fría (por falta absoluta de azúcar, ni chocolate, ni cosa que se le aproxime), mientras nosotras, querida Carmen, descansamos beatíficamente, entonando bajos que concuerdan con las notas agudas de los angelitos.*
>
> *Bueno, una nota rapidísima de buen humor, que no está más que a flor de piel; y porque nombrando las privaciones culinarias vale más reír... por no llorar; mirar: como quien alcanza una sinecura, logramos traer la leche de Oleiros; a*

[8] Francisca Herrera Garrido: *Frores do noso paxareco*, A Cruña, 1919.
[9] Francisca Herrera y Garrido: *Néveda*, La Coruña (1920).
[10] Francisca Herrera Garrido: *A y-alma de Mingos*, Ferrol (1922).
[11] Francisca Herrera Garrido: *Martes d'antroido*, A Cruña, 1925.
[12] Francisca Herrera Garrido: *A neta da naipeira*, en *Nós*, n.º 20, 1925.

poco daba el dos de agua (llegaba) y llamando la atención se queda en el uno; pero pareciéndonos "lo mejor de Oleiros"... ¡nos quitan 1/4 litro diario: a 1,10, y 15 pesetas por traerla [13].

A mesma persoa a quen lle envía esta carta, a súa curmá dona Eugenia Fernández-Mariñas e Garrido, acude na súa axuda e Francisca agradécelle a súa xenerosidade a través das misivas con que corresponde ás mostras de agarimo de aquela, á cal lle recorda ademais os bos tempos da familia: "Aquella nuestra antigua casa y aquella mesa". En xuño de 1947 escríbelle de novo:

¡Pero Eugeniña, cómo eres! ¡Cómo nos estás alegrando paladar y estómago con ese regalito que ya no conocía uno ni de nombre! La vida está aquí difícil y se olvida uno, o trata y se empeña en olvidar, de cómo se pasó tiempos atrás, cuando sobraba todo y se escogía lo que más gustaba, pero nuestra Eugeniña nos vino a endulzar primero el corazón con su querido abrazo y después todavía no se contenta con esto y nos trae un riquísimo mimo, que como tal lo he recibido [14].

Dous anos antes da data desta carta, o 4 de marzo de 1945, a Real Academia Galega elixe membro numerario a Francisca Herrera Garrido para ocupar a vacante do boticario don Lisardo Rodríguez Barreiro, morto en maio de 1943. Foi a primeira muller que mereceu tal honor, aínda que por neglixencias de distinto orde non chegou a ler o discurso de ingreso, pese a que o tiña elaborado un mes despois de que a corporación tomara o acordo de acollela no seu seo. Ata 1947 non se designou o académico encargado de responder, Antonio Couceiro Freijomil, que tardou dous anos en cumplimentar o encargado recibido, tardanza que el mesmo diría que non tiña disculpa. Despois desta longa demora, a Academia non fixou a data para o acto solemne do ingreso.

Francisca Herrera estaba xa enferma. Cando os achaques non llo impedían, aínda saía á igrexa de cando en vez [15]. Morreu o día 4 de novembro de 1950. Tiña 81 años.

Coa desaparición de Francisca Herrera Garrido, a literatura galega perdía a unha figura de indudable importancia. Sen que podan ser tomados en consideración os xuícios que pretenden equiparala con Rosalía, é certo, non obstante, que a escritora coruñesa ten un lugar de mérito na historia das nosas letras, e non só por ser a primeira muller designada pola Real Academia Galega para formar parte, como académica de número, de dita corporación, senón polo valor intrínseco da súa propia obra.

A contribución de Francisca Herrera e Garrido ó desenvolvemento da prosa literaria galega debe ser valorado, en primeiro lugar, polo esforzo que supuxo. Integrada nunha tradición literaria forte-

---

[13] Correspondencia citada, 10 de setembro de 1941.
[14] *Ibidem*, 24 de xuño de 1947.
[15] Luis Caparrós, *loc. cit.*

mente dominada pola lírica, á cal, por outra parte parecían inclinala tanto a súa condición fiminina como a devoción rosaliana, a escritora coruñesa tivo a coraxe de probar as súas forzas nun xénero de escasa tradición na literatura galega, para medirse no cal, ademais, non abundaban os modelos que puideran guiala tanto no plano das estructuras formais como no puramente lingüístico.

Pero ademais deste esforzo, que por si só xustificaría a elección da escritora para ocupar un sillón na Real Academia Galega, a obra narrativa de Francisca Herrera non desmerece de canto no mesmo campo se publicara ata entón. Con tódalas reservas que nos poda inspirar o folletín romántico, do que *Néveda* é claramente deudora, hai non obstante nas páxinas desta novela elementos constructivos que supoñen un avance considerable respecto de cantas a precederon. Pódese dicir que a novelista coñece a linguaxe do subxénero elexido e que dentro dese marco procede con corrección.

Non é sorprendente, xa que logo, que a revista *Nós* publicase unha reseña, con toda seguridade debida á pluma de Vicente Risco, na que se eloxia cumpridamente a novela de Francisca Herrera:

> *Ten chamado moito a atención esta novela, e hase manter na actualidade aínda moito tempo. Polo seu volume, polo estilo, polo lengoaxe, pola calma con que está feita, é dunha outa eixempraridade de traballo literario. É a novela máis moderna —non somentes por se-la derradeira— que se ten escrito en galego, e está feita cun fondo sentido do que a novela ten que ser. Non é unha novela de hoxe, máis ben de onte ou de antronte, da edade clásica da novela francesa (a novela hespañola non esiste). Lembra as cousas de Francis Jammes pola tenrura, pola sensibilidade esquisita con que recolle o cheiro da campía, e máis pola fegura de Néveda, irmá das adorables Clara d' Ellebeuse e Mazá d' Anís. Novela sen tese de ningunha clas, ten un argumento dunha sinxeleza encantadora, sen ideoloxías, nin frolaciós de decadencia. É unha leutura sana, descansada, na que ademais síntese nos autos, nas verbas, nas cerebraciós dos persoaxes, o imperio do noso chao, a ialma da Terra galega que se mete neles e os fai ser coma son: sinxelos, un pouco caviladores en forza de seren sentimentás. A leutura de* Néveda *resulta ás veces difícil, precisamentes pola ricura matizada de espresión e de sonoridade que o galego ten elí e que é un dos méretos máis notables da novela* [16].

Foi precisamente esta riqueza léxica, que sorprende nunha muller da súa procedencia social, nacida e criada no medio urbano, a que probablemente formou unha das barreiras que mantiveron a esta escritora alonxada dos seus posibles lectores. Trátase, con todo, dunha riqueza que non fire nin apabulla, senón que se comporta case sempre con naturalidade, incrustada sen forza nunha prosa viva e eficaz. Tal elegancia expresiva é nova nas letras galegas e,

[16] En *Nós*, n.º 1, 1920.

polo que a ese aspecto concreto se refire, anuncia xa as grandes realizacións da xeneración de don Ramón Otero Pedrayo.

A escolma que presentamos aquí contén tódalas narracións breves de Francisca Herrera, o único ensaio en galego que se lle coñece e unha selección de poemas, fundamentalmente narrativos, de cada un dos seus libros de versos. A lingua conservouse sen correccións, aínda que se modificou a ortografía.

BIBLIOGRAFÍA

CARBALLO CALERO, R.: *Historia da literatura galega contemporánea,* Vigo, 1975, pp. 493-498.

CAPARRÓS, LUIS: "Sobre la poetisa Francisca Herrera y Garrido", en *La Voz de Galicia,* 8 de novembro de 1950.

Emele: "Visita a la morada de la poetisa coruñesa recientemente fallecida, Francisca Herrera Garrido", en *El Ideal Gallego,* 14 de novembro de 1950.

LÓPEZ DE SERANTES, JOSEFINA: "Ilustres mujeres gallegas: Clara Corral y Francisca Herrera", en *El Ideal Gallego,* 30 de setembro de 1981.

NAYA, JUAN: "Francisca Herrera Garrido", en *Boletín de la Real Academia Gallega,* XXV, pp. 160-161.

NOIA CAMPOS, M.ª CAMINO: "Limiar" a *Néveda,* Vigo, 1981.

NOIA CAMPOS, CAMINO: "Francisca Herrera Garrido, unha muller no dia das letras galegas 1987", en *Encrucillada,* n.º 52 (1987).

ESCOLMA

NARRATIVA

A IALMA DE MINGOS *

¿Pra que cansar ós meus leutores co retrato lumioso e fino daqués spritus montañeses? A conversa de pai e filla pode moi ben servir de studo psicolóxico que poña luz no curro máis mouro dos seus íntemos sentimentos. No que respeuta ó físico do vello —descansando naquela hora sobre un feixe de louza emborcado no chan, mentre-los seus dedos, afumados e tortos, viran e reviran no conco da man esquerda, o tabaco, chamado a se-lo gozo xubiloso dos seus vellos anos, adoecidos; o vello, repito, ten todo o caráuter do labrego galego; maila cobizosa ancianía roubou e consumiu canto puido ser un tempo garridez, beleza, azo, xentilezas, forza. Fuxiu a carne das meixelas roxas, hoxe afundidas e teixas, lembranza do coor e vizosidade da caoba. Os ollos, pequenos e vivos, conservan unha muxica do vello lumiar cando refrexan o fervoazo dun deseio; a envexa dun gozo postreiro; as cexas medraron, zuchándolle vida ás perfebas, aspras e acanadas. Na boca, enrugada, preta, tembrosa, do que é mal, máis pequena do que Dio-la fixo, polo deprimento das enxibas, lúscese e beila un soio dente, longo, amarelo e movedizo; que imprime particular carauterística naquel rostro cenzo, curtido, alegremente bulrista; riente, bravo —e inda alarbio—, según se move ó compás do seu tempero e talante.

Pra gardar unha lembranza do sol valencián, que lle esmechou a testa un día; —a súa testiña galega, afeita sóio ós leros e promesas do santo raolo— o tío Chinto, tornando ó seu fogar, dimpois dunha luscida sementeira na rexión alicantina, chamou Luz á úneca filla que o Ceu lle concedeu pra prémeo e redenzón dos seus traballos. Abogou a nai do nécoro porque lle chamasen Marica. Interquinou o Siñor Cura, e inda púxolles reparos, mal caído niso de que os seus feligreses permitíranse o luxo de ter própeo gusto en demandas de oficio alleo; mais Chinto, istonces mozo, rexo, e rei da súa vountade, quixo ser pai da Luciña; e cal se o sol de Levante agradescise tanto agasallo, coa nova nacida descendeu do Ceu sobre a choza, un radioso alboreio; o don da dita: o don da paz: un luceiro máis no hourizonte que pecha co monte Do Mato, tras do que se adiviña o probe vividoiro, nun cume alforxado antre mestos verdores: —¡un niño de merlos, na galla dun pino!— humildoso, máis que o tobo donde durme o mendigo; escadasí, soberba, no seu salvaxe alongamento; dabondo fidalga pra pretendere que o fumo do seu fogar

* Publicado en "Céltiga", n.º 8. Ferrol, 1922.

chegue ás nubes, antre as que somella prisioneira e opresa aos ollos do viaxeiro que acerte a mirala dende o val, por antre as gallas de castiros, noceiras, abedugos.

E tornemos ó noso conto: Cara o vello; ó craror tristeiro e ledo dun candil, suspenso no anegrecido muro do lar, Luz remenda, con man inda máis que lixeira, afervoada, un colete do seu pai; de coor e data imposibres de fixar. A rapaza bergantiñana é montañesa, de corpo inteiro. Na aldeia conócena pola "Tarota" [1]. Non é iso: é máis ben que nasciu antre nubes e monte; e o seu padriño, o sol, doulle un feixe das súas faíscas pra que nos trubadores, acariciantes ollos da neniña, desen lei ó seu nome, e xustificasen o padriñasgo; pousou sobre os seus beizos, convirto en nubada de carmís: dorou as fazulas redondechas; (¡que non quixo tostalas!); puxo lume xeneroso no sangue, pechado nas veas, feitas coa promeira neve que callou, millagreira, sen toca-la terra. E se refrexou nos seus cabelos, no canto de tinxilos co ouro dos nosos ríos, din que foi, temendo cobizas, e inda cobizas dun pai, que en caso tal, vendería o prezado tesouro e pagaría máis tarde no inferno o sacrilexio de profanazón da máis linda cabeleira do mundo. Dimpois de aventar tan singular primol, sorriu moi satisfeito noso soliño: e como tan lonxe istá o Ceu das miserias da terra... coidou o seu traballo finado, e limitouse a contempralo e recrearse nil. Esquenceullo insiño: e nunca soupo Luciña que unha muller de tantas realezas, inda labrega, pode namorar un Rei e aspirar á máis alta pasaría cobizada. ¡A inocente Luciña! O mirar dun home asústaa: espavéntaa, tríncalle a léngoa: cállalle o sangue. Non soupo máis que fuxir, ¡fuxir sempre das xentes da aldeia, e afuxentarse no seu adourado Mato! Sóio se encariñou co aquil Mingos, que non sei onde adeprendeu a atraela: a tratala como quen trata a un neno: ora regalándolle niños de xílgaros e ramalliños de esprego, romeiro e fiuncho: portándolle as millores cereixas da súa horta; adeprendéndolle a creer e máis a rezar; (Luz perdiu a súa nai cando tiña apenas catro anos), comenzando por respetala; porque aquelo que Mingos sentía por ela era ó mesmo tempo —asegún iña furando nos mistéreos da alma tan limpa— adimirazón: deslumbramento, venerazón.

Mingos pertenece a unha casa rica; mais é ben certo que non ten unha peseta. Inda eisisten os direitos do maorasgo nalgún curro da miña ben amada Galiza: velahí porque Mingos non foi máis que un criado na moradía do seu hirmán Pedro: rico dabondo, según o valimento que se lle dá no campo a ista parola. ¡E con que gozo trocárase Pedro polo seu hirmán Mingos!

A casa con todas cantas boas pasarías pode cobizar un home que xa correu mundo —inda sen facer desprezo do seu terruiro—; e caciqueou, e topou maneira de se erguer de antre os máis, servíndose do veo da política: querse dicir: axudando a iste, ou aquel outro deputado, polo seu prestixio de home rico, sobre catro probes labregos que non poden vivir de seu; e venden o seu vodo por unha rebaixa nas gabelas: por un pau pra o timón do arado: por unha presa

[1] Huraña, arisca (N. da A.).

Céltiga

30 cts.

A Y-ALMA DE MINGOS

NOVELIÑA POR FRANCISCA HERRERA E GARRIDO

de fariña nun día famento: por catro repolos de semente, ou unha cunca de viño, se non é unha chiquita de caña. ¡Boa perda teñen eles do nome do candidato! Se teñen sobre todo mulleriña e fillos..., demandádelle dinantes polo pote valdeiro: polas longas, frientas noites, sen luz. ¡Ouh apostres da Diviña Causa! ¡Fartado corpo dinantes de ilustra-la ialma! Xesucristo —¡alabado El sea!— serviu ás rogas de xentes que o seguían, a bendizón do pan, a fin de que o corpo alentase e tivese azo pra non morrer de gozo ao sentí-la súa ialma benedecida. Non son iñorantes os nosos probes labregos cando se abaixan diante dunha man chea ou erguida; non ¡mil veces non! Dígovolo eu, que morei antre eles e aspirei a descobrir o conco zalógobre do seu vivir: tan sóio os míseros caen, non por indiñidade, senón por falla de forzas físecas.

Pedro Vilano posee, a máis da Casa Patrucia, mestos bens, con vizosas fragas; moito gando e algún diñeiro... (cousa istrana en homes que non aman a moeda; e trócana por unha leira, por unha parexa de bois: por un anaco de prado, o un bacoriño —según os medios—, como se na tal moeda prendera o lume do demo e lles abrasase as mans). ¡O diñeiro do vinculeiro! Sementábao na misérea do seu próximo e abrochaba en suores de morte: en congoxas sen fondo; en maleciós de meiga ferida. Ben lle dixo a vella Cuca cando o seu fillo embarcou pra salvarse daquelas gadoupas a modo de madeixas de choríns. "¡Mala sentella te encenda o sangue! ¡Non alcontres curazón que te non negue unha sede de cariño!".

¡E que mala boca tivo a Cuca! Pedro, repito, daríao todo ¡todo! bens, pasaría, hastra aquela mesma cobiza que enxendrouse e nasceu co il, i é o fundo do seu própeo ser; por unha ollada da noiva do seu hirmán: por tela un instantiño, como aquel benaventurado Mingos, coa cacholiña levemente incrinada nun dos seus fros, na diviña honestura dunha Santa, mentre-los seus dediños vagaban antre as irtas guedellas do can do amado, sóio testigo dos fondos parrafeos daquel amor tan docemente pasionado: tan puro como os aires rescendentes que os envolven.

Cando tío Chinto enterouse daqueles namorouzos: cando lle falou Luciña, avalando, ora roxa, ora branquexada, negoulles dun tronce o seu consentimento. Non tiña curazón aquel pai, que viu crevarse o de Luz, cando Mingos, azapurrado polo seu hirmán, embarcou pra apañar de além a fertuna que iles non percisaban, porque gardaban os seus tesouros na ialma. ¡Peto por peto, ningunha man afanaríallos naquel relicarie!

Foi desde intonces que Pedro non deixou día sen facer visita á coitarada namoradiña. Faláballe de Mingos: prometíalle de mediar co seu pai, e hastra donarlles unha pequena tenza pra que o rapaz urdise o seu niño, con diñeiro que il lles prestaría sen ningunha cras de intrés. Ende ben: ¿por que non lles dar en arrendo un dos lugares herdados do seu pai?

E a santa, inocentiña Luz, escoitábao, pechán dos seus ollos —niño da saudade— pra millor resurximento da relembrada imaxe, drento do seu curazón; e apañaba na ialma, pra ela, un golfarón de verbas pasionadas, verdadeiro aloumiño espritual.

Ensí estaban as cousas, cando naquela noite escura Luz e o seu pai falaban diste xeito na afumada cociña da probe moranza:

—¡Non, Luciña, non!... Isto non é dicir que a Mingos lle ocurrise unha desventuranza: naide acita con cousa certa... inda non son máis que zapalladas do mundo... somentes iste seu silandeiro, tan istrano nun home que adoita de esquirbir sempre que pode: e... ¡bueno! Pedro, e mailos veciños todos comenzan a temer por il: ¡dinantes chega un azaro, do que se tarda en vez voar un corvo!...

A prenda que Luz cosía esbarou hastra o chan, desdeixada das súas mans, polas que corriu un avalo sudorento: borróuselle o coor nas fazulas, finiñas como a frol do liño, e por un bo anaco de tempo quedou desfrolecida, agrimadiña... ¡íbase polo mundo dalí a unha hora!: suspendeuselle a vida no curazón, pra morar na ollada esmorecida que apañaba as parolas nos beizos do vello, inda dinantes de que iste acertase a pronuncialas. Acorada e sen alento: cortados no folgo os saloucos doridos, puido dicir ó fin, ceibando dunha vez moi chea toda aquela vidiña que lle marraba:

—¡O meu Mingos! ¡Non, non!... ¡Morrera eu xa, se tal delor cupera no mundo! ¿Que hei facer? ¡Miña nai, miña naiciña!... ¿Quen me valerá, quen?...

—Se te non val Deus...

—¡Deus!...

Non morrera a parola nos beizos de Chinto e xa Luciña caira axionllada, as mans encrucilladas á altura da testa; medio pechado-los ollos; o seo latexante; pregando chea de unción: repetindo con ánsea da alma vioda aquelas diviñas verbas de místique amor que Mingos lle adeprendeu un día, dirixindo cos seus, callosos e mouros, os dediños pequenos, avaladizos e tépedos, que acertaban apenas a face-la cruz: bicándollos con xúbilo neneiro dimpois do resoante "¡amén!" como prémeo a tanta humildeza.

Dous petos, dados cos nocellos na porta botada, trubaron a pregaria da nena.

E Pedro entrou; dimpois de agardar a permisión do vello, e sen esquencer o cristiano saúdo: "¡Santas e boas noites nos dé Dios!". Mais Luz non lle deixou terminar: tiráballe, arelosa, pola chaqueta, sen coido do que pensar poideran, nin menos disimulo daquelas treboadas de door que a consumen: a súa fala era un longo queixamento:

—¿E logo, Siñor Pedro?... ¿Que sabe do meu Mingos?

O outro trocou co vello un lampo de ollapada ruín: finxiu sentirse moi aquelado coa resposta...

—Fale; siñor, fale... ¡pola nai que o trouxo a iste mundo!

Rascou Pedro con forza a orella esquerda; doulle dúas ou tres voltas ó chapeo; *(Siñor* Pedro non podía xa usar o noso traxe rexional) e temendo que o cariño de pai mandase no curazón do tío Chinto, inda por riba daquela cobiza, por il azapurrada con mañas de demo noxento; temendo pola odiosa trama, estribada nunha falsía, que iba arredar polo pronto a seu maledecido rival, indicoulle ao

vello a porta nunha soberba chuscada de ollos que non adimitía resposta.

Tío Chinto tembrou: na súa ialma zalógobre librábase unha batalla de vida ou morte. Tempo facía que a súa sensibilidade boquexaba, metalizábase: tiña unha soia cobiza: a de pasa-los derradeiros días da súa vida tranquíos e folgados; ben atendido pola súa filla e descangado das miséreas que a vellez fixera entrar no seu fogar. Degaraba pola soñada riqueza: por fumar bon tabaco: angadir o compango a un caldo mesto, grasento; achegadiño: por ter vagar pra toma-lo serán a porta dunha casiña recebada, con horta e forno: e logo... por lle dar pasaría donda a aquela súa filla, úneco ser que il amaba no mundo, dimpois, naturalmentes, da súa própea presoa, que lle merescía tódolos cariños e tódalas estimanzas.

Se o vello se aviña a convencer a Luz por algún tempo da morte de Mingos —bo e san de além— tódalas súas cobizas pasarían a ser realidás: a rapaza finaría por quererlle a Pedro máis presto ou máis tarde, e il, seu pai, axudaba á súa dita poñendo os médeos pra chegar a vela rica, envexada e... siñora. Mai-lo momento non tiña nada de abogoso: prevía ben un promeiro instante de deloriosa supremidade prá súa Luz amantiña; e o millor ciruxano avala e cea un pulo diante dun esperimento de anatomía, se ha ser feito no corpo, vivo, dun dos seus máis amados achegadiños.

Pedro tembrou: a súa segunda ollada foi ordre, mais xostregada: todo nunha peza.

E o vello escurriuse... caxe esbarou, co corpo a rentes do muro, hastra dar coil no fondal da eira; mais apenas chegado, tornou a gana-la porta dun brinco, no que renascía a xuventude, morta, mostrando que o curazón inda tiña azo pra loitare coas tortas intenciós da vella cobiza. I elo foi que a laiada longa, rouca, espaventosa, que saiu da ialma da súa filla, aventou a súa derradeira espera de dita, borrou ao chegar a il os cinconta anos de coitas, —a voltas coa misérea, a fame, o frío, as pecumias: ¡todo! Se a súa Luz estinguíase: se lla mataban treidoramentes, sentíase capaz (mais que lle pesara outrora...) de despreciar canto amara un día: de poñe-la súa cobiza no cadaleito da filliña saquirficada, por cabezal da testa de neve; da cacholiña, afillada do raolo.

...Alí; na mesma camba da porta... alí estaba a súa vítima; os ollos pechados... moi pretos, pra non ver diante, estonces nin na hora derradeira, o verdugo negro, que tan negras novas lle trouxo. Nun témero abandono de canto lle rodea, salouca desapercibida do mundo inteiro. ¡A vida! A vida é aquela verba crudel, amargosa, ¡maledecida! ¡A verba dun perxuro, dun brasfemo; dun Caín! "¡Morreu!". Así segou dunha gavilada todo canto nela alentaba. Alboreou: e Luciña non se moveu do canto. Falábanlle Pedro, mai-lo seu pai, i en lle falar perdían tempo e folgo, porque lles non ouía. Nen chorar, nen berrar, nen acorar xiquera. A ialma entocada; o peitiño opreso; a gorxa tesa; sen alento que fixera remanescer aquela vida rota. ¡Mais Deus apiadouse e a sua santa Grácea orballou aqueles olliños secos! ¡Chorou nosa Luciña! Chorou moitas horas. ¡Chorou

días e noites! Chorou a reu: ¡chorou sempre! E Pedro reloucaba, adoecía o mesmo que un can doente ao comprobar que os seus falagos, as súas olladas ardentes: as súas parolas, nas que xogaban amor e malicias, non alcanzaban senón indifrenzas e noxo; cando non se perdían no vento sen obter nen a homildosa esmola da curiosidade. Mais non era Pedro home que recuase diante dun empeño; e antre il e o seu grande amigo, o vello sacristán, cazurro, avisado, malo, toparon ó fin coa idea salvadora.

Era unha tarde do mes de Nadal. Luz recollía as súas ovellas no cume máis irto do monte. Contábaas e deixábaas pasar, seguidas polo can guardiante. Morría o día: o derradeiro lampo do sol alumeaba con cintileo istrano os cómaros máis vistosos da montaña; nos que arrumbábase a neve, facéndose esbaradizos e de mal xeito, inda pra pes adoitos a trepar por aqueles ermos. Un silenzo de morte amparábase das recollidas soedades: aló..., no curuto máis alto, erguíase o cruceiro do Cristo: pedra prós ollos: ¡imán e amor prás almiñas devotas! Pe dil pregaba e choraba Luz sempre, hastra se ver envolta nos tenebres; xorda ás zarábeas, ó curisco: ás ventisqueiras. Nas noites escuras non esperaba máis que o lusco fusco pra se botar monte abaixo, camiño do seu probe lar, anque ben segura dos estreitos sendeiros, nos que apenas pousaba seus pes: era istonces unha atolada carreira na que lles ganaba ás ovellas dianteiras; mais nas noites de luar atopaba a rula vioda un consolo moi grande salvando aquelas fendechas peladas; deixándose cair debruzada a rentes do monte mosiño; ¡nos paraxes que tantas veces recorriu co seu namorado Mingos!

¡Aquela noite xúntase todo pra máis entristecela e atormentala! ¡Respírase ó seu redor a marrida doenza de alma e corpo! O berro dos paxaros da noite, dende o mistereoso silandeiro, con enfeitizada brusquedade.

Luz somella a estatua da morte: sentada istá na promeira chanza do cruceiro: caído-los brazos, a cachola deitada sobre o peito. É a encarnación do delor; a ánema fuxente dun amor que fártase de venturanzas soñadas, de esperas segadas en frol; ¡de lembranzas dun pasado no que ben quixera haber enterrado alma, vida, curazón e mamoria!

Un morcego rozou, a pasar, os seus bastos paramentos: sentiu Luz na testa a avafadura do ar que despedían as negras áas aspras e tendidas; e a que desafiaba o frío e a noite, sentiuse medoñenta: porque Luz tiña tódalas supersticiós da iñoranza, misturadas coa máis viva fe do creente cristián. Púxose en pe, e dispoñíase a se santiguar devotamentes, cando unha liña de espaventosidade amarroulle as cordas todas do curazón. Avalou —¡a miña santiña!— e ceou un pulo, entocadiña e aterecida.

O crarísimo luar de xaneiro, enfoscado tras dunha nube teixa, permitía que somentes se aseñorase do monte o derradeiro lampo, fuxedoiro, veleidoso, morno, do morrente día. Cintileando movediza, igual que lume de camposanto, ou como estrela fuxente, mostrábase unha luz na estreita curripa que ascendía ó Mato: agaveaba a mo-

diño... envolta no mistéreo... pouquichiño a pouco... hastra se deixar ver de preto, tembrosa, avaladiza... afundida nos ollos hocos, valdeiros, dunha caliveira; remate dun corpo de meiga, que Luciña adiviñou a través da brancura nevada dun longo, empingado sudarie, que arrastraba montós de follas secas pola custa piosa. E ría —¡o demo da meiga!— cun vafo de morte no valdío daquela boca desdentada.

"¡Unha meiga! ¡Arrenégote demo! ¡Quen tal fundou e quen tal dixo!".

Recolliuse a rapaza. Puxo a ialma nos ollos e alucou ben aquel xirón de trapos...

—¡San Silvestre! ¡Que dixen! ¡Ela é unha almiña en pena! ¡Móvese como un home! ¡Sóio un defunto ensí arrastra e reméxese! ¿Que risas nin risadas? ¡Agora vexo ben que trabuqueime! ¡Non son senón zalucos e saloucos! E as luces... ¡foron ollos no seu día!

Xa non cabía dudalo. E sendo ela unha ialma do outro mundo... ¿Que alma podería triza-las cadeas do seu recrusorio... esnafrar pedras e vivir dúas vidas... e voar na súa busca... senón era a ialma benedecida do seu Mingos?

Sí... mais se aquela ialma tornaba á terra, ¡era porque algo lle marraba! (ise *algo,* tormento do montañés galego, no que respeuta ós seus mortos *aparecidos).*

E Luz venceu e sobrepúxose ó seu espanto. Forzáballe salvar a querida almiña. Tratou de relembrar as falas santas que o seu pai lle adeprendera en casos tales. Sacerdotisa en relixión de amores, ergueuse e cavilou; non atopando a man pau de millor prestamento, arrancou dun bimbión alteiroso o pequeno fundo dun pino crecedoiro: formou coil un círcalo no chan, arredor do cruceiro, e drento e no médeo da terra benedecida ergueu de novo o seu corpiño, solto, feito, lanzal, ¡de moito ver! Igual que aquel abade que ergue a Nostro Amo pola vez primeira, persinouse, tembrando: humedenta-la crecha cabeleira, os rizos primorosos, por un suor de morte; mais sempre reloucada, caxque brava, na santa lei do seu deber cumprido; co tráxico vivir dunha hora de vida, insolitrada... [2]. E requeriu a ialma do seu Mingos, (grave, solene, inteira) pra demandarlle o que esperaba dela... E así como falaba, espallando na sombra os seus sentires, aquel grandismo amor que a Mingos tivo, vai vencendo no medo; vai conquerindo a superstición mesma, vai trepando i erguéndose, ¡hastra esquencer a ideia da outra vida!... ¡Miña triste Luciña! ¡Hai que vela, baixando dos seus cumes!, volta a iste noso chan, poboado de doridas realidás; hastra finar —¡chorando que partíase!— antre as espiñas de crués saloucos; torcendo as súas manciñas, xuntas, ergueitas, e inda encrucilladas, e virándoas de cara a ialma en pena:

—¡Dime, Minguiño, di!... ¿Que é o que ti queres? ¿Oraciós, misas, penas, cera, salmos? ¿Quizá que te ofrendache e non cumpriches? ¿A San Andrés? ¿A San Miguel? ¿As Pías?... ¡A pan e auga irei; irei

[2] Inspirada (N. da A.).

descalza! ¿Queres millor que faga algunha esmola? ¡Mais que fora a pedir! ¡Mais que roubara! ¿Queres que arrinque o curazón pra darcho? ¡Pide, pide, querido! ¡Mais non tornes á Gloria sen lle dar á túa Luz sóio unha fala! ¡Unha fala de amor...! E dimpois, ¡vaite!

Unha voz hoca; como saída de crevada ola, contestoulle á maneira:

—Cala, Luz: non brasfemes...; ¡nin lle fales de amor a un alma ceiva! O úneco *que alí* me desacouga, furtándome repouso e tranquileza, é a débeda con Pedro adiquirida: ¡é o non poder pagarlle todo aquel ben que pretendiu facerme! ¡Ordénote, muller, que seia teu marido antes do sábado, que me esquenzas e acóugue-lo teu pranto, que pesa máis da conta na miña alma e non a deixa disfrutar a gusto os gozos celestiás!

Calou a voz: morreu súpeto a luz; fuxiu a ialma, aparecido, meiga, demo, trasno. E Luciña, cos ollos alampados, fría, tesa, espaventada, sigue véndoa diante; vive no seu spirtu adoecido: quedoulle agachadiña nas entranas. Nas sombras do cruceiro arrebuxada: toda acurrucadiña, demándase se —rogo, ou sacrilexio— cabe tal sacrificio nas apoucadas forzas dunha montañesiña á súa maneira.

¡Desguiarse de Mingos! ¡Facer que o desbotasen da súa Groria! Dinantes deixaríase matar, sorrindo ás máis rudas torturas! Pro... ¡casar ela con un home que non é Mingos!...

—¡Siñor! ¡Siñor, Nostro Amo! Tornade os ollos a iste meu deloriño! ¡Pola cruz! ¡polos cravos! ¡pola sede, fartada en amargores! ¡Polos pasiños, todos, da pasión, piedade!

O tempo corría, xogando coas horas. Eran as dez da noite, cando unha voz robusta, mais crevada, arrincou a Luciña do seu doente sono, enfeitizado.

—¡Luz! ¡A miña Luciña!

O luar respondeu ó vello Chinto, alumeando e agarimando á doliosa mártire, dinantes de que ela mesma poidera tranquilalo, baixando dun pulo ó seu alcontro.

—¿Onde estiveche, Luz, e quen te fixo mal? —demandou o pai ante o branquexamento terroso que envolvía as feitucas perfeuciós da súa filla.

—Non teño nada, meu pai, nin naide pensa facerme mal. ¡Dóeme aquí!

Marmurexou a nena, levando as manciñas pretas ó peito. E engadiu, seca, forte, brutalmentes:

—Serei a muller do Siñor Pedro, antes da cartafeira. ¡Dareille gusto; e a vós, e... a il!

Fíxose a boda nunha parróquea istrana: lonxe... moi lonxe do Mato. Eisí o dispuxo Pedro, medoñento sempre de que o azaro aqueloutrase os seus endemoncrados desiños.

¡Se Luz poidese adeviñar nun dos testigos ó pantasma do monte!; mais o falangueiro sagristán pode contar coa máis segura impunidade.

Demándase a xente se a noiva lidornouse pra festexa-la súa boda, ou ben millor pra que lle canten os derradeiros responsorios. Cando Pedro, entrando na Igrexa, mollou os dedos na auga bendita da pía e pretendiu trasmitila ós de Luz, ceou ista (brincou, máis ben), guieira a un sentimento de aborrecemento natural: a unha moral ascosidade, somellante ó frevoazo que delata os araños dun animal gafo. Mais sobrepúxose axiña: lembrouse, aquelada, da comprometida Groria de Mingos, e adiantou, resolta e serea; furando antre os festexeiros, e ollándoos con aquela diviña tranquileza con que os Mártires cristiáns medían nos Circos Románs o grado de crueldade do púbrico.

Axionlláronse, i escomenzou a solenidade; témera; sacrílega, xa que viña ser cómprice inoscente da falsía, mais do engano; encadeando a vítema co seu verdugo. A laza, que iba unilos, era ferro irrompente, que apertaría e afogaría á saquirficada mulleriña. Tiña, naquela hora, ela, a faciana asolagada en bágoas: ¡estrozada, adolorida, vencida!

..."No nome do Pai... do Fillo... (Ou Xesús, que morreu polo noso amorío... ¡brasfema!... ¡piedade!) do Santo Spirtu... ¡Amén!"

A todo o tolo correr do seu cabalo, chega un home á porta da igrexa. Salta en terra: bótase tempro adiante, guindando lonxe de si o sombreiro: corre e chégase ó altar, interpouse, rudo, antre os que xa son marido e muller, e cos brazos encrucillados, frío, solene, contémpraos un pulo, tratando en van de atopar nos seus rostros a distinzón daquel pavoroso feito.

¡Mingos! ¡O mesmo Mingos, en *corpo* e alma! ¡Mingos, acorado: co fermoso retablo polvorento: arrautado, atolado! Mingos, irado: aceso-los grandes sentidos ollos en golfaróns de pasión; de door, de contidas tenrezas, tornadas alma adrento, na espiñosa dúbida do acaecido: ¡na espera do derrumbamento de tódala súa vidiña de home mozo e diñoso!

¡E Luz non pode guindarse nos seus brazos, mentras viva!; ¡afuxentarse: enfoscarse neles!

¡¡¡Casada!!!

¿Que golfarón arremuiñou seus pensamentos? ¿Que fermento de amargores ergueu o seu própeo sentimento hastra o cume da tolez?

Afervoada, enfeitizada, rouca e zalógobre, crevou o santo silandeiro unha risada espaventosa. Luz arrechegouse e apretouse fortemente contra o peito de Mingos: e seguindo cos ollos unha fantásteca visión, mostroulle ao seu amado, estendendo seus brazos, tesos, mentres marmurexaba, con falas crevadas, borrosas, adoloridas:

"¡Non podo!... ¡Non podo salvarme!... Ela mo suprica... ¿non a ves?... *¡A ialma de Mingos!*"

MARTES DE ANTROIDO *

Noveliña da que quizais un día derivarase unha novelaza.

I

Xa cumpriron coa dor que abanéalles a alma. Xa cumpriron co mundo; coas vellas costumes, sempre novas, alí onde non as borrou o dedo dun mal entendido progreso, cobrindo co mesmo borro, poesías e rutinas sen fundo. Houbo no velorio da pequena Anuca frores dos nenos; xogos da mocería —cicais unha lembranza derradeira á raiosa xuventude, hoxe dormida e morna, no conco dun taboado, forrado de *merino* negro e coberto de rosas a eito—. Déronlle bágoas as almiñas tenras; predicáronlle os vellos sentenzas salomónicas, cal se alucasen a eternidade por aquela fendecha de luz que os Santos noman "redención"; que alcuman "morte" os espritos lixeiros e que todos bautizamos con bágoas, e chamámoslle íntimamente "dor".

...¡E eles!, ¡meus probiños!... os pais da volvoreta, a un tempo "redimida", "morta", e finada antre laios de propios e alleos; a volalla sorrinte alcanzada no voo polo beo dun agoiroso fado... lles fixeron o postrimer esforzo no cumprimento do deber; esteriorización sonada do pesar que dentro lles proi. Soparando as xentes que se debatían por velo todo, tesas e fincadas pe do cadaleito: faguendo erguer as mulleriñas que encomendaban no oído da morta "recados e memorias para os que tiñan xa aló *da outra banda*", o pai, mudo, doente, tráxico, sacudiu no ar o hisopo, empapado en auga bendita: baixouse, hastra encrava-la boca tembrosa na carne dura, fría, tesa, da súa mortiña. "¡Adios, miña filla querida! ¡adios! ¡adios!". E por si soio ergueuse cando uns mozos —¡os cortexantes da Anuca doutrora!— adiantábanse, dispostos a separalo a viva forza da filla que pasara a ser nada máis (¡nada menos!) que filla de Deus.

Señora Colasa (digamos máis ben tía Colasa) deixouse caer de bruces sobre o seu ben perdido.

"¡E déixasme, miña Anuquiña? ¿E tes curazón pra deixar a tu madre? [1]. ¿E déixasme eiquí, soliña, hastra que morra de mal de

---

* Publicado en "Lar", n.º 6. A Cruña, 1925.

[1] Copiado do natural (N. da A.).

dor? ¡Ti non me queres, miña Anuquiña: se me quixeras non me abandonabas á miña sorte negra!". E bicou e rebicou —¡a desolada!—: e xurou que a neniña estremecíase; que retornáballe os bicos; que non estaba morta...; que se quería enterrar con ela. Mediou o pai con sereas razós. Choraron a berros as boas almas compadecidas. Arredáronna daquel lugar de tortura. ¡Leváronlle a filla! ¿Con que direito? ¡A filla que aloumiñaran as súas entranas! ¡Sóio lla entregaría a Xesús; baixado do Ceo! Asuxelouna tío Xan mentres baixaban a caixa e saía o cortexo cara á Igrexa. Dimpois afroxou os brazos que a mantiñan estreitamente, amorosamente ligada ao seu peito. ¿Que dirían as xentes, se tía Colasa non daba o postrimeiro adios á filla; adrede parado o enterro na encrucillada de amas corredoiras? Voou ela á fenestra; botou o medio corpo fóra: ergueu os brazos en demanda do Ceu e chegaron a el os laídos, a través dunha natureza que sorría comentando o erro dos que choramos aos libertos e rimos coa primeira bagulla dun rescén nado, presentimento da súa coroa de espiñas.

Non faledes de dores, os que non víchedes unha nai prisioneira do seu, na mísera fenestra dun sobrado; destacando das madeiras podres e dos muros sen cal; erguéito-los brazos; perdida, vagarosa, no lexano, a ollada, duns ollos sen luz; unha nai que debe berrar: entregarlle ao vento a salmodia entrañabre da chaga interna; cantar un salvo —salouco, verso, ¡eravo!— remitíndollo ao sol, que parpadexa e pon naquel lusco fusco seus violacios tapices, como sinal de loito antre ceu e terra. ¡As bágoas dunha nai! Alí quedarán por sempre as da tía Colasa, convirtas en orballo santo; son os diamantes que alumean; os zareillos sobre das polvorentas silveiras; corren polas follas das maceiras da horta; bébenas os paxaros; dan vida ao regato, e fecundizan as terras. Dimpois de Deus, nai, e antre Deus e nai, ninguén.

Xa cumpriron, repito. O pai deixouse caer nun tallo; a testa antre as mans; non sei se chora, reza ou goza; si, poden darse todos á lembranza piadosa; calados, recollidos, mudos; case esmorecidos; somellan máis ben dous mortos. Debruzada, de xionllos, sobre un lar sen lume, a nai deixa vagar seu pensamento polo mundo sen lindes da dor. Nunha pedra debeu de tropezar o tristón viaxeiro, e restalou moi fondo, moi sentido, un salouco ronquexo. Aquela mansa ovella sentiuse anoxada, rebelde. E cando tío Xan atraía, e pensaba acougala, respondeulle, co xesto dos doentes; mal prenunciando a boca, desdentada, o arruguento biquiño abaladizo.

"¡É que non choro sóio pola miña mortiña! Choro polo *outro;* ¡enténdeme ben! ¡Polo meu filliño *vendido!* ¡Quero o meu fillo, eu! ¡Non podo vivir sen fillo, Xan! ¡Abonda de calar e requeimarme o sangue, pra non te alterar, nin te desgustar! ¡Quero o meu Loís!

—¡Dimpois que disfrutache a fortuna que *aquelo* nos valeu!

—¡Mintes, mintes, mintes! (e abofé tivo medo o tío Xan daquel asubío furioso; dos ollos, alampados; das mans que o pillaban polos betós do colete). ¡Ti o fixeche todo, todo, todo! Xurácheme que non vendíamo-lo fillo, senón que *mercabamos a súa felicidade.* Que era

unha mala nai, opoñéndome a que il fose un home grande, rico, venturoso. Que cicais poidéramos recobralo algún día; e namentres, embarcaríamos o seu irmán pra libralo das quintas; casaríamos a nosa Anuquiña —chegado o seu tempo— co millor partido de Cobo; mercaríamos terras, casa, gando... ¡E o diñeiro de Xudas, Xudas levouno, como feudo propio; e morreu noso Xan en terra allea (¿quen o acougaría na dor da pasión?) e preiteamos sempre, sempre, sempre...; e Xudas ría, e Xesús choraba; choraba día e noite con esta malaventurada nai; sen poder abri-la miña boquiña, porque virábaste a min como un lubicán. E aló fóronse terras, labradíos, prados... a horta grande; os hórreos cugulados; o gando... ¡Levounos Deus a filla; a nosa Anuquiña!; levouna, pra que non a levase tamén Xudas, como levou a casa, as terras, o gando... ¡E ista muller sempre calada; levando loito na ialma e no corpo por aquel filliño que vendiche, como vendes unha ovella na feira. A muller: esta túa muller, calaba; pero pensaba... e este novo azar desatoume a lingua; mais píllame sen forzas pra tanto padescer. Quero meu fillo, ou quero verme morta niste mesmo taboado onde repousou a miña Anuquiña. ¡Anuca! ¡Miña Anuca, xa case moza! ¡A cortexada dos rapaces! ¡A máis garrida, a máis bengraciosa!... ¡Por que pagou ela a túa ruindade! ¡E esta mansedume dunha nai, que non soupo selo, senón para se estrozar, en corpo e alma!

—Calo, porque... ¡bueno! un día é un día... e ti estás aloucada, e non acertas co sentido das verbas con que me aldraxas.

—Calas... porque a túa Colasa muda, levouna a filla que nos escoita no Alto. Xa non gardo máis refuxeiro; perdín o medo. Calas e calarás sempre. Seino eu; é como se mo dixeran os que non poden engañar. Non sei o tempo que vivirei. Mira, Xan, que ises meus silandeiros custáronme anos enteiros de saúde e de vida, mais o que eu sei é que non hei morrer sen apertuxar contra o curazón o fillo perdido; máis que me bote polo mundo adiante; máis que vaia pidindo unha esmola de porta en porta. ¡Inda non conoces ben á túa Colasa! ¿Non me dixeches un día que non sabías que responder á nosa Anuca, cando te demandaba algo, con xusticia, postos nos teus os seos ollos namoreiros? Pois hoxe, Xan, sómo-las dúas a demandar a lei de Deus, nunca perdida, nin menos desbotada nas súas almas limpas. ¡Terei o noso fillo, porque sí! ¿E logo que coidache?

—Proixárono coa nosa autorización. Nada poderás contra iles. ¿Pensas, Colasa, que Loís nos chamaría pais, desdeixando quen o iriou, antre luxos, e mimos, e aloumiños?

Sempre axionllada, deixou caer Colasa a testa, roxa polo frebón, sobre as esparramadas cinzas, menos brancas que as bucres de neve que lle cobren os ollos; e sóio as cinzas e a pedra da lareira oien a mística pregaria da triste alma, aquelada.

¡Criáronno!... ¡non é certo! ¡criáronno estas fontiñas, secas hoxe, e murchadas! ¿Quen o embicou dimpois, meu amantiño! ¿Quen guiou os dediños sobre a frente querida? ¡Quen lle ensiñou a nomear a Deus? Criáronno dimpois; moito máis tarde; cando os seus peiños sabían correr soios e non percisaban o sostén dos meus bra-

zos; xa se vestía soliño. "¡Mire, miña nai, mire! ¡que xa sei abotonarme o calzón!". ¡Ben había de ter el os seis aniños! ¿E esqueceríasme curazón? ¿arredarías, terías alma para arredar de ti estes braciños vellos? ¡Morra eu! ¡morra eu!; ¡mais non sen bicar os seus ollos tan mouros! ¡Pide, miña Anuquiña! ¡Pide por min e máis por el! —¡cantas veces pensei nas doores dun home, orfo de verdadeira nai!—. ¡Pide, miña Anuquiña ruliña por este pai, disgraciado, que vendeu o noso Loís! ¡Pídelle a aquel, que tamén foi vendido! ¡Tola de min! que me deixei tornare pola sentenza impía. "¡Non vendemos un fillo senón que mercarémo-la súa felicidade! ¡Tola, tola, tola"!!!

II

Martes de Antroido.

A rúa de Alcalá é serpente lumiosa, onde os automóviles, os coches, os cabalos, corren, van, viran, tornan, sen curarse das xentes que pasean en interminabres ringlas, ou cruzan en busca da outra aceira, cando llo consinten, sen perigro da própea vida; arremuiñándose nas pedras saentes dun arribadoiro; facéndose invisibres, antre as encontradas rodas duns e outros carros con mascarados; rodas treidoras, que se esconden baixo teas e papés de mil cores; antre frores murchas, desdeixadas en cada xiro do eixo, pra seren, por outras rodas, abaixadas e rotas. ¡A vida, que fura en todas partes, deixándose alcanzar e apadumar e trizar, polas cobizas das vidas que a siguen! ¡E aquelo, nin máis nin menos que un aberto vividoiro de tolos! ¿Xuntaríase un adarme de bon sentido, antre as milleiras de testas, roxas, afervoadas, en acoración de finxida tolez, que alí buligan: o miolo "os vios bardos", e berrando sen norte para seren ouvidos de quen non os escoita?

Volven da festa do día. Os mascarados "cursis"; os que camiñan, ou compoñen, momentáneamente parados, apertados racimos de "carne de rúa"; non limpos, nin ben rescendosos, nin honestamente ataviados, somellan os rezagados soldados dunha batalla rescén perdida. As despeiteadas cabeleiras, nas que bimbréanse frores de outrora; as vestiduras destinxidas, axadas; parte delas en aspros lambizos: o cansazo da finada romantela, marcando sobre os rostros unha sorte de melanconía, (¿a máscara verdade?...) mal avida cos disfraces, os lambizos e as frores vellas. Os corpos, mareados tamén polo abuso das enerxías, nun falso movemento, mitad arrastre, mitad marcialidade militar. Hainos que inda cantan; mais son as súas, as roucas voces do repulsivo alcoholismo. As rapazas *de servicio* distínguense polos berros; polo apresuramento da carreira na que tropezan cen veces, ávedas por chegar á casa dinantes de seren notadas en falta.

Tamén nos ricos decaiu toda animación. Inda bromas e trócanse inxeniosas divirticiós. Caeu, eiquí e alá, en abatido, alongado deixamento, os derradeiros proieitiles, que naide se abaixa a recoller; algún ramalliño de violas murchas; unha serpentina sen desenrolar, que magoa ao que a recibe. O libro, estúpido, que siñala a máis es-


LAR
FRANCISCA HERRERA E GARRIDO
Martes d' Antroido
50 céntimos
CAMILO DIAZ

túpida das datas, tornou a folla e entra en páxina de máis valedeiro intrés. Dos automóviles, máis ou menos artístiques, destacan algunhas parellas, que prefiren marchar; en íntima conversa, collidos do braceiro; degorantes por proseguir o abrocho do namoranzo, enriba comenzado; soios naquel mundo algareiro, onde o amor é amo úneco; o soio siñor dos arriscados servos da tolez.

Preto dun soberbo hotel dúas máscaras avanzan; esbaran, cáxeque, sen se atrever a furar na multitude. Son mulleres; inda mellor: son damas; as mans, fidalgas; o pé, con zapato de finísimo ante, descúbreas antre mil mulleres zafias. Visten o traxe típico da labrega galega. Levan máscara de terciopelo teixo; moi amplo, moi longo. A tempo de pasar un automóvil con tres cabaleiros, cuidadosamente alforxados en ricos e mols abrigos, a mascarada máis alta, a que parez domina-la situación, aprétase inda máis contra o muro.

—¡Déixaos pasar, Xosefina! ¡Espera, por Deus! Tes razón; é de todo punto imposibre... mais ¡tembro! ¡horror!... ¡Se Xacobe soupera!... ¡Xosefina! ¡Xosefina!

Respóndelle a burla dun pasante; un desacerto, unha parvada. Detrás, un clown canturrea o repetido nome. Un rapaz, mal disfrazado de muller, encáralle unha barbaridá que a fai roxear hastra a raingambre do cabelo, honestiñamente escondido baixo a branca cofia de encaixe, mais Xosefina non responde e a finxida labrega ergue o seu busto de raíña; aluca, escudriña, sospira, láiase; ¡chora! Chora quediño. e retórcese as mans con desesperación real e verdadeira. ¿Onde vai meu Deus querido? ¡Que perigros poden cercala, en tal día, e con esta xentuza! ¡E eu non podo permanescer desta sorte! ¡Dun a outro istante tornarán eles!... ¡E toda a culpa é miña! ¡Que nenez, Siñor, que tolería!

Alcanzou en dous pasos o xardín do citado hotel; máis lonxe de traspoñe-lo andamio e penetrar na enareada carreira, virou internándose nunha rúa travesa; chegouse a unha porticela, cuberta de vella hedra, e petou cos cotenos: pouco, moi pouquiño; porque abrírona, súpeto, e un vello servidor adiantouse, mitad sorrinte, mitad inquedo...

—A señorita Xosefina: ¿está eiquí?

—Non, señora marquesa.

—¿Ninguén veu? ¿Ninguén me demandou?

—Ninguén, señora marquesa. Non me movín do posto que a súa escelencia me sinalou dinantes da súa partida.

—Gracias, Xoan. Xa sei ben todo canto podo esperar da súa fidelidade. Coas precaucións tomadas, chegarei soia ás miñas habitacións, sen topar criado algún. Saia, meu bon Xan; saia, e non se canse de recorre-la rúa en busca da señorita Xosefina. Non sei como foi: coidou, sen dúbida, que eu a seguía, nun istante en que me vin obrigada a me deter... ¡Non me volva sen ela, por Deus!

—Farei do que poida por compracer á miña siñora ama. Entramentres, rógolle de acougar e cavilar que inda non pechou a noite,

e ningún perigro pode corre-la señorita Xosefina: Arrastrouna unha marexada e tornará tan presto se desprenda da corrente.

. . . . . .

Xosefina Heredia de Mendía, filla úneca dos Condes do mesmo nome —unha rapaciña nova, que non cumpriu dazaoito anos; orfa de nai e orfa dun pai necio que a arruina da máis xentil maneira antre naipes, mulleres e vicios de toda sorte; a mociña fidalga, que comenza a visita-lo mundo das grandezas cativas, onde loce e inda reluma a súa beleza, a súa nativa distinción; a parte considerabre de fortuna na que aínda non puido seu pai encrava-la zarpa: a presunta condesa dun mañá próisimo (se o vicio non se hastía daquel grande tan ínfimo) non sabe negarlle nada á súa curmán Rosario Montalvo, casada hai pouco, co marqués de Nesver, ex-embaixador de España en París, proposto á sazón para o mesmo cargo preto do Goberno ingrés. Aquel día, martes de Antroido, celebrárase no hotel dos rescén casados marqueses, un gran xantar co que honraban a chegada de dous íntimos amigos do de Nesver: dous fidalgos caballeiros franceses, no hotel agüespedados e os que debía mostrar os nosos costumes nun ambente de espréndidas grandezas. Rosario Montalvo coidou pescudar un cruce de olladas e sorrisas antre os dous estranxeiros e o home que resume tódolos seus amores na vida. Educouse Carlos Nesver en Francia cun seu abó, pertenescente á nobreza daquel país. A súa muller está celuta dun pasado que non conoce; tan soio sabe que antre tantas mulleres-belezas atopou aquel seu homiño no frorido sendeiro da vida; antre moitas que amou, ningunha tivo o seu incontrastabre poder de sedución. Aquela tarde, repito, oíunos proieitar un estúdeo *sereo,* sobre habitudes carnavalescas... Seguirían a diaria carreira do paseo de coches, na rebusca da emoción do día e tornarían, para cear, remitindo a un teatro de primeira, a adivertición —ou o fastidio— das derradeiras horas da noite, sen botar no esquecemento algunha xeira neste ou noutro baile. Contra a súa señoreira amabilidade, rescibiu Rosario coa frente nubosa e pregada o fidalgo, amante bico de despedida. Trala cubrición dunha fenestra, viunos rubir ao automóvil: mozos, xentís, falangueiros, parolaban e rían como nenos en día santo... E Rosario sentiu unha extrana comezón inquietante. Deu cen voltas sen ouxeto polas habitaciós do seu home abriu armarios e meteu os dediños miudos nos bolsillos interiores de vinte ou trinta pezas de vestir. Chegouse á mesa escritorio; folleou os papés sobre dela esparcidos; detívose ante a bibrioteca; colleu aqueles libros que vía, arreu, na man do dipromático; buscou, áveda, o sinal que infraba esta ou aquela páxina. E sen nada atopar que a intranquilase, máis dubidosa e tristeira, trastornádo-los nervos, enrénica, esconsolada, sen causa aparente de esconsolación, fixo que a vestiran. Saiu: entrou na igrexa de San Xosé; chegouse ao Cristo, e non soupo que lle dicir; e descontenta de si mesma, de aquel afervoamento de falsos sentires, botou a andar de novo, soia grave, ensoñada; subiu á casa da súa curmán Xosefina, e sen agardar que a anunzasen, colouse no seu salonciño íntimo, e por todo saúdo botouse a chorar, acodada no respaldeiro de un sillón.

E alí fraguaron aquela tolería que tan caro lles puido costar. A doncela de Xosefina, de procedenza galega proporcionoulles os dous raiosos traxes típicos; acortou e estreitou o da súa dona; buscou antre algunhas amigas, o dengue, o pano froleado, o adrezo, que ela non tiña, e acompañounas a certa distancia... deixándoas, pola súa espresa vontade, ao fin dunha rúa, que desembocaba na Castellana, e dendes da que podían segui-lo paso de carruaxes e máscaras, sen apreturas, nin menos temor de seren reconoscidas.

Diante daquelas dúas mascaradas, collidas da man, quediñas, mudas, recollidas e honestas, trascendendo a mulleres da sociedade privilexiada, perdidas por unha razón calquera antre o remusmeo da orxía e o desorde, sorrían algús contemprándoas tralo vidro de tendas e fenestras; marmurexaban moitos paseantes e detíñanse os máis, ávedos de prender no seu curazón de home, aquelas duas roseiras de xuventude e de beleza. Un garda, curioso, demandoulles o permiso para se disfrazare en púbrico e a máis real moza —ben certo que as dúas eran mozas e diñas da coroa— mostroullo nunha man primorosa, fina e molmente guantada. E amostroulle tamén un peso que o guarda tomou, un pouco abermellado, tocándoo apenas, por temor de lixa-la man da princeseira boneca. E o guarda non as perdeu de vista; librounas de toda broma molesta; brindouse a acompañalas ao retorno, e... ganou sen traballar, a groria de outro par de pesiños (inda con menos pena e traballo adequiridos), e a de alucar, ben preto, os ollos máis luscentes que coidou abertos en rostro de muller algunha.

¡Mira!... (apretándolle moito a man á compañeira). ¡Alí van! ¡tralo coche vestido de rosas! ¡Alí! ¡frente da tribuna da Prensa! ¿Ves que *modosiño* vai? ¿Estás agora sosegada e tranquila!

¡Si!; pero dinantes de chegar eiquí!... Da outra volta levaban o automóvil cugulado de frores e xoguetes: ¡e xa ves! ¡vai cáseque baldeiro! ¡Canto non tiraron! ¡Cantas bromas, cantas olladas, cantas ademiracións á beleza femenina representa cada fror fuxida!

—Pero, miña Rosario querida, eso non é caridade, nin sensatez, nin...

—Espera! ¡Temos que saber quen son as que lle falan! ¡Iste home, meu Deus! ¡que non había de ser il máis feio! ¡Ahí o tes! Acorado; cos ollos alampados; cada muller somella un átomo do seu amor postreiro! ¡Ven, Xosefina, ven! ¡Preciso saber quen son! ¡Quero millor chegar ao conco da miña desolación! ¡A do mantón de manila... ¿non sabrei eu quen é! ¡Ríes! ¡Non estás namorada!

—¿De veriñas... curmán?...

—¡Non estás celuta! ¡Non me queres como dinantes. Xa non queres máis que o teu Loís! ¡Xa non eres a miña irmán espritual!

Tras uns minutos, que tardou Rosario en reconocer a máscara citada, rín as dúas; rín como as ditosas xentes vulgares; rín hastra verter bágoas, como ríe tan soio a xuventude!

—¿Reconocíchela agora? ¡A de Débora! —A tía-aboa de Margarida Débora. Unha rival de sesenta anos; coxa e cos ollos *chuscos!* ¡eres ben *xustamente* disgraciada!...

Outra máscara, menos vella, e de ollos idealmente azús, obrigounos a se achegare e xa non puideron ganar de novo a salvadora rúa cáxeque silenzosa. Houberon de rubir a de Xénova, na forma en que xa as ollamos.

E agora, deixando a celuta Marquesa de Nesver, acorada, alteirosa, mal disimulando as súas inquietudes coa doncela que a viste e peitea de novo para a cea, esmorecendo a cada timbrazo, a cada paso de home, que resoa —pese á alfombra que cobre o marbre da escaleira— imos seguir a Xosefina de Heredia, no acto prisioneira de unha rolda de mascarados, e desentendéndose mal das súas bromas, ben que nas agudezas, máis ou menos honestas, nótase axiña a grandeza do berce que os arrolou do seu día.

—¡Pídolles por Deus, siñores! ¡pídolles de favor! ¡Non me atormenten! Ben podeu ver que non son o que pode parescer unha muller que se enmascara neste día e en semellante lugar, antre... *(¡salvo esceiciós...)* antre criados, e xentes coas que non me codeei xamais. ¡Déixenme gana-lo meu hotel de eiquí ben preto! Falo con homes da miña cras; con cabaleiros! ¡Todos teredes unha nai! ¡unha irmá!

—¡Xosefina!...

—Si, que te deixaremos ir; mais non sen acompañarte, galega preciosa, para te librare de perigros maores...

—Cala, Ricardo. Ista señorita conózoa eu. Non se fale unha parola máis. ¿Terei o honore de lle ispirar confianza abondo, para me confiare seu brazo, hastra a súa vivenda?...

—¡Méndez! ¡Loís Méndez! Oh, si, si! ¡gracias! Non podería deseiar cousa millor, na hora presente!

Destacáronse do grupo.

Il vai sereo, correito, mais non neguemos que aquela tarde fixérono beber moito. Pola primeira vez na súa vida, sinte que o corpo lle abala; que tembra o brazo, que lle ofresceu á que reconosceu axiña. ¡Como non, se levan máis dun ano en amorosas relaciós, e casarán —Deus volante— cando Loís teña finada a súa carreira; cando a próxima Esposición de pinturas, apórtelle o trunfo que agarda, con fé igual á que lle ispira aquela noiva, linda, sorrinte, ¡meiga! Nin da carreira, nin do trunfo artístico, precisa Loís, para a materialidade da súa vida do porvir. Fillo de adoición do millonario banqueiro Méndez Brigo, se aspira a moito, para voar ben alto, e por considerar que non chega a home, aquel que se erixe rei dunha familia, dun fogar, sen ser capaz de se bastar a sí mesmo, proveendo a soste-lo lume sacro, sobre da pedra, base do bendecido lar. Nun ano finará os seus estudos literarios cós que deu gusto ao home que chama pai, xa que os seus durmen, fai anos, á sombra dun alcipreste, no curro dun cimeterio aldeán.

III

Loís non caresceu de regalías en tódolos ordes. Criouse en donda pasaría: amárono, os novos pais, canto amar se pode a un fillo entrañabre. Chorou il, perdendo a querida benfeitora, cal saloucara o

millor dos fillos, na perda da nai amantísima. Amargouno moitas, ¡moitísimas veces! a lembranza de aqueles pais, que viviron na miseria e morreron, sen que diles soupese Loís, senón un conto, melancónico e tenro, a historia dunha desventuranza. Ninguén comentou o estrano canxe; ninguén nomeou, tampouco, a parola "diñeiro". Xudas quedou na sombra; naquel mar de sentimentos intraducibres, asolagouse o mal, e sobrenadou o sacrificio heroico; a virtude, pola que uns pais ceden todo o seu ben a troque da dita dun fillo!... ¿irmáns?, un que morreu máis tarde; unha irmá, que *buscou en van*, cicais morta tamén. Foi a nova nai, quen urdiu astuciosamente a bouga que para sempre debía entregarlle o cobizado fillo doutro. A muller que non puido ou non soupo cinguirse tan soio ao amor do seu home (¡quen sabe se a súa natureza viva, apaixonada, sensibre, tomou a millor parte no reparto das ditas de dous?); a esposa, que caresceu nos seus cariños de forzas vivas, que a retiveran no mundo dos felices, para non abandoalo —inda moza e con direito ao seu posto na xentil milicia— afincouse no amor dun fillo alleo, que respondeu xenerosamente ás latexantes ánseas de amores; e con el, en el e por el, amou, viveu; fixo máis, cristiana e nobre, de alma e de sentimentos, minteu, ¡a coitada! abxurando do seu propio modo de ser, co ico de non perdelo xamais; e aquel engano, pesando destonces sobre unha concencia por primeira vez contrubada; a loita antre gozo e deber, estrozaron a endebre natureza física. Xurouse de llo dicir todo; mais que correse preto da nai, probe; mais que renegase da riqueza emprestada que lle roubaba todo o ben das almas elexidas, aquela outra nai, chorosa, acorada, tal como a viu, cando recolleron o seu Loís... ¡tena encravada no bugallo dos ollos! Moitas veces, dimpois que emprobeceu de novo, pretendeu socorrela caladamente, solermiñamente, sen que de elo se apercibisen ambos maridos. E a esmola tornaba á man caridosa, con istas soias, espresivas verbas, finamente trasmitidas polo diño párroco da correspondente feligresía. "Non se moleste a siñora: ista probe desamparada di que "non tocará carto que non lle entregue seu propio fillo; que ela vive no pensamento de recobralo, e coida millor morrer, que poñe-las mans en ouro, que paga o que ela non pensou vender xamais". A nova nai chamou cen veces a Loís; Loís; estudante; Loís, soberbo mozo; Loís artista e un pouco poeta; Loís, soñador! e tomándolle a testa nas mans tembrosas, chegou a musitar no seu oído:

—¿Que houberas feito, meu Loís; o fillo da miña ialma ¿quen lles pode negar a espritual potencia enxendradora, ás almas das atristecidas mulleriñas estéreas!... que houberas feito se viviran os pais que te pousaron no meu colo?

Loís, neno: —Ir e darlles un bico e tornar cabo a miña naiciña de Madrid.

Loís, home: —Cumpri-lo meu deber, sempre e por riba de todo.

—¿Non son teus pais, os que tan amorosamente te portillaron?

—No meu curazón, sí: na miña concencia, non.

—¿E cal deber seguiría a túa vontade?

—O máis próisimo a Deus: ás súas leises.

—¡Marcharías?

—Se por feitizo de milagre poidese ter eu dúas nais..., escollería a máis probe; a que me precisase máis. Partiría meu curazón en dous anacos, para que de amor poidesen vivir as dúas: daríalle á famenta o meu brazo, a miña vida, o meu pan. E para isto chamácheme con tales ordimentos?... Coidándote doente, tirei co libro que tiña na man! "A siñora ama rógalle ao señorito de vir axiña..., ¡axiña! Sen se deter en cousa algunha"!

—Loís: se te dixeran un día que ista tua nai é moito menos boa do que ti pensas?...

E Loís desacougouse, nos comenzos; faloulle ao seu pai, que riu das divagaciós da súa muller. "Nerviosidades... algo de neurastenia! Os trastornos histéricos de estas naturezas femeninas, todo sensibrería, inda máis que sensibridade"! Loís terminou por darlle a razón. E a tristura: unha fonda tristura, que soio il tiña poder de aventar, amparouse da muller, descontenta dos seus procederes. Xusta, por istinto e por creenzas, venceuna a primeira inxusticia da que non logrou desengrellarse: amante, abatiuna o roubo de amor feito a unha nai que ela sabía desventurada: rica, mimada por tódolos goces da vida diaria, deuse a cavilar na miseria irremediabre "da muller do zoqueiro" —según a alcumaban no lugar— e debatíndose naquel lusco fusco de luz e sombras, perdeu a sana orientación, eixo de unha vida pura, e enfermou, e morreu: sempre consumidiña; sempre a verdade a frol de beizos e temorosa, espaventada do alonxamento do fillo ben amado, do xuicio que lle debería un día!

Tornemos a Loís, e á ben querida cortexadiña. Xa están soios, separados de unha multitude vulgar, abaixada, e nos lindes da tolería. Loís píllalle os dedos con ardente ledicia. Ten concencia: inda máis: ten vergonza do seu estado anormal. Non vé ao seu arredor senón o que lle deixan ver as aturdidoras luces da primeira hora da embriaguez, nos non habituados a isa cras de relaxamentos. Inda é dono da súa razón; mais precisa suxetala, porque a sinte buligueira, fuxida a medias antre as fantasías que lle finxe o champán.

—¡Ouh, que imprudencia, miña nena querida! Mais xa está feito e non podemos facer que non seia! Aproveitémonos dela! Ven!: falaremos da nosa vida, do noso amor, dos nosos proieitos! ¡Ven! Xa estás eiquí: mais que non deberas sair, saíche, por servir o teu gusto: ora son eu quen recrama, á súa vez, o seu. Entraremos en "Molinero"; ou nas "Torres", onde teremos un gabinete reservado; cearemos xuntiños!; ¿que mal pode haber nisto! ¡beberemos champán!; ¡teño unha sede!... ¿Tembras? ¡eu sinto a miña frente sudeira e ardosa!

—¡Loís! ¡Non estás no que dis! ¡Cear contigo! ¡soios! ¡fora da miña casa!; ¡como unha de isas probes mulleres que convidades de igual xeito! Non te recrimino, non: nin menos me enfado. Obrigáronte a beber!... conocincho axiña que falache. Non o fas nunca; seino: mais un día como iste, e coa compaña que levabas... (ben reconoscín a Martínez e a Bolívar, nos que se opoñían á miña liberación). ¡Perdónoche, con todo o meu curazón! Abonda co que mañán sofrirás, pensando na túa proposición. Agora déixame no portón do hotel...

—¡Non sei a que veñen tales rixideces, ridículas, a máis non poder! —irrítase, non é dono da lixeireza da súa lingua—. ¡Vas ou non, con un home de honor?

—Que está veira da corrente que o pode arrastrar!

¿Pero non comprendes que non és ti quen fala? ¡Ouh, meu Deus! que vai comprender este disgraciado, se está compretamente bo...

¡Non! ¡iso si que non! ¡Nin a ti, nin a...! Pasaríache todo menos iso! *¡borracho...!* ¡Borracho, non! ¡Caloñas non! ¡Vamos, ven! ¡entra! ¡Espricarásme a causa dise teu acaloramento!

Pasan por diante do estabrecimento que toma o nome da rúa das Torres.

—¡Entra! ¡Dígoche que entres, se me non queres obrigar a...

Perdeu toda sensatez. Estinguiuse a derradeira faisca de razón. Berra, sen coidar de que o escoiten.

Bágoas de dor, de vergonza, de rebeldía, mollan a cariña da virxen, nova. Tan viva como a londra, que percibe unha presa, deu un bimbión a Loís, desprendendo seu brazo prisioneiro, e botou a correr, rúa arriba, con tódalas forzas que lle empresta o pavor. Atállalle un guarda —¡ouh, guardas salvadores!— e Xosefina dille o seu nome, e rógalle de acompañala á súa casa. ("¿Porque o non acetaron dinantes?") a onde chega, enrenica, con frebe. Despóxase do seu disfraz, tranquiliza a Rosario cunhas presurosas verbas, que lle trasmite a súa sirventa, íntima; e contendo as bágoas; soberba de dinidade, irada; sen outra ideia que a do aldraxe rescibido, escribe a Loís a seguinte carta:

"Non hai amor que reciba o noxo que veño de presenzar. ¿Que sería a miña vida, preto do home que tan baixo cae; no incurabre medo de velo ceder a tales escesos! Todo finou! todo finou, Loís, antre os dous! Non sei como levará meu curazón iste deber que a miña dinidade lle impón: escomasí: hei de sostelo, mais que moito me custe: e non quero chorar: non quero chorar, Loís! Detéstome por istas bágoas que caen mainiñamente riba do papel, sedento! Non son miñas: corresponden a unha endebrez, que deixa de ser hoxe a endebrez de unha nena; feita muller polo poderío da súa dor primeira! Pertenesceu a un amore, que ben coidei postrimeiro e úneco! ¿Que mala fada presidiu a miña nascencia! Non conoscín nai, e me dín que ben pouco lle debo ao que tiña o deber de sustituila. Deiche a miña ialma áveda de quereres, e heina de recoller, porque dela non és merescedor! Tan soio Deus me quer: soio no seu seo pode acougar hoxe a que todo perdeu, no breve espazo de algunhas horas. ¿Porque cedín á fantasía de Rosario! ¿por que te vin, un Loís, todo difrente do Loís que eu amei tanto!

O promeiro movimento do trastornado mozo, foi correr trala fuxida Xosefina: escadasí: respingou e quedouse. Ben comprendeu que debeu de facer algunha cousa reprensibre: "Nadia a leva! ¡Con somellante maneira de voar!!". Súpeto, tranquilouse. Trata de se lembrare: non recorda cousa que a poidese ferir ao modo. O seu acordo, ven e vai, "Verdade que tratou de obrigala a entrar nas Torres;

(¡unha brutalidá!) ¡o feito dun bébedo! mais... —o eixo da outra volta arredor do champán ¿quen dí que Loís Méndez está bébedo ¡a ver! ¡veña! ¡que se presente o que tal afirme!! ¿Quen viu bébedo ao home, namorado da poesía, do arte: ¡de Xosefina! ¡Se fora nun istantiño alá! ¡a desencabuxala, a adourala, a estreitala naqués brazos xigantes, que il coida crecen e dobran a súa musculatura, ao soio pensamento de sentila súa! Inda non a bicou: nunca ¡nunca! en dous anos de relaciós. ¿Non sería aquel o *momento chegado!*...

Xa está na aceira.

E... ¿que dirá cando aló chegue? ¡Pero que torpe ten naquela hora, a lingua e mailo acordo! ¿Tanto custa decirlle a un criado ou decirlle ao seu próisimo sogro: "Fágame vostede a fina obriganza de advertir á señorita Xosefina, a fin de que me resciba, para... para lle dar o promeiro bico *en aición* o promeiro bico *efeitivo* (a ninguén lle importa cantos lle puiden xa mandar dentro de cada carta: no medio de cada rengrón, disimuladiños en forma de estrela, cando ao comenzo facíana roxir, e molestábana. ¡Non vexo eu que a cousa teña nada de particular! Meu sogro pode ser testigo da miña correición. ¡Bicala!! —estrala os dedos e os revira no ár—. ¡Se soupera que un home... —¡eu mesmo!— poñía os beizos na cariña da miña Xosefina, arrincáballe os beizos coa vida! ¿Estarei bébedo, Siñor: estarei eu bébedo?...

Tornou ao bar. Entrou; sentouse e pediu:

—¡Champán! ¡Cando il se vexa libre de aquela sede que o esliga!

Dinantes precisa saber porque o deixou Xosefina, como se deixa a un neno: a un bébedo, a un tolo, a un brutanaz!

Cando o criado serviu o demandado, ergueuse Loís sen probalo: tirou un peso sobre da mesa, e fuxiu:

—Ben vas! —rumiou o mozo. E como estaba xa na copa, bebeu a traicioneira, escumosa bebida: gardou a moeda, e bendixo o antroido, o champán e os "señoritos *memos*".

IV

Chove. Loís arrepíase dentro do fino traxe de crianzo, que compón o seu disfraz. Soio a testa lle ferve; e dunha manotada librouna da gorriña neneira. A mansa auga peneireira cala as longas vestiduras. Loís dera un ano de vida por pasar aquel péndulo que se lle move dentro do cerebro: aquela disparatada ametralladora, que lanza pensamentos a eito, sin que il poida deter xamais o postreiro: ¡un! ¡calqueira que lle conceda a paz dun minuto! Apagouse a frebe de amores. Xa chorou a incorreición cometida con Xosefina: xa riu con ela mil chistes —tan incorreitos coma o conato de forza bruta intentado na porta das Torres—. ¡Aquela noite Loís non é Loís! El mesmo conósceo. Nin sociabilidade, nin inxenio, nin a súa doce compañeira, a cultura. Síntese "bruto" (tampouco lle acude verba que millor lle sone). ¿Non será que recorda o seu pasado? Ista ideia dú-

ralle tres ou catro segundos máis que as anteriores: e... escomenza unha fase nova, na que chorou a porfía: chorou a rego; coas baguillas, todas, do ceo. Chorou, en pensamento, sobre as frías pedras dun cimeterio de aldeia: polo irmán morto, pola irmá, viva..., pedindo cicais unha esmola mentres o engrandecido, o artista, o poeta, pintor de sona, que alcanzará a primeira medalla, na próisima Exposición, goza, trunfa, se emborracha, e... chora. O derradeiro Xuicio otopárao chorando, se os pés, —máis nobres que a testa— o non conduciran á propia casa-palacio: unha manificencia de marbres, bronces, tapices e brocados. Moito tempo debeu correr Loís as xa desertas rúas; pois un relós suspirou as tres. De cando en vez animábase o deserto, solicitado por unha multitude viciosa; que ruxía ou marmuraba mainamente, según o baile de donde saía correspondese *ao primeiro* ou *ao cuarto estado*. Era un lumiar, ben presto estinto; porque uns enfuscábanse nos seus carruaxes, e os outros degoraban por se sustraer ao frío dunha noite de febreiro.

Parado frente á súa casa, Loís pásase as mans polos ollos. ¡Vamos!; o péndulo non parou, e a película sigue desenrolándose. Naquela hora en que todo e *todos* deben dormir, no seu vividoiro, ve Loís unha iluminación profusa, e sombras que van e veñen... (na casa, ou na súa chola, que inda non cesou de xirar?) con apresuramento de grande —boa ou mala— loia. Crara e distintamente advirte varios automóviles, que na porta esperan polos seus donos. Dun pulo, chégase Loís á porteiría, ¡á porteiría rebosando xentes estranas!

—¡Que pasa, Manuel? ¡Que siñifica todo iste movemento?

Adiántase o home: ríxido, anotado, mistereoso; todo dunha peza:

—¡Fora deiquí! ¿Quen lle permite!... ¡Si! que estamos para máscaras!...

Arrincou Loís o antifaz... (cicais o péndulo que movía a man da tolez; porque agora sabe ben quen é Loís: o que deseia, e o que lle oprime o seo.

—¡O señorito! ¡perdón!!

—¿Que pasa!

—Non sei si debo...

¿Queres ser despedido no acto?

—O señor, seu pai...

—¡Que!

—Púxose repentinamente enfermo!... A súa doenza... o seu mal! ¡Mentres seu fillo se emborrachaba como un brutanaz!

Perdéronse as verbas ditas, na escaleira que rube catro a catro. Alí, no primeiro piso, un silenzo morredoiro: os criados, todos, nos seus postos, tesos, asombrecidos. Ollábanno con dor, mais sen se astrever a falar co que nada tampouco lles preguntaba.

Foise direito ao durmitoiro. ¡Nada! Todo silenzo e recollemento. Oiu falas no despacho, e brincou dentro... ¡Malaventurado Loís!

Alí estaba, tendido nun sofá, o que sempre considerou e chamou "pai": livido, morto, caido-los brazos: rexos, despeiteado-los curtos cabelos, que arrodeaban unha calva brilante, cuidada, reluscente os

ollos entornados: crispada a boca, nun rictus de amargor, que era a supremidade da amargura postreira. Un fío de sangue, seco, anegrecido, sinalando a causa da morte; dende a sen, hastra perderse polo rostro abaixo, dentro das roupas que empapaba. O sombreiro no chan.

¡Meu pai!! ¡O paiciño da miña alma!! De xionllos en terra, abrázao, bícao: atolece. ¡E cal irrisión, como a irrisión daquel traxe de crianzo, distinxido, mollado, hora lixugado con sangue da vítima: vítima dos propios desacertos, da vaidade ambente: dunha falla compreta de enerxía moral, que non soupo ampararse na enerxía, mais na forza doutra vontade superior.

Alí están: o maordomo, o axuda de cámara: todos perto do amo. Máis lonxe, o médico; que chegou tarde: o confesor, que non o confesará máis! Todos rodean agora o desventuradiño rapaz. El non os oie nin menos pode prestarlles atención. ¿Que importa *cando e como?* ¡O feito: o grande feito que lle destroza á par alma e vida, está alí: naquela terrible interrogación de eternidade!

Tan soio o Xuez tivo autoridade abondo para o soparar algúns istantes do seu morto querido. Nun bolsillo interior toparon unha carta, dirixida: "Ao meu amado fillo".

Antre saloucos roucos! —e dimpois de facer saír a todos— conqueriu o Xuez que Loís lese o que sigue:

Perdón, fillo: meu fillo benquerido. ¡Non podo vivir, porque todo é falso na miña eisistencia; falsa a miña riqueza, que nunca deixou de ser a riqueza dos outros, liberalmente entregada nas miñas mans; as mans dun home que morre, cando comenza a non poder pagar; falsa unha virtude, que adimitiu vicios costosos; falsa unha relixión, que confesa somentes aquelo que lle convén; unha moda señoreira: a relixión convencional que fai move-los beizos, e recúa diante das pechadas portas da ialma!: ¡falsa a morte dos teus pais, que viven no curro dunha aldeia galega, montañosa e lexana! No meu escritorio toparás cantos datos precises para poder chegar a iles, probando a túa identicidade. Roga por min meu fillo!; roga por iste mísero, que quixera vivir e non pode: ¡Como lle responder mañán a aqueles que me consideraron delicado e probo! ¡Como vivir sen fertuna, sen goces, sen crédito. ¡Quixera morrer coa santa cruz no peito, e guíndome no desconoscido, levado da man polo insensato suicido! ¡A morte dos rebeldes! ¡dos que negan a un Pai Supremo, a potestade úneca de absolver ou de condenar. Por medo aos homes lánzome na escuridade da eterna dúbida sen guía: sen o cirio, bendito, capaz de alumeala; sen fé nunha misericordia que non podo esperar, porque a non merezo. ¡Sen esperas, meu Loís! morto xa en vida: acuciado polo único que ainda rexurde en min: a concencia medoñenta, espavorecida, que pecha os ollos diante de Deus, e ábreos, acesos e atolecidos, fuxindo á sombra dos temidos acreedores! ¿Nin como te dicir a ti, meu Loís: "Iste home que voluntariamente se convirtiu en teu pai: que te arrincou do seo materno por fantástica cobiza dunha inmerescida paternidade: que te iniciou na vida dos ricos, dándoche tódalas imprescindibres necesidades, intenta fuxir, deixándote á par

horfo, probe, desesperado! ¡Non me disculpes, Loís! ¡Non me perdones! Por que eu sei ben que o mundo ha choí-las portas do mozo sen fertuna; sei que o pai da túa Xosefina (¿comprendes agora o meu degoro polo termo da túa carreira artística xa que en calquer outra tiñas que camiñar máis despacio? ise home, pródigo, vicioso, mal pai, daralle a filla ao últemo vago, aristócrata; mais nunca a un marido, cuios fillos poidan ser alcumados; "os netos do zoqueiro"! Istas leises son as leises que hoxe me matan. Non teño azos para estribar en outras ista miña triste vellez. ¿Ves, Loís, como non teño máis remedio que a morte?

Adiós, meu Loís. Nin tan xiquer me resta a consolación de te dicir "¡hastra aló!". ¡Non! Ben sei que na vida dos xustos non atoparás xamais o teu malaventurado Pai.

A medida que le, o rostro de Loís marca as diversas estaciós daquel camiño de dor; lástima, rebeldía interna contra a postreira confesa do home que, canta a Deus, tornando a testa, para ollar alí, onde coida non pode escoitalo; que noma "concencia", no acto de se desprender cobardemente dunha vida... ¡como se houbese vida incapaz de solución!: ¡incapaz de retornar algo do moito que con ela recibese en feudo! Logo, sentíndose "orfo, probe, desesperado..." érguese en toda a súa brava garridez, como mineiro enfocado baixo as terras que se anticipan a lle dar sepultura: soio, e en tiniebras, multiprica as súas forzas, e sálvase, pola razón suprema dun supremo istinto de conservación. ¡Todo perdido! ¿todo?... ¿e aquel golfarón, e aquel ímpetu, aquela xuventude, que a rentes da morte, bérralle a Loís: ¡"Vive"! Non salouca, non chora, debátese. ¿Case non pensa! ¡Como podería pensar frente aquel despoxo; frente aquela desfeita total, á beira do seu pai desparescido: ¿morto *tan soio?* ¡Non! *¡suicidado!* Co mesmo santo respeto, bícao; ocúpase dil, nada máis que dil! Dimpois... ¡dimpois remexerá, o sepultado mineiro, na terra, nas pedras que lle pechan a entrada do ar, da luz, da vida). Olla cal se ergue; diante un sendeiro espiñoso e escuro; unha bouza, inda maior; unha toxeira inculta! Atrás queda morto un pasado bizoso, grumido, sorrente! Mais da outra banda da custa piosa, Loís divisa unha luciña roxa... unha estrela que alumea mainiñamente... aquela muller! ¡o seo do que foi arrincado..., misere, famento..., ispido... ¿non é con todo, o curazón dunha nai! Pois se debe vivir sen amore, nin riquezas, nin os honores que hastra o día lle foron debidos, poida acougar no quentor e a moleza dun peito de muller, amantísima, as duras coitas que hoxe o magoan... sospirar alí, forte; alentar pra se desenguedellare dos *escombros;* e... Deus enriba, e a súa nai embaixo... ¡nin "orfo", nin "probe", nin menos "desesperado"!

Amañeceu. Nos vidros, cubertos de xiada, pintouse a primeira sorrisa do alboreio. Tan lívido como o morto, que amostra na boca, nas narices, nas capelas dos ollos, isas verdosas negreces —comenzo da descomposición orgánica—, Loís rixe, con inusitada gravedade, a vida que arredor diles se desenrola. Contesta ás mil preguntas: dispón o traslado do corpo, ríxido á caixa —leito postreiro; leito fráxil

dunha fraxilidade que será presto cinza. El mesmo axudou na mortuoria tarea. Adimírase da súa forza moral. Nin bágoas, nin convulsiós dos apadumados nervos. Todo está dentro; naquel curazón que brinca e bátese como crianzo alento, ou cae nunha morna soñeira tráxica, que alcende nos ollos do abandoado, as luces das doenzas físicas.

¡As xentes!! Ben llo advirtiu a carta do seu pai! ¡aquel inferno de queixas, de ironías, de dúbidas, de maldiciós! E a todos rescibe Loís, a todos esperancia, a todos acouga. O rapaz da víspora tornouse vello en ben poucas horas! Houbera presidido aquela manifestación de repulsa co esgazado, mollado disfraz que vistiuno de felicidade en próxima tarde, inesquencida, a non mostrarllo ao maordomo, con dórido, respeitoso xesto. E Loís alporizouse, sorprendéndose vestido a maneira. Ora, enloitado, somella outro Loís, novo: inda máis alto, máis arrogante, máis home. Márranlle a dita e a sorrisa do rapaz ditoso. Moi cedo entregáronlle a carta de Xosefina. O cravo penetrou moi adentro naquela alma esconsolada; espetouse na carne viva. ¡Horror!... Non era o pai, vicioso e necio, era a filla!: a nena santa, a virtuosa, ¡a namorada! Fuxía da miseria: esbarada dos brazos, que se lle tendían, en demanda de misericordia!... ¿Tería razón o home que preferiu a morte, dinantes de afrontar tales vergonzas? O mineiro perde forzas, e coida millor deixarse morrer, sen renova-lo esforzo. ¡Que soedade pousa na súa vida, o canto, baldeiro, daquel amor de muller!

Algúns comentaron que o que presidiu o enterro e fixo frente o intrés, a curiosidade, e a dipromacia púbrica, non foi Loís Méndez, senón unha arrogancia: o esforzo viril dunha vontade de home, encerrada na mañificencia dunha pulida estatua de marbre. Ao retornar do cimiterio, brizado, mais non vencido, unha vez soio, encerrouse no despacho; abriu, rexistrou caixós; retirou o contido da caixa de ferro: chamou ao segredario íntimo: ollaron libros, fixeron contas... ¡Sempre un déficit de algúns miles de duros! Tomáronse as xoias de (Dios perdone!) a doce muller que se recreou chamándolle "fillo"! Mobles, tapices, xoguetes estranos; (o refinamento das máis lonxanas comarcas do mundo) ¡as alhaxas de Loís! ¡as roupas de todos! ¡Todo é diñeiro que debe dar diñeiro! incrinado sobre os papés, e os libros, a frente sudenta: totalmente esquencida a súa persoalidade particular, o fillo do Banqueiro" conta, suma, resta, ¡respira! Quedan apenas algunhas pesetas que il pagará máis tarde"!

O segredario, que foi, do suicidado, apértalle as mans en sinal de admiración, de afeuto: ¿Onde vai o Loís xoven, alegre, artista, gastador! ¡O Loís do martes de Antroido!

—Pero vostede?... precisará fina-los seus estudos... estabrecerse!... ¡vivir!

—Ora, Xulio, non se precisa máis que pagar! Sen esta obrigación houbera morto xa de dor... ¡e de vergonza!

Dúas noites sen dormir, non o venceron.

A Xusticia arredou dunha casa, onde a xusticia facíase soia; e inda *afacíase,* como no seu propio tempro.

Posto todo en venda, pensou Loís por primeira vez en si mesmo. Velahí a carta que dirixiu a Xosefina:

"Lonxe de min a idea de forzar xamais a vosa vontade. Cun átimo máis de pacencia, houberades rescibido a satisfaición de vos sentir prenamente comprendida. Loís Méndez morreu, xa que non é ise o meu nome, nin o debeu de ser xamais. Perdón polo engano, que o non foi senón a medias, posto que me tardaba o revelarvos o segredo da miña humildosa nascencia. Cedín a rogo do meu disgraciado pai de adopción. Loís Rodríguez, fillo de míseres labregos, hónrase con selo, e retorna á señorita Xosefina de Heredia a súa promesa de esponsales: retórnalle, así mesmo, cartas, retratos, lembranzas!... Todo elle debido de direito, garda tan soio o seu amor, porque é seu, e ninguén llo arrincará do curazón que lle serviu de berce. Quédome tamén co curazón de Loís Méndez Brigo!

Non se laie nin se doia de min! Son home: creo en Deus, e teño nai! Fágaa —o Deus dos humildes— tan ditosa como eu soñei facela!, como por vida llo rogará.

Loís Rodríguez

Non lla puideron entregar en propia man, según desexo de quen a remitiu; porque Xosefina, enferma no leito, estaba gardada pola súa curmán Rosario: e o médico, en espeitativa, recomendou gran coidado coas emocións que poidera trubala fondamente.

Dinantes de poñe-lo pé no estribo do taxis, virouse Loís nunha peza: ¡"Adiós a casa, que foi fogar bendito! ¡Adiós, nai, que mereciche selo, pola grandeza do teu amor! ¡Morto querido!: ¡honrado e respetado quedas"!

Síntese Loís esmorecer: mais recobrándose, rube dun pulo, séntase, e déixase levar, non sen antes dicir adiós á vella sirvidume. ¡Xosefina! ¡A súa vida, toda! O seu pasado lisonxeiro e raioso!

Cada hora un amargor, correron as cuitadas horas, para Loís, hastra o fin e remate daquel inesquencido viaxe! Deixou o tren, e deixou máis tarde o automóvil de línea, e camiñou a pé: aterecido pola neve dos dores, inda máis que pola friaxe daquela rúbea mañán de inverno, asoleada e doce! O meigo sol da terra adurme o fin, doores e lembranzas: e sal o sol, trunfante, na anubada almiña de home neno. As longas corredoiras, mistereosas; o gandaron que separa amas parroquias: os arbres, ispidos; os grandes racimos de fror de acacia; o pampillo, a carqueixa, o samargo... o asubío dos carros, o rouco oubeo dos cans, ¡as fumaredas rescendentes!... ¡son vellos amigos, que saúdan o repatriado, saíndo ao seu encontro...; chamándoo, bicándoo... ¡aloumiñándoo!

Loís inquire, pregunta. Tamén a morte visitou Cobo. Naquela crua invernía, *enterráronse* Anuca de Rodríguez, e seu pai, "O zoqueiro"! !"Aquela Anuquiña, que era o encanto de todos"!... "¿A nai? ¡Esa vive —do que é mal!—, ¡vive: mais que velliña e desamparada! Alí dimpois do cómaro, na cume máis piosa do monte! na

casiña que mira sempre ao sol (porque, senón, alcumaríana "Alborelle"?).

Alí está! Alí a descobre Loís: probe, ¡mui probemente vestida! ¡limpa, como as mismiñas ondas da auga! Desparescida, baixo uns empreixos que mal sostén nos sarmentosos brazos.

..."¿A muller do zoqueiro?... ¡A que perdeu un fillo, vivo, e viviu sempre na súa santa lembranza! ¡A *perdidosa*, que todo perdeu! ¡fillos, home"!

—¡A miña naiciña!!

Esmorecéuselle nos brazos. Espatárona os bicos do seu Loís. Ela agárrao, contémprao, apértao, ¡chora! "O seu neniño: *¡seu!* Naide llo levaría, de aquela en diante! O fillo máis querido! ¡O lonxano! ¡o deseado, o que nunca chegaba! ¡o que ela pariu dúas veces"!...

E afundía a testa de neve nas mans de Loís, que acaloumiñábaa, tenro.

—¿Abofé non te soparará́s de min!

—Abofé non a soparárei de min!

¡Loís! ¡Asubían as pegas pola dreita! ¡Hoxe morreu un home disgraciado!

—¡Nai! ¡Érguense as frores da roseira! ¡Hoxe alboreou a ialma dun fillo! ¡quietiña! Non se me mova! ¡Eisí! Os bucres ao vento: as bágoas rebulindo nos ollos!... ¿Que quero? ¡Xa non quero, nin deseio nada; teño canto apetezo! ¡o meu cadro, o meu trunfo! ¡Conquistareille a groria a miña naiciña, santa!

—¡E chora!

—¡Choro polo sol, que se foi e non torna!; ¡choro a filla que non lle puiden traer!

. . . . . .

O amor do lume, le Loís aquela mesma noite:

Sr. D. Loís Rodríguez,

no alto do Cobo, en

Oleiros.

Loís! ¡meu ben Amado Loís! Déboche moitos perdós: ¡todos! menos o perdón dun esquencemento, dun desamor, que xamais sentín! ¡Débesme un grande perdón! ¡Dudache unha noite da túa amantísima Xosefina. Tamén eu cobizo nai, Loís: ¿non o sabías?

A señorita Xosefina de Heredia demanda en esponsales a Loís Rodríguez, do alto de Cobo, en Oleiros!... (¿non decides os homes que chegará un día en que as mulleriñas trastocarán os papés?...). ¡Ven a buscarme, Loís! ¡Non agardes a que a túa Xosefina se disfrace de novo, gardando toda a súa vida aquel seu bengracioso traxe de aldeán! Nun belo día, ista orfa, se tardas, presentarase en Cobo, onde a espera a salvagarda da nai común. (¡Casarémonos nisa Igresiña montañosa, toda coberta con frores de laranxeiros?...). Non sei que dirá o meu pai: abóndame con saber o que canta o meu curazón! Chegarei, Loís, chegarei! *¿que mal pode haber niso?* ¡Escadasí;

na túa montaña, abogosa ¿non se venderá champán?... ¡Abre os teus brazos Loís! ¡A túa prometida arde por refuxarse niles.

P. S. Os meus curmáns Nesver, Montalvo de te mandan perdón do sucedido; e pretenden apadriñarnos, a troque de que lles bauticemo-lo fillo que esperan. Respondinlles que se dirixan *ao meu señor...*

—¡Nai! ¡nai! ¡naiciña!

—¿Chamabas, curanzón!

—¡Nai!! ¡As pegas mintíronlle! ¡Hoxe bautizouse un home feliz! ¡Co santo óleo dos Ceos! ¡No nome de Cristo, perdonador de aldraxes!

¡Canto lle quero, ouh, nai!!

Oleiros, Nadal 8-1924.

A NETA DA NAIPEIRA *

NOVELIÑA

Elo ocurriu nunha disas aldeias ridentes: cunchiñas mariñáns que somellan nascidas dun bico da luz no seo escumante das súas amadas rías.

Terra adrento, camiño da camposa, arxilaba as súas aliñas mouras o pequeno muiño que lindaba ca casa da Naipeira; máis moura que o muiño: ende mal, sen aas; anque as xentes lle atribuían ben as dos anxos, ben as do demo, según a sorte, baril ou cativa, que desentranábase na maraña enmeigada daqueles naipes larafuzados, dobrados, teixos. Era a Naipeira unha muller pequena e redondecha como unha piola; ben graciosa e galana como roibéns de día morredoiro. ¡Abofé! ¡Debeu de tentala o demo nos seus quince anos raiosos!: i ela contaba —coa máis meiga xentileza do mundo— que tan soio pola súa gracia casou co home máis guapo da parroquia, o defunto "Barre-bostas", alcume herdado dos vellos; pois o "Barre-bostas" mudaba a súa roupiña cada oito días —dendes que retornara da América— i era home que non se deixaba aforcar por... seis ou sete pares de calzados.

Elo, o certo foi que na súa viudez, a Naipeira non apañou máis ben que aquelas roupiñas (roupiñas que non lle fixeron xeito, por non ter máis fruto do "Barre-bostas" que cinco rapaciñas cativas) e os calzados que a trillaban (afeita ás zocas) e dos que houbo de separare o par máis lustroso pra que o defunto loscira, morto, tanto como o probiño fachendara, vivo; paseándoos, de cote, polos camiños, pendurados na moca, e apricándolles o seu verdadeiro uso en romaxes, velatorios, casamentos, antroido, etc., etc. A parexa, mailas picariñas, comían pola noite o que polo día traballaban; e a Naipeira, viuda, ollou de frente a nova vida, sen compaña e sen pan e douse a cavilar, como Fausto (mais que ela non tiña a compracencia de conoscer tan istranos nomes), na maneira de facer rexurdir o tempo ido. Non era muller de se afogare nunha pinga de auga, escadasí acaíalle mal a aixada e lle non acaía millor a servidume. O seu curazón, adolorido, arripiouse diante do pantasma da fame. Aquelas criaturiñas, atrás dela, co seu eterno tanganillo "¡pan!... ¡pan!... ¡dame pan, nanai!...". ¡E que aquela vociña mansa, soñáballe, alma adrento, mesmo como lle sonaran pouco había, as folgas,

* Publicado na revista *Nós*, n.º 6, 20 de agosto de 1921.

berrando, dende o bandalo da campán, ferruxenta: ¡tin!... ¡tan!... ¡Os que se foron "non volven máis"!! A Naipeira descorazonouse un pulo. Foi polo mes de Santiago, cando recibiu "aquela visita del Señor"; pola mañán, a romper de día, guindaba as fillas fóra da casa: "fdelles dicir ós viciños que tedes fame, e que non hai fregoliña de broa", e a brincar a máis pequecha, a Loliña, atrás das outras, pillábaa no voo e afanábaa pra drento; pechaba, botaba o ferrollo, erguíaa no colo, e brincando como outra nena, apañaba na artesa as barredallas dun pequeno cocedoiro, estinto: alcendía o lume con catro garpallos, máceres, e facíalle un boliño, do que ela non probaba rapa! (¡). A súa concencia berráballe ás veces: "¡Non seias Meiga, Marica! ¿Seique as outras non son as túas fillas? ¿Non as trouxeches nas illargas, no canto onde a trouxeches a ela? ¿Non a pariche tamén no delor?"... E acalaba a concencia cos bicos tolos, pousados a feixe nas faceiras quentiñas e molaregas da súa Loliña; embicándoa coa derradeira cunca de caldo, lavado, que lle puido afanar o pote; coa fariña de tres espigas raposas, co muiñeiro lle moía, sen paga-la maquía... "¡Anda, ho, anda!... ¡pola ánema bendita de quen tes no outro mundo!". E cando se resistía facendo mofa daquela tonaxe... "¡Faino, Farruco, móema, pra que noso Señor te arrede dunha cárcere!". (Non sei que conta tiña coa xusticia o muiñeiro de Castelo, que aquel rogo domábao sempre).

Un día, non tivo que lle dar á Loliña: nen caldo, nen fariña, e pillándoa nos brazos, e ollándoa longamente e ben de preto, mesmo como si quixera ritratala no bugallo dos ollos... (¡ai, ser... era a cariña, toda, do fenecido "Barre-bostas"!) botou a correr camiño de Sada; quería *saber*. Alí, pe dun regato cantareiro, beira do mesmo Taravelo, petou nunha portiña baixa, non sen asegurarse, dinantes, da compreta soedade daqueles paraxes.

—¿Quen é?

—¡Son eu, tía Chinta! ¡A "Barre-bostas" do Castelo! —berraban, cal se as dúas fosen xordas de amos oídos...

—¡Pois entra, filla, entra, e bota a porta, que eu non podo deixar o meu laboriño!

E máis entrou, avaladiza, latexando pra demandare... "unha volta: unha rolda das cartas". Sentouse nunha maceira emborcada, a filla apertuxada contra o seo.

—...¿Ves ti somentes polas cartas?... ¡Non te me repoñas, que *todas* somos mulleres e a muller *do seu home* pode ben entrar por isa porta coa cara moi resoña e moi limpa. ¡A ver! ¡corta!... ¡non! ¡coa man esquerda, muller! —alucando as cartas con moito tempero—. ...Hai eiquí un home, viudo, que che fai as veiras, inda que se non amostrou, nen o fará tan longo; e outro... —¡arre, diaño!...— outro... que cobra polo Rei...; ¡é un espada! ¡hai unha picardía polo medio!... (velahí o as de bastos) ¡é unha vitoria, con diñeiro e con carta, de por parte! Elo... ¿non tes ti algún calzado que te trille?... niste catro de bastos vexo "cousas perdidas"; roubáronche, por forza, unha peza de roupa, ou teñen mentes de cha roubar moi logo... ¡Que fas, que non atendes!

—Pois mire, tía Chinta: alucáballe o leito, tan portado; o cabezal, garnido de puntillas; ¡tantas guapas imaxes, que aquí ten! E... todo isto... ¿Ganouno soiamentes coa baraxa? ¡Tanto ben e riqueza...! ¿saíron disas cartas, retorcidas? ¿dos esquirtos que vende, pra bo fadar das bestas? E diga, tía Chinta, ¿que vou ser eu, no camiño pechado dunha vida, falla de compañeiro? Cando chegue a invernía e non haxa ameixeiros polos campos adiante..., nen amoras..., nen érbedos..., nen tan xiquer nocellas pra lles ingaña-la fame ás miñas fillas.

E tía Chinta tivo un xesto de alta sabencia, diño á sona que enche de prata a súa faldriqueira de terliz; i erguendo a súa testa, e siñalando o ceo, lle respondiu, visolitrada e meiga:

—Pois ti... ¡ti serás "naipeira"!

* *
*

Quixo Deus que a vella tía Chinta vivise pouco tempo. Dinantes de morrer, chamou por Marica (do "Barre-bostas" de Castelo) e faloulle, mainiña, dista sorte:

—Escoita, Mariquiña: eu non hei de vivir; por máis que o sinta: eu non teño familia, nen maiores obrigas; teño, por outra, unha vella débeda, que consumirá canto na casa gardo: un pouco de diñeiro, as roupas, os almallos, as galiñas. Mento facerche un grande favor e podes estimarmo. Pilla aquela peneira; pona ensí... cu pra riba...: ¡anda axiña, que non che me gusta nada ista goldra que fai poches no meu peito!

E tirando de cartas, dou unhas cumpridas leuciós á "Barre-bostas" e decíalle, antre cartilorio e cartilorio:

—¿Ti ves aquela Deloriosa, sorrindo, no acougo do seu camariño?... [1]. ¡Miña Santa querida! Na primeira semán que a merquei, ¡tróugome catorce pesos á casa! Rézolle todo o día, namentras non me chegan os meus siareiros...; cada trinta paternostres fan unha misa... ¡e hai días que lles dou a volta, e fago tres *ondas!*... Rézolle... ¡a sesenta!... ¡a noventa paternostres! ¡E os meus santiños mirando sempre por min!... E namentras estou nista cama, ¡veñen as avelaíñas del Señor!... saen dalí... —señalando o curro donde descansa o pequeno camariño da Virxen, e o muro, no que se ven pendurados dúas ou tres dúceas de cadriños con estampas santas: arriba, en baixo, arredor: é unha parede sementada de Santiños, grandes e pequenos, conoscidos e máis iñorados, dende a Virxen feitiña, coa coroniña de ouro e o ramalliño verde nas mans encrucilladas, hastra o mozo guerreiro con calzas pretas, capiña voandeira i espada na erguida man vencedoira.

—...Veñen dalí, bulindo e rebulindo... e véñense pousare no meu peito.

—Eu coidei que eran vermios da couce... ¡e tiráballes a matar sen doo!...

---

[1] Tipos e costumes copeadas do natural (N. da A.).

—¡Non, Mariquiña! ¡Non mate-las avelaíñas, que son avisos de Noso Señor! Onte veu unha, grande... vizosa... ¡lumieira! Un siareiro que buscaba a súa sorte nas cartas, gozábase nela. "¡Mirai tía Chinta! ¡Mirade a miña sorte que arrecacha!". I eu... caladiña... seguíaa nos seus voos, e sorría por aquela espera murchada... A velaíña topou, ó fin, o camiño da verdade, e veu pousarse eiquí..., como todas... no seo que lles quere ben. E inda non alboreaba... ¡pum! ¡pum!... petaban na miña porta... ¡e alí estaba a boa nova! ¡a prata! ¡o meu canxe!: ¡o choíño xeitoso, redondo! ¡o bó touciño pras tortas! ¡as dondas cobriciós pra acallenta-lo corpiño vello dista tía Chinta, que non sei como tanto lles meresce ós Santos!

* *
*

Dinantes de lle pecha-los ollos á *sabia,* tomou Marica naipes, bortel, rosarios —habíaos, tamén, onde queira que os sostiña un cravo— arrebuxouno todo nunha regazada (nimbadas de avelaíñas mouras); entornoulle as capelas dos ollos, botoulle unha oración, sarrapicouna con auga bendita (de sete Páscoas), dicindo, a tempo que as abaneaba o ramucho de oliva, sobre o corpiño consumido: "Nome do Pai, e do Fillo, e do Santo Spirtu!... ¡Deus te garde na súa santa paz! —e moi pertiño do oído—: "Daraslle memorias ó meu Xaquín... (¡ti sabes ben!... ¡o "Barre-bostas" do Castelo!"). Dimpois requiriu ás avelaíñas: "Se sodes pelengrinciñas do Ceo, ben chegadas vos miren istes meus ollos pecadores! Se vides das negreces do lume..., ¡arrenegadas seades, por séculos de séculos, amén!".

Poucos días máis tarde vendíanse á poxa tódolos bens da tía Chinta: camariño, Santa Virxen, cadriños, cómoda, leito, cunchas —lembranza de moitos mares alongados...—. Todo mercou a "Barre-bostas" (con diñeiro emprestado), mais ainda aquel nome e sona de Naipeira que a fixo dona de segredos, de loitas, de almas, de concencias! O eco do chirrido aspro das aliñas do muíño concertáronse farsas, descontromiñáronse bodas —¡antroidadas spirtuales!—, vendéronse, por milleiras os *esquirtos* pra arredar de todo mal os animás de galla; proporcionáronse xaropos pra se astrucia-lo amor dista, o diñeiro de aquil... ¡mentiuse pola vella! Se non podemos afirmar que o demo trunfaba, xuráramos que o Spirtu do Altísimo non se deixaba ver por ningures e aquela súa Diviña Nai aparescíaselles a todos de cada vez máis agrimadiña, máis melanconiosa: testigo mudo da falsía, da superstición, do ingano.

¡El como aquel! A Naipeira pagou axiña o seu choio e as súas fillas non volveron a xantar érbedos, ameixós, nocellas...; nen as desbotaron os veciños cunha mala razón, cansos de velas na súa porta. O muiñeiro moía e cobraba boas maquías, e a naipeira gastaba a reu saias de baeta ou de pano, sagals amarelos (pola mor do reuma), chambras de lenzo padroeiro, panos santiagueses estrelados de frores e frecos. ¡Se non fora aquela súa Loliña que lle acababa a vida! Unha tras doutra, fóranse casando as súas irmáns: ista, co fillo do segredario; esta outra cun ricacho de Cuco do Río; aquela, cun ché enguedellado na gracia hereditaria dos "Barre-bostas"; a

Santa María de Oleiros - La Coruña: Jueves = 12 agosto = 1.948

Muy querida y muy recordada Mariquiña: Perdona si recibes esta, después de tu fiesta onomástica y la de Dé (y nuestra,) María: quiera Nuestro Señor colmarte de todo lo que mereces: No pudo ir esta carta, ayer, porque (aunque nó de gravedad, gracias a Nuestro Divino querido,) Tuve a Carmiña enferma y aún no está bién; por eso no la dejo escribir, dado que la mareaba.

Dé a tu María Luisa, que le deseo todos los bienes a que la consideramos acreedora; (lo mismo le dice Carmiña:), Es tan joven y tan bonita y tan interesante! Tal vez me-nos pensado, "filliña" te quedas sin ella; pero es el camino de la mujer y lo mismo te digo de tus encantadoras hermanas. Si piensas como nuestra madre (¡tan buena y tan santa!) aunque es el camino de la mujer, es, en los primeros tiempos un cantazo de melancolía; sobre todo, si no se quedan en casa. ¡Que la Virgen te marque, repito, su camino.

Un abrazo a tu maridiño, (no dirás que la aldea no se retarce de nuestro bendito dialecto) y recuerdos mucho cariño de vuestra, muy vues-tra Paca

máis vella (unha morenota que daba xenio; cuns ollos, mesmo da parentela da "estrela da fartura") namoricouse dun canteiro ó xeito, e... ¡a ela! En oito, ou dez anos, viuse a Naipeira arrodeada de meixelas mouriscas e de luceiros feitos ollos... ¡E aquela Loliña, pola que daríaas a todas, sen noivo, sen amor, tristeira, branquexada o mesmiño que a imaxen do camariño; levando tamén loito, máis que enmascarado en hábeto, pola correíña que pende na centura, mais polas sete espadas, ¡tan cucas! que somellan crucificarlle o peito.

¿Cree ou non cree Loliña no arte do cartilorio? Algunha vez, arrautada, matou nun arrabecho aquelas avelaíñas que no seu sintir trizábanlle a mantilla no fondo da ucha. Doutra emposta estremeceuse, cando ó desvia-lo corpo do vello balcón —dimpois dunha festa dos ollos, alucando a ría, os montes, o sol alaranxado, o día morredoiro— apercibiu a naiciña (¡que tanto amorío lle daba!) debruzada sobre unha mesa coxa, sen levantar ollo de dúas ou tres baraxas esparramadas; pillando ista carta; deixando aquela outra; baraxando cen veces pra lles zunguir o mísere segredo dunha vida que tan soio a Deus llo debía. Abesullando as ansias dos siareiros, escoitando o trogo da súa nai, avalado conguerizos témeros, demandéndose co frío que arripiaba, baixaba dos montes ou rubía da ría, ou nascía daquela maldecida baraxa meiga.

E Loliña namorouse ó fin e lonxe de se esquencer das súas loitas de muller crecente; a loita sobrepúxose, asolagouna, venceuna; por os que ela miraba e máis amaba como próisimos sogros, tan presto foron en conocemento dos namorouzos, repudiárona como amiga, i embarcaron o fillo, medoñentos de velo enfeitizado polas artes, ruís, da Naipeira. ¡Nada menos que afillado do cura, era "O Roxo", aquel rapazote de bon porte e fidalgas maneiras: alto, corpudo, roibo; o partido máis rexo do Castelo; un corpo de xigante; unha almiña bendita. E... ¡por que non o embarcaron antes! Pra Lola foi tarde... ¡demasiado tarde xa! ¡Mais conviña en que facían ben!... (¡anque ela morrese na demanda!). O Roxo era diño doutra caste; ¡nunca pra se abaixar á filla dunha *sabia,* mitá mintireira, mitá meiga... (¡soupera ela donde finaba a bouga e onde comenzaba o meigallo!). ¡Meiga!... Fuxe, fuxe, pecado, que aquela "meiga" era a naiciña de Lola: unha bendita nai amorosiña: a que enxendrou sen dúbida a cántiga:

Miña nai, miña naiciña,
Como a miña nai ningunha:
Ela quéntame a cariña
Coa calorciña da súa [2].

¡Cantas veces a durmiu a ela, pequeniña, arrechegándoa contra o peito e quentándolle a cariña co folgo do seo materno, nun fogar valdeiro e friento!

A cariña da Deloriosa esbáese..., a de Loliña perde cores e carnes: ¡dixérase que van as duas á tema!

---

[2] Cancioneiro do pobo (N. da A.).

Unha mañán da máis cenza invernía, a Naipeira chamou en van pola súa filla, pra lle servi-lo almorzo. Nen viva, nen morta. Berroulle; xuntouse a xente toda do rueiro; a nai por diante (en cabelo, arrincando adoecida, os bucres acanados, que foron orgullo da súa filliña ausente, desabotonada, ronca de berrar, de pregar, ¡de brasfemar!); recorreron estradas, curripas, custas piosas, aldeias, montes, praias. Pidíronlla ás escumas impiedosas da ría, buscáronna na represa do muíño, demandoulla, a nai, atolecida, ós ecos, ós aires, ¡ós Ceos! Chegouse á Virxen *que lle traía os choios*... e sacouna do seu camariño ...e petando coa frente no taboado, berráballe:

—¿Que mal che fixen eu?... pero, ¿que mal, o Diosiño querido? ¡Ti, miña Señora, que sofriches diste mesmo mal de saudades morredoiras!... ¿Que fixen eu que non fixeran outras? Eu non matei, eu non vertín sangue alleo. Non arroubei, que mo deron... ¡mais malo de iles que nasceron bobos! Mentín: *iso é verdade*... mentín e trabuqueinos... ¡mais fíxeno polo precuro e a saúde das miñas fillas! ¡Minto! ¡minto e reminto! ¡minto sempre! pro, Ti, miña querida, ti sabes ben que o fixen... que o fago por Loliña. ¡Tórnama, nai de Cristo! ¡Pola Coroa de espiñas!... ¡Polo sangue vertido no Calvario!

* *
*

Anoiteceu o martes de Antroido. A paisanaxe mascarada, ou soiamentes tiznada co ferruxe do lume, corre, persíguese, brinca, danza, axouta. Troulean os mozos, fan trasnadas os rapaces, os vellos se revén, cada un nos seus, rín a estoupare; comen castañas, filloas, orellas; beben resolio, ou caña. Todos viven e gozan; sóio reina o silenzo no achousado vividoiro da Naipeira; pasou a tarde atrás do seu alboio, tirada, sen tremar, sobre a dura friaxe duns tumbelos. No lusco-fusco retirouse adrento...

—¿Ves con nós, bolitiña? ¡Anda, que temos filloas e molete!

—¡Vaite! (Vai, queridiño). ¡Non che teño prestanza pra nada!

—¿Choras sempre *á nosa* Loliña?

—Non me rompa-las cordas do curazón: vaite, prendiña.

—E se non chega ¿chorarala sempre? ¡Sempre, sempre, polo día e pola noite?

—¡Sempre, sempre, sempre! E rompeu a xemer, acoradiña.

Co ise estrano temor que arreda ós nenos de prantos e saloucos, o Naipeiro —¡nunca máis os abandoaría aquel alcume!— botouse monte abaixo, e foi levar á casa a risposta, tristeira de bolita.

A vella meteuse na cociña; alcendeu o candil, botou un cepo na lareira e sentouse: non durmía, nin velaba; vidiña e alma estaban sospensas dun soio lembrare. Se non soupo xamais canto tempo se pasou á maneira; cortou o seu delirio, un peto, quedo, dado na porteliña da súa horta.

—¡Adiante quen sea!

I era unha muller; unha muller ou unha nena, cuberta cun leño,

a modo de capa que lle chegaba cáxeque hastra os pes. Gardaba un lote, moi amodiño collido, e gardáballe o rostro unha grande careta, feita con papel negro.

Agrimouse a vella e arrempuxouna pra non deixala pasar mentres lle dicía acorando:

—¿A que ves? ¿A mofarte das miñas bágoas? ¡Abonda cos rapaces, que non saben pasar sen dar unha martelada na porta! ¿Ou é que iñoras onde petas? ¡Ista é a casa da disgracia! ¡Vaite alí donde axouten e rían!

Mais a mascarada non se moviu; tembrábanlle os fros, inda por fóra do forte mantelo, e sen lle contestar, pasou por diante da Naipeira hastra o durmidoiro, no que luscía a Virxen a súa coroniña: as súas sete espadas de prata. E cunha voz que parescía non ter dono, crevada, perdida, faloulle así, deixándose caír nun tallo:

—Un día, tía Marica, quixo vostede saber da súa vida por ver, e soupo. As súas fillas morrían coa fame... a Loliña...

—¡Cálate, muller, cálate! ¡Que me trizades a ialma a prenuncia-lo seu nome!

—Tamén eu teño sede da luz e da verdade... ¡tamén eu quero *saber!*

Sen se dar apenas conta do que facía, tremou a Naipeira da baraxa, mais da peneira, botou unha xeira, tirou as cartas, saiu o as de bastos, treición e picardía.

Fóra íñase estinguindo todo estrondo. Recollíanse as xentes; oubeaba, lonxe, un can; estrelecía.

—Eu quixera saber... se un home a quen amei me corresponde...

Lembrouse a tía Marica da filliña por outros desdeixada, e con rábea contida tirou de novo e recolleu as cartas e dixo:

—En fin de contas..., ise home, se xurou, xurou en falso; non vos quixo; mentiuvos...

—¡É que teño unha filla! ¡unha filla sen pai!

E asospiraba, cal se o sospiro lle arrincase a ialma!

—Como elo seia. Eiquí está o Rei de bastos... ¡Vede! ¡Vai de viaxe!

—¿Pra retornar!...

—Non, nunca, nunca. ¡Pasou a mare de unha vez moi chea!

Non dou a triste un chío. Esbarou hastra os pes da aqueloutrada *sabia;* apagouse o candil, berrou un neno e á morta luz dos cepos recollíu a Naipeira á súa Loliña, que lle discía xa na pasión e mesmo boquexando:

—¡Non mintas máis, naiciña!... ¡Polo Deus que nos fixo! ¡todo perdín por ti!... home... amor... ¡honra! ¡A vida que me deches, e lle volvo!... ¡Xúrame pola Virxen que me escoita, que aquesta outra Loliña... iste meu gromo que che deixo en prenda... iste grolo de sangue do meu sangue... non será nunca "A neta da Naipeira"!

ENSAIO

A MULLER GALEGA *

A Natureza, nai sempre agarimosa prós seus fillos; máis xusta, porque fíxose berce da xusticia dun Deus, siña con ferro a testa do home, e tórnase ouro sobre a da muller: afirindo así que el debe loitar, defendendo honras, bens e aloumiños; e que ela ha ter (forxadas no ouro que lle dona, como fado de nacencia) unha das súas chaves misteriosas que a fan creadora, por segredas leises diviñas; e por elas responsabre do xeito e pulimento das súas creaciós.

O ferro, pra armarse; o ouro, pra se coronizare nai. Cando intentedes faguer un sóio direito, cos direitos dos dous, vede primeiro se o home pode ser moralmente, nai: ¡Inda dos nados fillos horfos! Buscade muxicas de amor maternal, na ialma, anque bondosa, aspra, do varón! Se tal non podedes topar... Deixádelle o ferro, e acougade, tranquíos, véndoo faguer coil espadas, barcos, arados. Deixai que incrine os fros, en sostenemento da cruz que lle queipa, e fague-de da muller, aquela muller santa que enxoitou o retablo do Diviño Mártire; a que o seguiu, chorando, e bicou, avalando co dor, as chagas dos aterecidos pés, tremos.

Ela é amor! ¡Destrabucádevos, ceguiños! Ela é moxena desprindida de lumiosos altores. Non a torzades, que retrasaredes o seu voo. Non nos aqueloutredes tampouco, refaguendo vellos códeques pra prantar neles a fror dunha liberación que non percisa, dendes que Cristo, Nostro Amo deprendeuna a ler o santo libro das diñidades.

E non coidedes que alberxo no meu espirtu, a torta doutrina das negras iñoranzas. Sabencia, é luz: e luz e vida mistúranse nun sóio feito! De aquí que a muller iñorante, abroche en fillos cegos: e non poda curalos en xamais, por si soia. Supersticiós: engano, malquerencias: velai as nonzas inxertas nise arbre muscho!

Adeprenda a muller, se pode, todo aquelo que a convirtirá mañán en escolante dos seus fillos; aquelo que a arrede de cair no lamazal, onde coida atopar un codelo, misturado con deshonesturas e bágoas. Adeprenda... ¡Porque o necio non pode ser bo: non sabe selo: pro non pra fuxir ás súas santas obrigaciós, tecidas con escumas e arumes de rosa: con curazós de home, e cabeliños louros de anxo!

Sabencia de muller! non degares por abater ó home do seu altor natural: el se abaixará, trala larada do seu fogar, e o mimiño tenro

* Publicado na revista *Nós*, n.º 20, 15 de agosto de 1925.

da muller amorosiña: nai: esposa: filla! ¿Quen lle dará fillos?... ¡se ti non sintes! ¿Quen lle enxoitará as bágoas? ¡se ti non choras!

Ouh muller galega!... Desbota o dengue de tarazona, e mostra ó mundo, ese mundo de amores, que faiche o peito! Fuxe, filliña, da mala praga, porque aprega. Tende as tuas ás por riba desa abellariza onde non se astrucian as avellas a faguer mel, interquinadas e iradas polo canto que a cada un lle cumpre. Tal semella ise formigueiro de mulleres, adicadas a convertí-lo mundo nun niño de píntigas! Ben saben os nosos homes, que ó tornar do seu traballo, (calesqueira que el sexa) non lles meterán o fillo no colo, porque a súa nai percura a eleución do seu distrito!... A muller en Galiza; rica ou probe; serva ou siñora; leva o sentimento na ialma: na fala: nos ollos!

E aquí penso: "Pola primeira vez da miña vida... quixera eu esquencer que foi Galiza o meu berce: i esto, soiasmente, e namentres roubo á muller da miña terra o segredo do seu ser! Que torno do meu... cicais diredes! Que me espello en amores do chan propio! Non, certamente! Verdade hai de dicir por duas razós valedeiras: "Inda por riba do meu amor ó chan, está o meu amor pola verdá": velaí a primeira. A segunda é aínda máis sinxela: "Porque non sei dicir mentira".

Algo vin, e leín moito. Algo estudiei, no que toca á muller, e moito maxinei, furando a carón de propios e alleos. E... quedeime sempre con esta mulleriña galega: inda pechando os beizos á parola "hirmán". ¡Ai!... Se as leises arrincan do terruiro ós repartidores de xusticia... porque non se creve a sentencia sagreda, antre as non menos sagredas liñas que amarran pais e fillos... Eu pódovos dar xusticia no que aquí se engaduxa. Nada me garda Galiza... ¡Dixen "nada"! E non me estalou o peito: non me estalou... (no faledes a naide!...) porque en vez de curazón... leva un recordo¡ Un recordo que vive, latexante; e a igual do mistique, trala súa imaxe, leva a miña vida pola mau, acougándoa, sóio, cando a repousa. Cruña, no teu cimeterio, branco e verde: a igual das escumas que nel brincan, e as esperas que chaman as súas cruces!

Non torzade-lo bico, que galega é a muller que os fala; e na miña terra, sóio descobre a muller a ialma, cando nela non entran os sonroxos... ¿O meu recordo?... ¡Chamouse "nai", cando o meu curazón vivía! Á par morreron Ela, i el: amortaxáronos xuntos, e inda sinto que se laia, cando escoito, debruzada na terra, os meus bicos derradeiros: os que ela xa non me pediu, e quedaron suspensos antre terra e Ceo: suben, cando rezo: baixan, cando sofro: e cobren o seu corpiño morto... ¡Frores de amor, bendecidas frores!

...Falabamos da muller galega? Filla, xa a conoscedes. Soio a arrincan dos brazos da naiciña, amor ou morte. ¡Nai!... nai debe ser millor retratada: pro dinantes: e xa que soio Deus pode pasar por diante da nai, estudiemo-la muller galega nos seus sentimentos relixiosos.

Non esquenzamos que non se trata niste pequeno traballo, de cantá-la muller galega, senón de dala a conoscer, nas súas bariles condiciós, como nos seus defeutos. Negarllos sería admití-la perfeución: e... ¿Cándo foi esta frol terreña?

Hai no medoñento deixo con que as rulas se doen en Galiza: hai nas grumidas arboredas galegas, según as azouta un trebón de zarabia, ou as bica o aloumiño guieiro do serán, un átimo perdido da eternidá, no que ela aperta e garda, de sagredas misteriosidás. No máis alongado ámpitu do mundo, dan as almas cristiáns un rezo prás ánemas congoxosas: ¡ai! pro no campo galiciano; cando a campán chama no noso curazón pra que desperte a caridade, adormixada, oísense as laiadas disas miserentas almiñas desceibadas: chega ás nosas o bico con que os anxos mercan nosa pregaria, depoñéndoa no tormentoso sofrir das afrixidas! Non é medo, non: non é espanecemento, o que crava no chan a o correntoso rapaz, e o fai tirá-la monteira, louando ó Diviño Nostro Amo. Hai na rizosa prata dos nosos ríos, cando o sol a argila e remexe, o vidro dunha fiestra da Groria! E se nosa iñoranza soupera liir no universal concerto, nos perdecataríamos das testas variablidás con que nista nosa terra benedecida, entóanse louanzas a Deus, por ars, paxaros e frores!

Pois de que culpamos á muller galega, se a súa superstición, a que lega ós seus fillos non é dela! É o tempero da natureza mesma: é o balbordo do mar, bravecido: o laio dolioso da campán: o berro da pega: o bruar das ovellas fuxidas: o chasquido da píntiga sobre as caídas follas marelas e muschas, é o rechoncheo do merlo, agachado no suco da restreva!

Non é falta de enseño, non: tampouco se pode definir por aqueloutramento do cerebro na concencia das imaxes. É que sopra sobre as nosas testas a vafada, fondamente sentida, do sobrenatural. I eu, co fundo da miña cumprida devoción, e o pequecho, mais razonado enseño, que debo a pais e maestros, sinto, ó cruzar un pinar envolto en sombras... o falacio disas sombras mesmas, agarimándome, ou a xeiras, poñéndome medo, como se o curazón batese co bater dos seus arbres: como se as longas charumelas tecérano e lle deran o sangue das súas veas, e o sentir dos seus sentires!

¡Probe xente montañesa, que ve sobre os brancos e retortos camiños, o cortexo do seu enterro, sen que nel falten caixa, cregos nin luces! ...¡Non falta de fe, non! Antes, afervoar de fe, sen rumbo; e riqueza, ¡muita riqueza imaxinativa! Se a pasar por diante do muro que garda os despoxos sagredos dos seus mortos, cea e avala, non acerta co sentimento que lle imprime aquel bimbión; coida que as almas sofrentes a chaman, en demanda de restituciós: pro non atina que o fervor da súa: o seu degaro de Groria, que quixera vínculo própeo, pra espallalo, repartíndoo con increibre xenerosidade, firme na súa chola, pantasmas de nevada brancura, que poidéramos chamar: "Grandezas espirituales dunha ialma, atraíndose penas e delores alleos, co azo de darlles consolo e remedio". ¡Sempre a fe en

abogosa loita cos apagos fosforescentes do desvarío místico, e a sede, alteirosa, de verdades mal concebidas.

Soio en Galiza, mixtura a muller, proba e sacrificie; e a demandar a Deus polo que mais percisa, di: "¡Dádeme, Siñor, que eu corresponderei, na medida das miñas forzas!". I esa muller, toparédela mañán, lonxe, moi lonxe do seu fogar: vestindo un santo hábeto: luscindo as cunchas, e o vistoso pau da peregriña: correndo montes, e salvando regatos, con sangue nos pés descalzos, e risas doces nos beizos, que cantan. A súa nai: o seu fillo, aleáronse do mal que sofrían; i ela vai cumprir con Nostro Amo: vai levarlle os crechos bucres, que facían da súa testa, unha testa de reina! Ou ben, unha cacholiña: un brazo: unha mau, de cera. A pan e auga... oito, dez, vinte légoas!

¡Os acoitados, que non creedes! Védea chegar, cabo a Virxen! Védea bicar, debruzada, os anegrecidos peíños do Cristo millagroso! Mirade os seus ollos asolagados en luz! ¡Vosa vida trocaríades polo santo dozor da súa sonrisa! Famenta e cansa... ¡Pro ditosa! Erga o dedo aquel de vosoutros que poda berrar outro tanto!

Seus fillos levan, pendurados nas mauciñas, toda cras de contra agoiros; pro seu curazón lles chama "cruces". Por riba das trasnadas do demo, ve a Deus tremando dos fillos dela que tamén o son seus! Cicais con mais muxicas de esprendosa fe, que as mulleres de outras rexións, busca; inquire; e furando cos seus ollos por antre as estrelas lumiosas, e a través dos nosos árbores, maxestosos e xigantes, rumíalle o seu curazón que as envexas e os mal-quereres do mundo, percisan contra tósego; e son, na nosa vida, a figura ou filiación do turdio trasno. Todo adiquire nela: nos seus sentimentos, un altor, rexo: as súas risas, son música feiticeira: os seus laios de dor, berran, cal se quixesen chegar hastra as entranas da nai-natureza. As súas supersticiós, son, soio, un desbordamento, que tornaría ó seu leito se houbese de ser sábeamente estudiado e dirixido por aqueles a quen estes facedillos competen. Tempos houbo en que pra cimentar unha creenza, fundábase unha nova superstición. A cultura do xardiñeiro espritual que ten ó seu cargo istas frores santas, ha levá-lo anovo a modiño: porque no terreo da súa concencia relixiosa, danse a man as máis outas creaciós poéticas, cos pequenos desvaríos da avaladiza razón: non se arrinquen, a un tempo, grau e cizañas, fitando os curazós ispidos de quentor e de arumes. Nos seus vellos decires, quedan sempre os argueiros ou sedementos dunha santa creenza. Eu sintín brinca-las bágoas dende a cerna do curazón ós ollos, ouvindo istas falas de consolación, dirixidas a unha nai, poucos días dimpois de lle morrer un pequechiño:

—Cala, Maripepa, cala! Pensa que as tuas bágoas non o deixan entrar no Ceo! Eles primeiro que nós, muller! ¡Eles primeiro que nós! I e outra emposta:

—¡Ergue ises mantés, Piluchiña! ¿Non sabes que están as ánemas de xionllos, hastra que así o fagas?

Sempre a piedade, remexendo nas súas almas sollosas! Así: e pra

especificar o mal xeito dun enfermiño, cáxeque morrente, topan istas tres parolas lumiosas:

—Está na Pasión!

Isas poucas falas abondarían pra respondere ós que negan que a lingua de cada rexión é filla lexítima e única das almas dos seus habitantes. "¡Está na Pasión!". Isas verbas, curtas e sentidas, nascen soio en Galiza: non se acrimatarían de alén: a prenuncialas doutro xeito deixarían de ser un amor envolto nun asubío de misericordias: unha estrana xuntanza de lembrares diviños, con dolores humáns.

Dixen que a nosa muller apartenía por enteiro ó seu home e ós seus fillos? ¿Que lles daba o curazón posto en dous anacos? Entón a muller da nosa terra leva dous curazós drento do peito; porque esa mesma esposa-nai corre cas dun seu veciño cun feixe de herbas odorentas (que a coronizan con gallas vizosas), pra lle alear un meniño esmorecido: e cando no auto de xantar peta un vello á porta, dille ós seus: "Dalle este cantizo: ¡correi! Lévalle esta cunquiña de caldo quente. Non teñas maiola cando Deus nos visita. ¡Alabado sea Aquel Santísimo Señor!".

Nas nosas "aldeas" non hai horfos, pódese afirir netamente. Ó derradeiro laído dunha nai morrente, responde sempre o xeneroso batemento de outro curazón de muller: e a nai é reemprazada por unha súa hirmán; súa sobriña; súa veciña; unha estrana, calqueira. Sempre abrocha unha nai pé de aquel rapaz falto de consolación: dunha bicada de amor. Nistes casos abonda que a muller galega, mainiña... solermeiramente... lle diga ó seu home:

—E... ¡bueno!... ¿Que lle habemos faguer: Né verdade, ti? ¡O probiño non ten a naide no mundo! Deus arrede ós nosos de cair no abaixamento disas desventuranzas. ¿Non pensas como eu, que onde xantan tres, xantan catro? ¡Miña vidiña! ¡Quen terá callo pra o deixar ós corvos!

E o fillo estrano entra polo quinteiro antre o choutar algueireiro dos máis rapaces. Co iles parte pan, leito e amor. Nun dos meus vraneos en Oleiros (un dos máis vizosos curros galegos), puiden atestar este feito ó meu vagar. Rosiña, unha rapaceta de cinco ou seis anos, despertou sen nai un día: escadasí: non podía fuxir do seu vividoiro: quedábanlle *deberes* que cumprir: bolito, velliño, percisaba quen gardase a xubenca: quen alcendese o lume: quen pelara nas patacas. Rosiña quedouse na casa: mais non houbo alma de muller cristiana que lle non botase mau cando os facedillos iñan mais lonxe que as súas probes forzas. ¿Queredes outra proba da suprema grandeza da alma-nai galega? ¿Quen recolle na arquiña ós fillos "de naide?". ¿Quen alforxa no seu propio pano a sarabea que alguén deixou cair na lameira? ¿Quen enxoita coil bágoas estranas e brinda o seu sangue ó sedento? Aqués que percisades antiolleiras pra alucar o ben e a vertude, adiantareivos a responder que tales feitos teñen seu fundo e seu vínculo, nun mesto intrés. Contra da vosa ideia, afírovos que houbo tempos en que ise intrés chegaba tarde e mal ás maus das novas nais, (¡bendecidas elas!) e os crianzos non se re-

sentían delo: antes escarapolábannos, e arrén dos seus se criaban durazos e témoros. "Peladiños a uña" (como din, montaña arriba). ¿Cantos dises rapaces tornaron á arquiña, cando unha mala administración furtoulles o seu? ¿Haberá quen diga que se buscaba niles unha axuda pra o tempo por vir? Marraríalle a pacencia a quen tantos días contara por diante, dando pan, vestemento e leros, pra recoller, cáxeque na vellez, a volta da esmola! ¿Non será máis san, e máis xusto, coidar que aquelas almas santas poñan un pé no camiño da Groria, a retornar cun fillo mais no colo: a devolvé-la liberación a un opreso: as festas: o pan da ialma, a un desagarimado! Cantas veces ó morré-lo patrón quedou a casiña choída e baixaron a vivir na sobeira, mantidos coas barredallas do pazo! ¡Preguntaille a esa muller se soiamente emerxiu na súa testa o pensamento de trizar un grilón da cadea! O alleeiro sigue sendo fillo: comerán pan de semia, amasado coa segunda peneirada do trigo, tan mouro como a súa fada; mais ela tremará da vida cando teña que convertí-lo seu corpo en aceirada ferramenta coa que afuraque a terra, día e noite, en demanda da códea que ha sostelo! Non coidedes por iso que nos campos galegos a morte aseñórase dos famentos. Isa é, repito, unha das grandes condiciós da alma galega: a caridade. E sendo ese don un herdo grorioso; i estando inda mais vinculado nos dous seisos: ¿Como alcanzades, os bós galegos: os galegos de raza, que haxa na nosa terra quen aldraxe á muller da Rexión; que é algo, así, como aldraxar a Galiza inteira (¿Fora ela tan sentida e tan doce, se non tivera alma de muller?) na persoa da súa propia nai. Esquirto este meu pequeno traballo en marzo de 1916, cómpreme engadirlle algunhas liñas no punto en que se engaduxa coa "caridade cristiana, nas almas galegas", pra deixar ben fundada a sentencia de que a nosa muller non é, nin nunca foi, nin será xamais, a que retratan algúns libros que houbera de queimar ó seu autor dinantes de que eles traspuxeran as lindes do terruiro propio. Non abonda ós homes de anovado espritu con dicir cousas lindas, nin con sabelas dicir a xeito, pra que a sona que apañan seia honrada; a honorabilidade dun escritor estriba en arringarlle a verdade á natureza: se pinta do natural as súas creaciós han ser retratos; os seus contos, hestorias; agás que deixe corré-la súa pruma polos campos da fantasía, e fágao atestar en sí; pra non faguer rexurdir a redor da bendita terra que pinta o delor dos seus e as malicias dos estranxeiros. O perigro é maior canto maior é o renome do escritor, que así se asaña no propio lar, finxindo fantásticos xeitos de mulleres noxentas que, sendo galegas, e inda mais, seus namorouzos, han poñé-lo pé nun celeiro, diviñizado por unha nai; por unha hirmán; por unha amada muller santa. Alí, onde elas alentaron, empezoñará o ar a zoada do vicie, mal chamado de orixen. En Galiza non conoscemos isa pecumia, e se eses señores escritores tiveron a mala fada de tropezar unha píntiga no seu camiño, (culpa diles será, porque o manzaínllo non mata senón a aquiles atordoados que trasballan á sua sombra) teñan a boa concencia; a caridosa xenerosidá de non lle tecé-lo berce antre as verdes follas da rosa da silva. Fóra, e lonxe da miña terra, demandáronme un día: ¿Ista muller tola, que canta un dos millores

escritores galegos, (non o nomeo, santiño, porque lle faguería maior recramo e o mal caería sobre das súas paisaniñas...) é ou non é a muller galega? Dixen a verdade: faleilles das santas honesturas do benedecido agro, e creíronno: porque a verdade ten unha soia verba e un soio son. Queredes conoscer a muller galega? Lede Pérez Lugín: asolagade os ollos nos cadros dos nosos pintores (Sotomayor na dianteira), ben chamados "Pintores de almas" por quen soupo furar e frorescer nelas. Lede desfiadas en liñas de ouro, as canciós de Noriega Varela; as venteladas salobres do gran Cabanillas; e tantas e tantas produciós, fillas das bágoas de Rosalía Castro, e das risadas, mordentes (con sabor de salouco) do noso Curros. E non sigo nomeando, porque sendo a nosa, terra de artistas e poetas, a roga de nomes lumiosos enchería moitas páxinas: a ben de que, sen darme delo conta, podería cair na mais siñalada olvidazón.

*
* *

A cultura é á muller, o que os invernadeiros prás prantas: ar e quentor: é dicir: vida. Niles acrimátanse todas. Esto, sempre que non falemos dunha basta prantiña montañosa que morre, axiña que a pechan, porque vive de "libertá". E, ainda... ainda... se a pillades moi a modiño, e vádela atemporando con gran xeito e mimo... poidera dar que se afaguese, ó cabo. As prantiñas que morren, porque tampouco adimiten escallo, corresponden, na vida, a ises velliños, abandoados, que morren coa fame dinantes de se acollere a un encerro: pra eles cárcele, mortaxa. Os nenos, afeitos a corré-los campos... ¡miñas xoiñas! Dádelles bo precuro: e sen fame nin frío... múschanse e non viven máis que a anduriña, estrozada contra os ferros da gaiola, por coidar que os vai crevar coas áas! Niste caso derradeiro hai que servirlles o enseño en pequenas bicadas: hai que curar do corpo, dinantes de atender ó espírito.

Pro... tornemos ó noso falacio. Non fagamos como o camiñante, que no comenzo do seu viaxe arreda e perde tempo e camiño, por pillar nas gavias unha presa de humildosas e rescendentes roseiras.

Decíamos que a cultura: o enseño: en tódalas súas apreciaciós de variablidades tantas, afire unha espellante somellanza antre as mulleres de tódalas naciós do mundo. Axuntade en Europa unha española, unha ingresa, unha alemana de alta e fidalga crase; e toparédelo mais san acordo de sentimentos: de ideias: de gustos. Drento da súa relixión, isas mulleres degararán por topar unha perfeución, da que levan en sí mesmas un máis grande ou máis pequeno xerme. Na escada da súa intelixenza natural, serán a sorrisa do fogar: a millor escolanta dos seus fillos: o lidorno do mundo que as acaroa. Terán (¡cal non!) as súas faltas: os seus pequeneiros ou grandes lixos; pro se nos abaixamos a buscá-la orixe, toparámola no ar que respiran: no defeuto ou vicie que é vicie da súa nazón. E a muller será un tantiño farota, en Alemaña; cobizosa prós seus, en Ingraterra; en España endebre nas súas ideias; en Francia... un avión que canta ou chía todo o día, brincando de ponla en ponla, porque o seu fado lle ordena non asentá-lo pé, nin té-lo bico pechado

mentres haxa no seu redor arbre de onde bulir, ou sol ó que lle botar copras... Axordade os ouvidos ás difrentes falas; e xosgarédelas hirmáns, polo aspeuto esterior: polo traxe, e hastra pola fidalga presentación. A raza lucirá seus distingos no coor do cabelo: na brancura da pel: no grandor da man ou do pé: pro como se fosen hirmáns, peitearán, vestirán e calzarán de igual maneira. E inda se antre abrímola porta do maxín; do eido das nosas vidas, naqués enxidos, anovados con terras diversas, atallecerán as mesmas frores e rescenderán iguales arumes. Os libros de madame Bremen, orixinariamente escritos en Suecia, son cintilizaciós do sol que quenta, xeireando, toda a terra. E posto que levamos longa xeira de seriedade e a muller galega ha sorrir no pranto e ha chorar nas ledicias, como se a súa vida rezásese nun rosario de risas e bagullas alternantes, acouguemos un istantiño o noso viaxe pola alma da muller galega e revirémola ollada por riba da verdadeira natureza mullereira, tocando as cunchas e o pandeiro na festa dise antroido que ofresce ó mundo un fato de atoladas revolteiras que xogan ós homes, entoñando a propia diñidade, ou trocándoa por un *voto* de máis ou de menos. Ríamos das sufraxistas ingresas, alumiñando un curazón de home no seu endebre peito de muller. Ríamos dise espanta paxaros, que ergue os brazos no alto, e móvese, e se descadrila... e se o palpades de preto, non é máis que unha máscara armada sobre un monicreque de táboas e cuberta por mal prendidas roupas de muller. Un día... o sopro do bó sentido espallará a befada armazón, e os paxariños, tranquíos, alimentaranse coa semente de amor que Deus permitiu sembrar nos sucos da vida e que trataban de arrebatarlles aqueles fantasmas carnavaleiros. Botemos: botemos a ollada nise fogar sen lume: nise niño valdeiro: no vivideiro dunha "sufraxista". Se é solteira... ¡miña almiña de Deus! Xúntanse pecado e penitencia! A teteira ferverá ó morno; pro non busquedes cousa que de preto, ou no aleixo, poida albendar os ollos nin o curazón. Dádelle aquí a bágoa, que os demanda a vella nai, abandoadiña e tristeira: ás frores que se muschan no quinteiro: ás prendas de roupa sen botós: ó polvo, que apousa sobre os trevellos, con ar e direitos de vello señorío. Falo da crase media; pois se a muller dispón de medios pra adiquirir unha boa e xusta insiñanza, de esperar é que se libere da praga sufraxista: se é probe, percisa tempo e ímpetus pra traballar, fóra do alcance disas bravecidas tolemias. Poñamos a sufraxista ingresa antre o número de *vítimas* que fai a neurastenia: según a trato no meu conto "O mal de hoxe".

Concruio das anteditas razós, engaduxadas lixeiramente, que pra estudiá-la muller de calesqueira país, no respeutive ó seu ser relixioso, moral, imaxinativo e social, menester é tomala alí de onde non a infruian as riquezas, limando e abatendo males xermes ou asprosidades de carauter; ni na aqueloutren traballos e coitas da misérea. Abesullemos, pois, a muller da crase medián, nas vilas: e dempois, á derradeira, pra tomar todo acougo e tranquileza no abogoso estudio que lle compete, deteñámonos na analización da muller do campo. Natureza enxebre que amostra sinxelamente tódolos potentes tesouros da súa urdime. Ende chegando a isa albendadora pre-

misa... avalarei un istante dubitadora da potencia do meu esprito e da miña pruma. ¡Velaí o valedeiro estudio da muller galega! Compenetrada cos seus dores: (que son os dores dunha hirmán) vivindo longo tempo a súa vida de nenas grandes, sinto que a miña ialma leva inxerto o fado aldeán, e que podo decirvos, na miña santa doutrina da verdá: "Eu as conozo ben, e pódoas retratar de alma enteira! Podo espella-la súa, cal se este branco papel gardase, pra elo, as marmuxantes augas do regueiro. Podo no loitar de calqueira dúbida morriñeira, amostrarvos a miña, que é "alma aldeana de muller galega". Pro... terei eu atrevición pra dispir unha ialma? Escadasí... ¿saberei faguelo? As xentes adimirán nun cadro, ou nunha estauta, a desnudez dun corpo, se o alforxa o arte nas súas frores diviñas: pro ¡ai daquel que deshonesta dun tronce corpo e arte! E se tales reparos nos opón a materia: ¿que pruma non ceará, medoñenta, dinantes de tirarlle a unha ialma a touca na que envolve o segredo de doces sonroxos, recibidos pola muller da mesma man dos anxos! Sóio istonces sentireime cobizosa. Quixera que a pruma dun Valle-Inclán guiase a miña; ou deseara dibuxá-la muller dos nosos campos, con liñas diste meu curazón galego.

A MULLER GALEGA NA VILA

A muller en Galiza é a pedra cimental diste pazo feiticeiro que nomeamos "milloramento de crases": é dicir: progreso. A muller que se adica a traballos bastos non permitirá xamais que os seus fillos medren na mesma condición de servo mártire. O caletre astrúciase pra suprí-lo diñeiro. Se ela axuda ó seu home nos oficios máis ruíns, as fillas deprenderán nun taller de costura: os fillos farán recadiños nunha tenda: e máis tarde, se a sorte nos alumiña, emigrarán, na rebusca de medios que os arreden da fame.

Na crase medián, a muller, no anterior sentido, pódese e se debe considera-lo ímpetu que alenta e move a man do home no sostenemento dos andros onde se asenta a deusa "familia". Contareivos un exempro, de antre a milleira de casos, nos que fundo esta miña expricación:

Naquela parella feliz que albendaba dous nenos como soles, ela rexía e dirixía unha escola: el astruciábase pra ganar un bó salario nunha oficina do Estado. Satisfeitos do lote que Deus lles aparara, nada máis cobizaban, e vivían satisfeitos e tranquíos: pro, asegún medraban os fillos, a nai dicíase que aqueles rapaces, aguixados e alentos, percisaban un mundo ben outro daquel en que nasceran. A natureza colmáraos de dons, fésicos e morals, i ela non sería madratona da súa própea natureza. E... partiron os fillos pra seguir carreira militar na gran Escola de Toledo.

Todo marchou ben ó comenzo: mais as contas do enseño e outros gastos dos pícaros medraban: medraban como se o demo, a tergo sempre pra atrapa-las boas almas no camiño do sacrificie, collera e tirara do cabo daquel enredixo. Enfermou o pai: (cicais canso de maxinar na súa santa tolemia; que era inda ben a toleiría dunha probe nai!) traballaba pouco, e por tanto, pior pagado. E aquela

muller... ¡Galega pra non ser subrime! nou dormía, nin vivía, nin alentaba, por achegar aquel diñeiro ben ganado, que había convirtir ós seus fillos en hirmáns de armas dos máis principales rapaces do país. Atorada, aguixarrandado-los ollos polo traballo nouturno, e o espirtu canso pola loita esgazadora, rendiu espirtu e corpo, deixando sen nai, ¡pro con carreira militar (¡!), ós seus fillos!

Non a alpueruedes! Sucumbiu; mais foi amor que dobrou na coitada a balanza do reuto e bó doutrinar!

A nai, na miña terra, parte o seu curazón en dous anacos e dá un ós fillos e outro ó seu home (o dono de vida e alma); e como naide alenta sen curazón, albérxase ela no que con tal supremidá distribuíu dende o irto señoriaxe do seu souril amor!

Dista subrimidade nasce a potencia valedeira do espirtu e do curazón, galegos. Non a busquedes no suxeto, senón nas veas, que conteñen, co sangue, golfaraus de lume inmorrente: no degaro dozoso que nel imprimiu este eterno sentir dunha nai galega: "¡adiante!".

Máis ou menos rica, máis ou menos probe, a nai galiciana, dimpois de soñar un porvir prós fillos, técello con realidás; posibres, a xeiras: a xeiras, imposibres: que "imposibre" siñifica "impotencia de medios pra lograr un fin": e a muller galega leva no peito un medio, ante o que cean medoñentas tódalas negaciós: o amor. Pra ela inventouse o falacio do mundo: "Querer é poder". Ela pode sempre, porque sempre quere! E se Galiza ve nas máis altas cumes ós seus poetas, ós seus artistas, ós seus políticos... é porque —esceución feita dos menos, que herdan talentos e aloumiños da sorte— os máis son fillos... ¿das súas obras?... ¡non! Do impeitizo dunha nai mil veces amorosa: forte: ¡santa! Mel e frores da ialma, misturadas ó aceiro e ó incenso da voluntá.

E antes de poñer punto ó meu humildoso traballo, tirémola touca derradeira que encobre ainda a ialma da muller galega; e a semella dó que tira a cubrición dun cadro, corrámolo lenzo e deprendamos a estudiala no vivo: no enxebre: mostremos a muller do campo, tan sinxela como as frores cos arumes que coronizan a Galiza por reina das galanuras da natureza!

A VERDADEIRA MULLER GALEGA

...Asubía o vapore no silbato do tren. Corre este, persureiro, por se aleigar das aerniadas soedades casteláns, e lonxe resurxe miña Galiza e o seu traxe de fieitos e frores, semado de fuia pedrería, sospensa nos terreos; nos arbres; nas roseiras! Sedénto-los ollos do seu reoerdexemento, que fravescea nos gromos dos toxos, asoláganse nas searas: van seguindo o crecemento dos arbres (porque non é un impeitizo fantástico; senón que todos adivertiríades que soio os nosos árbores logran o seu altor natural). ¡Albendaivos, olliños cos mil sonriles coores con que a luz vos festexa e aloumiña! ...¡Sinistro, noso Ceo!... ¡Azaro ó maldizoso saloio! Iste azul é o do manto da Virxe! E o espello en que se refrexan as pulidas e xeitosas "Non me esquenzas". Tanto valdría dicir que son sinistros, ou zalógobres, istes feixes da venturosidá dos ollos, que nomeamos: pinos, castiros,

olmos, ameneiros! ¡Sinistra nosa vida! Os que así falades, enfermos do espirtu, nin víchedelo arco da vella, asentado en Conduz e Iñás, (Oleiros), nin vos contaron nada os merlos, brincando no mes de abril, tras da agarimosa compaña; nin sondes diños de lir o sagredo misterio dos campos galegos!

Arrédome do meu ouxeto e quédanse, no aleio, as miñas ánseas por vos dar a conoscer a nosa mulleriña.

Dicíavos que ende chegando a Galiza, brinca a ledicia na miña ialma; e quixera repartila con todo aquel que chora, morriñeiro e saudoso. Tralas primeiras sevas galegas, amóstranse algunhas rapazas: en xustillo: saia roxa e sabelo: grandes ollos: longas trenzas: ollar manso. Os "pícaros", con rizosa cabeleira, loura, e ollos tan... sinistros... como o Ceo que espellan! Soaismente, habedes de ouservar, que asegún corren os anos, ollos e cabelo apardúxanse: ás veces hastra trocarse en cabelo e ollos negros. Fantasías de raza, que nun soio tipo quer luscir tódalas variablidás da súa nunca desmentida lindeza.

Buscade unha muller todo ó redor da terra que, polas linduras honestosas e o seráfico recollemento, tome a filiación dunha Virxe, se a poñedes sobre un altar coas mans cruzadas sobre o peito. Se non a atopades, vide ás montañas galegas. Ollade, preto, istas figuras graves e sereas, que somellan pintadas no maxestoso vidro dunha Catedral. Non é solermeiría: que a muller solermeira fixa decote os ollos na terra pra enfoscar ás xentes ó seu pensamento segredo: e a muller galega bríndavos sempre o seu na limpa ollada: é, ben o contrario, un certo aquel, inespricabre: un xeito que non apartenece a naide: é seu, propio. Tarda, ou presureira, hai na súa marcha unha gravedade que lle imprime caráuter: é a muller da antiguidá: repousada: tranquía: segura de si mesma. I esto non o adiquire cos anos: moi rapaza: ben noviña, ten a mesma soberba dereitura.

Conmigo pensaredes tódolos que conoscedes Galiza.

Se a sorprendedes na fonte, erguendo sella ou cántara... Rebeca pillará seu lugar no voso espirtu. Se a oídes espricar ós pequeniños o "por qué" das frores, dos arbres, dos alustres... maxinades, e maxinades ben, que un tal altor de entendemento, sen enseño que o desengaduxe, topou no camiño un escolante feiticeiro e grande que a leva pola man en xamais se arredará dela! A natureza en Deus.

Dúas liñas tecen a ialma da muller galega: pasión e sacrificio. A probeza: a miseria mesma, non a espavece por ela. ¡Pro que non a coneszan os seus! Casa cun home probe: ás veces..., máis probes que os paxaros, non contan cun berce onde arrola-lo seu primer gromo! Ricos son, co lote de aloumiños con que lles brinda seu amor! Pro cando aquel amor abrocha nun fillo... tórcese drento do peito, e chámase "sumisión que o fado!". El, emigra, deixando da banda de acó, canto bó lle aparara o Ceo! Ela... ela vai ser "nai galega". Ela garda tódalas meluzas da muller, pró fillo, e supríndolo pai que lle marra, sacha, carreta, poda, inxerta! Trema da vida, e baralla co gando! E a chegar, acorada, dunha vendima, dunha esfolla, dunha amurrada, pilla no sobrelume da porta ó seu encantiño: érgueo, has-

tra por riba da testa, e apértao e bícao, e deixa sair toda a mulleriña que ten na ialma, en falacios de docisma e santa amorosidá! Un extranxeiro que a ouvise, sen vela, diría: Ise canto é un repique de Groria: ise istrano reiseñor... ¡é unha nai! "Meu queridiño! Encantiño dos meus ollos! ¡Zaranduxo! ¡Meigo! Amor da miña vida! ¿Chorache, meu ben?... ¡Xa está eiquí túa nanaiciña! ¿Que lle fixeron ó meu neno? ¿Que? ¡Espello da miña ialma! ¿Dónde está o pai do meu neniño!".

Muller-nai, galega! mil veces bendecido teu amor, túas tenrezas: a túa fala cuasque diviña!

Ela vai mal mantida, e pior vestida! Ela sofre! Pro seu fillo ten mantenza, e o frío non fará aterecé-las súas carniñas, namentras ela alente! Pra el: pra eles os seus cantares, as meigueces do seu sorrimento!

Cando a vida decrina: cando a man non trema da peneira, nin da roca, leva nela a dun neto, mentres outro lle tira do mantelo, e o máis novo agavia hastra se alberxar no seu colo! E sempre a fe guiando seus dedos sobre a frente: sobre a boca: sobre o peito dos seus anxos queridos!

Din que o menos sabido dos nosos labregos poide loitar en caletre cun abogado... ...Quen lle asopra no ouvido as astrucias? ¿As sentencias? Cuasique sempre a dona: a nai: a filla! Ela, tan doce: ela, que nas longas noites da invernía, cabo o berce do rapaz, que durme, cose, fía. ou debulla. ¡A lembranza de alén, avalando, cando sopra o Setentrión, sinando, sempre que a lucencia dun lóstrego alumiña o anaco de Ceo, antre visto polo vieio! Pillando por baixo do pano e o xustillo, e apreixando na man, lembrosa, unha venera que lle mercou "o seu", antes de embarcar, pra que arredara da envexa: mentres sorrí o sol nos seus ollos e atallecen tódalas roseiras do mundo sobre os beizos, que marmuxan, axordando o propio espavecemento:

—¡Cala e durme, meu anxo!... ¡Estou eiquí!

Oleiros, marzo 28, 1916.

POESÍA

De SORRISAS E BÁGOAS*

* Madrid, 1913.

NON HAI NAI PROBE

¡Durme, meu pequerrechiño,
Durme en paz!
Namentres o amor te arrola
Da túa nai!
Entrou a fame na chouza!
¡Durme, Ceo!
¡Leitiño garda inda o peito;
Todo teu!
Quer o frío tollicarnos...
Non virá!
Mentras teña nai o neno,
Pra o quentar!
Se lle fai perder o sangue
Seu fervor,
Inda folgo ten a boca
¡Para os dous!
Agacha as mans na tetiña,
Xa verás,
Como se lles fonde a neve...
¡Dio-lo fai!
Non ten o candil aceite...
¿Que faguer...!
Cando se oubran teus olliños,
¡Xa verei!
Se poidera ás apalpadas
Ir pillar,
Dous cebolas que cocera
Á mañá!
Sei que a fame conoceume
Quen mas dou!
A veciña; case probe
Coma nós.
Botarannos deste curro,
Que non é meu!
Nada teño, máis que a terra
Onde morrer!
Os meus ollos, pra chorar

O que se foi!
A lembranza que lle garda
O curazón!
É unha vos moi caladiña
Pra dicir:
"Ha tornar de istranas terras...
¡Pensa en ti"!

Malas novas da soberbia
E ambicións!
¿Por que laio, Santo Cristo
Do perdón?
Sei que é probe a que aperta
Contra si,
Esta frol que Dios me dou,
Do xardín?
Este feixe de cunchiñas
Nacarás,
Que pra min, antre as ondiñas
Trouxo o mar?
Iste anaco de mel rubia;
Rousiñol,
Que nas tépedas noitiñas
¡Canto amor!
Abrochiño de laranxo;
Roxetón,
Da máis fresca claveleira
Que Dios dou!

Eu non sei xa que te diga,
Meu sirí!
Zarandallo pequechiño:
—¿Quesme a min?
Non é de carne o meu neniño;
Bendición,
É, que aquela Virxen, pura,
Me botou!
Agoirenta fame negra...
¡Vai de ahí, vai...!
Vai ás chouzas onde o neno
Non ten nai!
Vai, beilando, coas tenebras,
E a friax:
Que che abonda o amor dun fillo
Pra os tornar!!

PETAR NA IALMA

—E ¿cantos anos ten?
—¿Marta, de Roque?
¡Os anos...! ¡Ai, meu fillo! ¿Quen o sabe?
Gárdanos as mulleres nunha ucha,
E si un os quer contar... "¡Perdeuse a chave!".

O mesmo que corenta... vintacinco...
Elo, inda non apousou, nas trenzas negras,
A neve, os seus fiíños bellouqueiros;
O corpo, recio e san, non se dobrega:

No hai engurras na sen: sombras nos ollos;
E posta a traballar, contenta e farta,
O sacho ou o gavilo removendo...
Da forza de dous homes se ri Marta.

—Ela... ¿sei que falou co vinculeiro?
—Catro anos.
—¿E a deixou?
—¡Mal pocadiño!
Herdou dun seu curmán, casa e fertuna,
E... lle esponsou a Vioda, *de camiño.*
—¡Quen a vira chorar!
—¡Ningún dos nados!
¡Pergúntalle ós veciños da ruada!
Veu enterra-los pais. ¡Cos ollos secos!
¡A porta das bagullas ten pechada!

¿Mala filla...? ¡Canté! ¡Das milloriñas!
Con nada lles faltou; e respetounos:
¡Botoulles un enterro...! ¡Nin o Alcalde!
Pagoulles responsorios, e misounos.

Pro ¿quen a viu gemir? ¿Sinte ou non sinte?
A vaca lle enfemou... i ela... ¡tan tesa!
Se a anada ven ruín, a naide o pide.
Se ten pan a Dios dar... ¡péchao na artesa!

—E... ¡Diga, tío Xan! Con tal valía...
(¡Unha muller calada e que non chora...!)
¿Non van a cortexala os maiores mozos?
—¡Non! Porque saben ben que os bota fóra!

*
* *

Xa conoscedes a Marta:
Marta, a que nunca chorou.
A que ri dos desinganos,
E bota pecho á delor.

¡E á Nai (e non hai máis que unha)
Sen bagullas enterrou!
Marta, "curazón de ferro",
¿Quen trubará teu tesón...?

Se os interesa meu conto,
(¡Porque as vidas contos son!)
Seguídeme, leutoriños,
E vide a vela mellor.

Agachádevos un pouco;
(Non afuxan os avións,
Ós que Marta lles fai befa,
Remedándolles seu son).

Ímonos (moi recatados)
Pra non lle faguer temor,
Axexa-lo antre os salgueiros;
Das silveiras a carón.

Relumbrante o seu gavilo,
De espelliño sirve ó sol:
E no bugallo dos ollos,
Topan refrexo-los dous.

O refaixo, a media perna;
Tan vermello de cor,
Como a frol do granadeiro;
Cal cereixa: cal fresón.

¿Xustillo? Anaco de Ceo
Que o seu corpo aprisionou;
E das herbas odorentas,
A camisa ten frescor.

Colar, de vellos corales,
Pechadiño cun betón:
E os rizos, xilgareteiros,
Sen curarse do labor.

¿Coidas que é a roupa do trinque?
¡Pra segar...! ¡Erache bo!
Sempre foi ela, honestiña;
Sempre cursidosa foi.

¡Ou, negado vinculeiro!
¡Ou, vinculeiro babión!
¡Inda has de tirar da orella...!
¡Só unha Marta Dios criou!

*
* *

Apricou sópeto a orella,
Ó berro de moitas voces:
Oíndo unha tapuxada,
Como de xentes que corren.

Brinca polo esqueiro enriba
Inda sen solta-lo fouce,
E ve un fato de veciños,
Que arrodean a unha probe.

—¡Tía Farruca...! ¿Que é o que pasa?
¡Non fan pouco tole tole!
—¡Ai, Marta dos meus pecados!
¡Non se viu outra en Montrove!

—¿Que ten esa mulleriña?
¿Por que os veciños lle acoden?
¿Quen é? ¿Que fai no rueiro?
¿Por que do chan non se move?

E furando naquel lío,
Non oiu ó que lle responde:
Pisa a un: rempuxa a outro;
Crava os ancos nos máis fortes...

E chega, o medio do círculo,
E... (sen que ela volo conte,
Eu os direi o que ollaban,
Nenos, mulleres e homes).

Tombadiña cara o Ceo,
Unha muller inda xoven;
Do cor da terra que a lixa,
E seus cabelos envolve.

Do cor dos desventurados,
Do que lles empresta a morte,
Dempois que o sangue lles bebe,
E no curazón os morde.

¿Foi lindeza...? ¡miña xoia!
¿Quen en tal punto o conosce?
Xa non é máis... ¡que unha morta!
¡Un corpiño que se podre!

Douradiña caveleira,
Cal manto de Reina a encobre:
Tapa amantiña os buratos,
Onde os farrapos lle foxen.

Ó seu lado, unha ovelliña,
Que a chama con bruar lógobre;
E a chorar, que se partía...
O pé dun albre... máis lonxe...

*
* *

¡Unha fresca rosiña, desgaxada,
Dos rosales do amor!
Un cogollo de azahares: ¡Que cucada!
¡Benia a Virxen que a dou!
Cando, cansada de chorar, sorrí...
¡Sinte o sol resquemor!
E vai berberlle, tenro, antre os beiciños,
Aquel rego dulzón.
E corre, amamanta-la negra ovella
Que foi quen a criou:
E quen curou a sede da enfermiña,
¡A encrava-la o delor!
¡Non hai un soio peito que non tembre,
E sinta acoración!
¡Non hai unhos olliños sen bagullas!
¡Só Marta non chorou!
Pro viron que onde a nena se baixaba;
E cunha forte vos,
(O mesmo que a rifar unha galiña...
Esfórzase o pregón...)
Dixo a neniña erguendo, que mimosa,
Os brazos lle botou:
—"Se naide ma recrama... ¡Dito e feito!
É miña ¡Dama Dios!".

*
* *

¿E quen lle vai recramala,
Se nas conosce ninguén?
¡Se naide soupo dar nome
Á infertunada muller!

Pasou, como esas estrelas,
Que ó lonxe fuxir se ven
Caíu, cal bágoa no monte,
Ou desfollar de cravel.

Se algún faguedor de historias
Fragoulla... ¡tempo perdeu!
¡Leva-lo dediño ós labres!
Non ten un morto outro ben.

Que a bandeira de rispetos,
En que o habemos de envolver
¿Non tedes muller ou fillas...?
Pois... ¡Cada un torne do seu!

Que o que lástemas non rega,
Caridá non ha recoller;
Darlle rezos e unha bágoa
Se non fixo o que debeu.

Pra xusgar das nosas faltas...
¡Sóio Dios dereito ten!
E... ¿non vos remorde a ialma,
A asañar no que caeu?

¡Foi soldadiño da vida!
Tanto loitar... ¡sen vencer!
¡Folla que arrastrou o vento...!
¡Quen no camiño a detén?

Pois se o polvo arremuiñado,
Doulle cabezal á sen;
Se nas pedras acochouse,
E axudárona a soster...

¡Non seades vós máis duros!
¡Afondar no voso ceo!
¡Relembrade as paroliñas,
Con que Cristo reprendeu!

¿Quen tira a pedra promeira!
¡Caridá...! ¡Do Ceo ves!
¡Es alma de mulleriña!
¡Un sospiro ó padescer!

¿E onde, disgracia máis grande?
¡Antre estranxeiros morreu!
¡Sen unha cara amiguiña!
¡Sen un bico que ofrescer!

Sen quen lle pechase os ollos...
¡Asusiño! ¡Cristo meu!
¡Eso é recibir mil mortes!
¡A túa Groria merescer!

*
* *

E temos á nosa Marta,
Nai dunha pequerrechiña:
Se o soupo faguer... ¡Do deño!
¡Naide millo-lo faría!

¡Se xa son nais as mulleres,
Abrindo os ollos á vida!
¿Traballaba como sete?
¡Hoxe atafega por trinta!

E a fertuna entra na casa,
Trocada en testa fariña;
Crece a nena, como a escuma;
¡E non ha! ¡Tan ben mantida!

Marta a mira, e di, quediño;
"¡Máis fidalga... que as da Vila!
Coas súas pestanas tan longas
¡E tan branca! ¡Tan feitiña!".

Naquela casa non hai choros;
¡Tan sóio se escoitan risas!
¡Marta é máis nena que a nena!
¡Sempre xuntas! ¡Noite e día!

Mercou berce e... ¡desbotouno!
A nena non se afaguía
Ha de deitala á súa beira;
¡Naquelas sabas tan limpas!

¡Anxeliño! De tal sorte,
No inverno, non se arrepía!
¡Ten bo arte pra alforxala.
Antes que esté aterecida!

E no vrau, se a nena acora,
Ponlle fresca camisiña;
(E fártase de mirala
Xa despertiña ou dormida).

E di ós dediños miudos,
Que pola gorxa lle brincan:
—"¿Coidas que son vosa ovella...?
¿Que é o que buscas...? ¡larpeiriña!".

¿Vais sachar? Pois na paxeta,
Carga a súa cara linda,
Fai pouco botouse a andare,
¡E os pés se lle magoarían!

Para María Luisa García Herrero y García.

¡Marinquiña, Marinquiña!,
la de aromas de romero
la que guardas en tus ojos
resplandores de lucero!,
la que entona en el rosario
"Gracia plena"!.
(con la santa unción, bendita,
de la dulce niña, buena;)
la que en místicos fervores
y en recuerdo del convento,
entona el "¡Ave María"!.
La que es flor de sentimientos!,
la que en fraternal remedo
(nunca en tu alma extinguidos)
consagras a tus mentas
mimos, abrazos y risas!,
Marinquiña, flor de lirio,
¡Marinquiña fundadora
como mujer y como ángel,
niña convertida en rosa!
El que te vé, te desea;
el que te vé, se enamora
por que eres, nena, querida,
la más pura luz de aurora!.

Guardas en tu corazón
el recuerdo, consagrado,
que una santa madre, niña
con amor os ha legado!;
muerta en suave santidad,
os contempla desde el Cielo,
donde la Virgen, Bendita,
ampara vuestros desvelos!.

Francisca Herrera
y Garrido

La Coruña. Abril 2/1946.

¿Vai pró río...? ¡Pois na beira
Ha de pousar súa reliquia:
Pona á sombra dun carballo;
Vea xogar coas froliñas...

E se pasa o Seor Cura,
(Úneco a quen Marta obriga)
Vello ó que teñen por Santo,
Todos da feligresía,

Di, rindo: —¡Boas tardes, Marta!
¡Se o contaran... non o cría!
Pra domesticar salvaxes...
Millor que os cregos, as fillas.

—¡Ai, Siñor...! ¡Ben me frolea...!
¿Ela está... ou non está fina?
—¿Por que non te casas, Marta...?
¡Non é tarde, se é boa a dita!

—¡Meigas fóra, Seor Abade...!
Xa llos conozo unha nisca!
¡Sonlle as bestiñas máis turdias,
Que se bautizan na pía...!

(Con perdón da cara súa
E dos santos que din misa...)
O vello, con muita sorna,
Docemente a reprendía;

Pro tamén lle cae a baba,
Cando a nena se persiña;
Que aquel curazón, andado,
Tiña tenrezas mansiñas.

*
* *

Unha noite, noite negra,
En que a lúa non luscía,
Viñeron a despertalo:
Dinlle que Marta o percisa.

Ó refrexar dun fachuco,
Que co ar se desfacía,
O vello bótase fóra,
E canto pode, camiña.

Pro, traspoñendo o suario,
Con sentimento sospira;
¡Probe Marta! ¡Probe nena...!
¡Que tristuras ten a vida!

A pequena, non toaba
Botándolle o crego a vista,
Xa non percisou máis nada,
Para afirirlle a agunía.

Tamén Marta, moi de preto,
Por ollala, non respira.
Nas fortes mans, redondechas,
Quéntalle as súas, pequechiñas;

E aquelas mans non rexurden...
¡Vaise quedando esbaicida...!
E o coloriño, morrendo...
E seus ollos, sen luciñas...

E cae Marta, de xionllos,
Por recoller, da boíña,
O último ollar á terra,
¡A derradeira sorrisa...!

¡I está petando na Groria!
¡E inda coida que está viva!
¡Non ve que é rosa amarela,
A mapoula da campía!

A apalpa sobre do peito...
—"¿Vives...? ¡Non! ¡Non teño filla...!
—¡Valor, Marta! ¡Marta... bágoas...!
¡Nome de Dios...! ¡Non maldizas!

—Teño "curazón de ferro..."
¡Mais tamén o ferro triza...!
¡I ela os bicos, non retorna...!
¡Non curas de min, prendiña...!

—¡¡Choras!!
—¡Quixera morrere!
¡Ai, Siñor...! ¿Por que ma quitan?".
¡E aquel mármore fundiuse
Como a neve en que o sol brila!

E sobre a negra sotana,
Polo vello acougadiña,
¡Chorou a soberba Marta,
Que nunca bágoas vertira!

O CAPITÁN

(O PINO MÁIS ALTO DE OLEIROS)

Dedicados a mi querida amiga, D.ª Manuela Fernández Santamaría.

Pino o máis alto de Oleiros,
Que oín chamar "Capitán"
E cabo a Fonte do ouro,
Érgueste, sobre o pinar.

Pola codea, bellouqueiro,
E neno polo lanzal:
¿En que adivírte-las horas
Que che permite o vagar?

Cando coas túas charamelas
Non quere o vento xogar,
E non te furan os pegos,
Charleiros e rebuldáns:

E a rula baixa antre a louza
Caladamente a chorar,
Mentres lle responde o cuco,
Ós merlos e ós paspallás:

Neses istantiños ledos,
Capitanciño: ¿Que fas?
¿Contas monllos e mungueiros
De "Tío Nelos" ou do "San"?

As estreliñas tembrosas;
Brancas areas do mar,
Ou as cóbregas i estrosas,
Que rebulen no toxal?

¿Faslle festiñas ó vento,
Cando antre bicos che trai,
Cántigas, berros, atruxos,
E sospiros, e alalás...?

*
* *

¡A cantos probes, no inverno,
Foron túas piñas quentar...!
¡Cantos camiñantes, cansos,
Toparon en ti soaz!

Como Rei, que ós seus soldados
Unha revista lles dá;
Ou como Santo que escoita
Os rezos, dende un altar;

Como unha torre soberba
De outra forte antiguidá,
Baixiños mírante, Oleiros,
Soñeiro, San Pedro, Xaz;

Guísamo, Espíritu Santo,
Castelo, Pousada, Iñás;
Xubín, a Covada, o Burgo,
Barreira, o Covo, Meirás.

Branca capela das Torres;
Casas, alboios, brañals...

*
* *

¡Ti, que tantas vidas viche,
Cantas historias sabrás!
¡Cóntame a da "Fonte do Ouro",
Que ela unha istoria terá!

Mentres, voume na túa códea
Caladiña a recostar:
¡Veña logo ise contiño...
¡Teño unha curiosidá...!

*
* *

—"Vino chegar pola Cova de abaixo;
¡A modo de turbión!
Alto, garboso; que un andar tan solto...
¡Que mozo, ¡Dios que o dou!

O seu mirar, noitiña con estrelas,
Luceiros i esprendor;
Un gavelar de amores e tenrezas,
Bravuras e pasións.

O mesmo que unha ovella perseguida,
Chegou Leliña eiquí:
Coidei si me fuxira o Ceo de enriba,
Cando mirou pra min.

¡Non minto! Que eran Groria seus olliños;
Groria, e nacer de sol;
Eran bico de nai... sorrir de neno...
¿Que sei eu...? ¡Un primor!

Sentín como as froliñas axitaba,
Da cobiza o aguillón:
¿Que rosas somellaban súas fazulas?
¿Que orballo seu frescor?

A boca, polo fresca e xeitosiña,
Almendruco dulzón.
Os dentes... orballiños que callaron!
¡Máis longos, meus piñós!

Tiña (cal di o refrán, da cousa boa),
Medianiño grandor:
Pra alturas... as dos postes dos aramios;
Os homes (cando o son, o deño e nós).

*
* *

Da parrafada,
Tenra e baixiña,
Sóio a fontiña,
Conta se dou.

Tembror das augas;
Bicar do vento;
Manso concento
Do rosiñol.

A voz de Lela
Tiña dozuras,
Que as pedras duras
Farían chorar:

—"¡Que disgraciados...!
¡Nunca, Pepiño,
"O meu homiño"
Te chamarás!

Pois ti ben sabes,
Meu queridiño,
Que só cariño
Darche podrei.

Teu pai erguido
Na súa riqueza,
Non quer probeza...
¡Que hemos faguer...?

Líscate; arreda
Dista querenza;
Non a túa herenza
Perdas, así.

Se eu adoezo
Coa miña coita...,
¡Dios, que me escoita
Chame por min...!

Enrabexado
Dou Xosé un couce,
Que amedrentouse
Todo o pinar.

—¿Chorar ti, almiña...?
¡Non o resisto!
Xúraslle a Cristo,
Que esperarás...?

¡Farei milagres
Que outros fixeron...
¡Se ouro trouxeron,
Ouro habrei eu!

¡Capitán! ¡fonte...!
¡Vós, meus amigos,
Sodes testigos
Do que afirmei!

Un día tras outro día,
Fixeron máis de tres anos,
Que teceron desinganos,
De Leliña arrededor.

Barco que a Xosé levache;
¿Porque a súa terra no tornas?
Decídelle auguiñas mornas,
Que peligra seu amor.

Que o curazón das meniñas,
Se é pasión, seu alimento,
Somella muiño de vento;
Sen ar, non poide moer.

Moito chorou, o comenzo;
E firme nas súas creenzas;
Arrenegou das querenzas,
Que a viñeron pretender.

*
* *

De moi alto poderío,
O vello Conde da Ponte,
Cazando cos seus no monte,
Viu aquela fresca frol:

E leliño e sen miolo;
Sen ollar propios ni alleos,
Saquirfica a seus deseos,
Fertuna, pompa, esprendor.

Non sei si reiu o deño;
Nin sei si Dio-la maldixo,
Cando o pé dun Crucifixo;
Máis branca que un alborear,

Alcóntrase a miserable,
Por aquela ruín promesa,
Feita unha grande Condesa,
Que o mundo vai respetar.

O Conde, ós máis altos,
Cal reina, mostrouna;
Puliuna; insiñouna,
Mais nunca coidou,

Que baixo das sedas,
As pelras, i o ouro,
De amor seu tesouro,
Leliña gardou:

E farta de festas,
Finado xa Marzo,
As Torres do Pazo,
A viron tornar:

Saúdano as rosas;
Acóllena as arbres;
Do merlo os cantares;
A fonte; o pinar.

Contando as súas coitas
A montes i outeiro,
Sentiu derradeiro,
Dorido pracer;

Así como loce,
Con máis fantasía,
No fondo da ría,
O sol, a morrer.

Mil veces olleina
Baixar paseniño
Por este camiño:
¡Adios seu sorrir!

E as mans pequechiñas
Pousando na frente,
Sentarse, ximente,
Chorando a ferir.

Así, nunha noite,
Oina doída,
Laiarse, sentida,
Á luz do luar:

"—¡Meu Anxo da Garda!
¿Por que non tremache,
E non me matache,
Na Igrexa a casar...!".

Calouse escoitando
As augas que manan;
As follas que estalan
Debaixo dun pé.

"¡Asús...! ¡Dios Cremente!
¡Non vexo o que miro...!
¿Desperto...? ¿Deliro...?
¡Non sono...! ¡que el é!!!

*
* *

Sinte que todo o sangue lle rebule
No curazón, tratándoa de afogar:
Coidou que era o colar de pedrería,
E a tembrorosa man foino arrincar.

Tesiña e branca como nena morta,
Non pode rebulir nin respirar;
Soio os ollos acesos teñen vida,
E congoxoso, feridoiro afán.

Pepiño abalanzouse; o brazo erguido:
A iarma que a matala garda a man:
—"Nas de faguer de min risa na cova...!
¡Morre...! (berrou) ¡falsaria no xurar!!".

Pero ó vela avancarse,
E as rodilliñas dobrar,
Sen arrecada-lo corpo,
Sen dar súa boquiña un "¡ai!".

Deliriante ábrelle os brazos,
E neles berce lles dá,
Desfeita en saloucos tolos,
Dos celos a tempestad:

—"¡Dios...! ¿Que fixen...? ¡Non é certo...!
Non a puiden eu matar...!
¿Vas abri-los teus olliños!
¡Leliña...! ¡Non falarás...?".

E abriunos... moi a modiño...
(Que non teñen vida xa):
E a boca co derradeiro
Sospiro, lle quer falar;

E arredor do cuello os brazos,
Que presto non tremarán,
Agarímano en aperta,
Que é pasión... ¡e caridá!

—"Non fuches ti... queridiño...
Foi... ¡De Dio-la Voluntad!
Hoxe..., baixou ó teu brazo,
Xusto; pra me castigar.

¿Si che perdono riquiño...?
¡Quen son eu pra dicir tal?
Si quixera a miña ialma
Nun bico, poderche dar!

¡Se son felís...! ¡Si che quero
A non poider querer máis...!
Toma as mans... ¡e toma a vida...!
¡Que Dios nos esposará...!".

Sentindo os brazos, que afroxan;
E ó longo do corpo caen,
Inda Xosé a chama, tolo;
Pro... ¡é perdido berrar!

*
* *

E como nubrouse a lúa,
De xurar non son capaz,
Se pasou dun peite a outro
O ensanguentado puñal:

O que vin, cando alboreaba,
Foi que os dous mortos están;
Que el a ten agarradiña,
Cal si lla fosen pillar:

E a fonte, (destón sen auga),
Mostra no escuro fangal,
Unha bursa coas riquezas
Que foi ganar o rapaz,

E a coroa de Condesa,
Cos anelos, e o colar...

¡Alí tirounos Pepiño,
Sentindo a morte chegar,
Pra que a Groria non lles pechen,
Ambiciós e vaidás...!

De ALMAS DE MULLER...

¡Volallas na luz!*

* A Coruña, 1915.

¿MULLER... OU NAI?

Non hai que lle dar voltas:
¡Agora si que é certo!
Saliu xa nos diarios,
Lles dou noticia o crego:

E hastra afirindo ó día,
(No aramio; por Arteixo),
Sóupose cando o barco
Sal pra Montevideo.

*
* *

Quédaste sen o mozo,
Lourenza do Ferrencho.
Val Dios que según contan,
Non faguerá osos vellos.

Sóio co aquel azo,
(Seguindo o tempereiro)
De te arranchar un niño,
Diño do seu gilgueiro.

E como ó fin de contas,
Cicais un ano enteiro
O seu Antón non tarde,
Lourenza non ten medo.

Verdá que pasa o mare:
Verdá que no ha de velo.
Pro veñen logo as cartas,
Do pensamento, espello:

E cando ó cabo torne...
E o vexa vir de lexos...
Sen máis afán nin groria
Que o seu amor primeiro.

Cando, toliña, caia,
Nos brazos ben abertos,
E neles cobexada,
Mórrase de contento.

Cando a Virxiña os case,
Pra xuntos sempre telos,
E pra que a vida pase,
Oíndo mimos tenros...

"Tavos quedas, bagullas.
Iste é un chorar soberbo.
Pecado, cuasimente.
É dar velas ó demo.

Pro, se non choro, afogo.
Sinto unha espiña drento,
Que do curazón sae,
I esgázame no seo.

¡Que deño de agoirenta!
¡Se vai tornar tan cedo...!
¡Ai, Antón, Antonciño...!
¡Agora si que é certo...!".

*
* *

Vestíronse de festa:
Deixaron os seus campos
Antón e máis Lourenza,
E atrás, os pais de entrambos:

Redondo e gran sombreiro:
Colete alaranxado
Con betós miudiños;
Chaqueta en negro pano.

Ben tesa-las cirolas,
Sobre o calzón moi branco:
Erguidos nas súas bestas,
Que custa o montar, caro;

(E nunca o conseguiran
Sen se axudar dun valo)
Xustos nos movementos,
E séreos, e calados.

Lourenza... xa é outro conto.
Pois fala polos catro;
E rin os beizos roxos,
Namentres van pasando,

Morriñas e tristores
Polos seus ollos craros,
Que nun virar da testa,
Enxoita, sen mostralos.

*
* *

Axúntanse, por veces,
E fuciñar, os cabalos:
E rise Antón, istonces,
Tendendo os fortes brazos:

Brindando as mans, abertas,
Ós dedos sonrosados,
Que polos seus agachan,
Con tembroriño manso.

*
* *

Caído sobre as trenzas
O pano, avermellado;
O dengue, cruzadiño,
Co rebirico ancho.

De negro terciopelo;
A chambra con bordados;
I o seu mantelo, rico,
Enriba do refaixo.

*
* *

Na tépeda frescura
Daquel outono prácido;
Cando o soliño esperta
A froles e paxaros:

Pisando as amarelas
Candeas dos castaños,
Mentres arbres e prantas
Sacúdense do orballo:

Freixal e Casaldegas,
E o Coto, atrás deixando,
Chegaron hastra Anzobre;
E, carreteira abaixo,

Perden no lonxe a Arteixo,
E pobos comarcanos,
I éntranse pola Vila,
Señores nos seus facos.

*
* *

Os ollos de Lourenza
Non ven augas, nin barco:
¡Chorou daquela emposta,
Cal neno en colo istrano!

E páraselle o sangue,
Sen se mover do canto,
Cando asubía o demo,
Chiflando no silbato.

*
* *

¡Velo ahí vai, un mociño,
De sogras envexado!
Que "tiña nunha presa
O mundo" por fidalgo:

Pola honradez da casta;
Que é dos Canedos, fado).
¡Quédaste, Lourenciña,
Sen luz nin sol, un ano!

*
* *

O que traballa se esparxe:
E a Lourenza non lle marran,
Acomodando a facenda,
Labores, drento da casa.

Rudo traballo do campo,
Non lle encalleceu as mans brancas:
Que criouse en regalías,
E abóndalle ó pai a prata,

Pra tela como princesa:
Fai... ¡o que lle ven en ganas!
Pro ten o sangue lixeiro,
I enferma, se non traballa.

Non hai medo que *faga a doca...*
Con cinco animás de galla:
Cando non acariña o choto,
É que as galiñas a chaman:

Ou que non está preto do queixo,
Ou a leite mal callada:
Sen naviciñas o caldo,
Ou sen debullar as fabas.

E bota pes ás calcetas:
Cos, nas camisas rachadas:
E cando van andadiñas,
Revira nova-las saias.

I é unha cumprida encaxeira,
(Que aló en Malpica insiñárona):
I a rezar... ¡Non hai outra ó paso!
¡Cántanllo no oído as Santas!

E... se dera no suario
Un carto de parrafada...
¡Hai que ver os ollos hirtos
Con que algún mozo a repara!

Bertuco, a quen, moi noviña,
Doulle Lourenza unhas falas,
Dende que Antón embarcouse,
Non sai, por vela, que faga.

Di a Nai que non durme sono;
E barríronselle as ganas
Do compango, e a chiquita.
Seco está... ¡Como unhas pallas!

Se lle rin os compañeiros:
"...¿Sei que non hai pan onde pasas?..."
E non cae a groma en bulra,
Porque Bertuco non as traga:

E ten o xenio moi zoño:
Capaz de sacar navalla,
E arremeter coa Parroquia,
Se coida que lle pon traba...

Nunca Lourenza lle quixo;
Pro a por de tanto apremiala,
Faloulle un pouco de tempo,
Non sei si por xogo ou lástema.

Máis tarde tivo receos:
Tembraba, ovelliña branda,
Diante daquel... ¡alarbio!
Que cos ollos a queimaba.

E cando amor verdadeiro
Díxolle "aquí estou, rapaza",
A lástema foise ó Ceo:
Fíxolle o medo compaña:

E quedaron sobre a terra,
A partir daquela data,
Amor e aborrecemento:
¡Vidiña e morte das almas!

*
* *

—¿Está teu pai?
—Non: xa o sabes:
Rarea un pinar no couto.
—¿Non hai naide?
—¡Poucas gracias...
Que inda antre as xentes me conto!...

—¿Atréveste a vir soliña,
Sen máis luz que a dos teus ollos?
—Soio os malos teñen medo,
Porque a Dios lle fan estorbo.

A máis... que non son galiña,
Pra tentación de raposo...
Nin ovella que non torna,
Se vai cortexala o lobo...

—¡Tes pra todo unha risposta!
¿Tiro do adival?
—¡A modo!
Garda os teus bríos, Bertuco:
Teño o corpo san, e mozo.

—¡E adoitas de dar desprecios!...
¿Axúdote a erguer?
—¡Tampouco!
Levo presa: adios, Bertuco.
—¡Lourenza... escoita!
—Non podo:

Vai retornar meu velliño...
Teño a mistura no forno...
¡Truco!... Che é perde-lo tempo
Palicar con quen ten mozo.

—Pois... ¿non teñen amo os arbres,
E dannos súa sombra a todos?...
¿É o mare do mariñeiro?
¿Desde cando o Sol ten dono?

—O Sol é... do aterecido:
O mar garda os seus tesouros:
As follas son da ventisca,
Que as arrinca polo outono.

—Se a luz é do que a percisa...
Déixame quentar un pouco.
¡Teño a ialma fría, Lourenza!
¡Ganas ó vento, en desfollo...!

Nin curazón me deixache;
Pro enchín o canto de odio.
Cando te vexo ó meu lado,
E coido que has de ser de outro...

¡Sei que me ortigan o peito!
Que é miña testa a dun tolo.
¡Fas mal en non terme medo,
Se non hai no inferno socorro...!

*
* *

Como berrido de morte,
Oiuse un laído tal,
Co que de lonxe escoitouno,
Fixo da cruz o ademán:

E antes que a doce Lourenza
Poida delo conta dar,
Tópase sobre un cabalo,
Trincada por forte man:

Solto-los bruces ó vento,
Que llos vai acariñar:
Pechadiño-los seus ollos:
A testa tumbada atrás:

O sentido sen tremare:
Mais disposto a se apagar,
Que a faguer mentes do feito
Que a desvía do seu pai.

Baixo os couces que lle arriman,
A besta doente vai;
Erguendo en redor as pedras,
E canto lle opón o chan.

Arrebatando a parella,
Como se a levase o ar,
Camiño daquelas nubes,
Que veñen, corren, e van:

Decíndolle á desvalida:
"Nós recollemos teu ¡ai!"
E rumiándolle a Bertuco:
"¡Un Xuez te agarda ó final!".

O día pechou os ollos:
As froles, muschadas caen,
(Que non descendiu o orballo)
E din que se oiu queixar,

Ó merlo do laranxeiro,
Que no pozo sombras dá:
E que no alaio, expirante,
¡Hai bágoas, e sospirar

De neno: contan os libros,
Que a nacer un crime máis,
Salouca o Anxo da Garda,
Por vítima e criminal!

*
* *

A única cousa certa,
(Se hemos falar en razón)
Foi que o Sol, *esquencidizo,*
Novasmentes alumiou:

Que achousada está a casiña;
(Portas, chanelas, portón)
Que morreu o laranxeiro...,
¡E que o paxaro emigrou!

Que o pan quedouse na terra,
(Falto dun traballador
Que lle arrimase unha sacha)
Que a hortaliza se secou:

Que en Casaldegas, a morte,
Prantou seu negro pendón;
E non hai en Monteagudo
Alma de bo labrador,

Que a pasar non se persiñe,
E non diga a media voz:
"¡Féndate un raio, Bertuco,
Se é que non te levou Dios!
. . . . . .

El teña lástima dela...
E teña perda de Antón."
. . . . . .

Cando o pai, adoecido,
De topala, desespera,
Unha tarde de Xaneiro,
En que o Sol non alumea;

Botouse drento da casa,
Con grande ímpeto a cadela:
¡A brincar, que daba noxo!
Logo, buscando a querencia,

Topou a man do Ferrencho,
Como pedindo unha festa:
Pro as festas, en Mazaricos,
Levounas todas Lourenza.

Por fin, conseguiu chamalo,
Con tan aguda *indireuta,*
Hastra pillarlle esta carta,
Debaixo do colar presa.

"O meu paiciño querido:
¡O meu paiciño da ialma,
(Que a non ser de Dios, que a trema,
¡Cantas veces estalara!).

Teño o meu corpiño enfermo:
Esligadiña a garganta,
Que é camiño de saloucos.
I esguixarrados das bágoas,

Dóenlle as cousas que miran,
Ós meus ollos, como brasas.
Son en poder dun verdugo,
Sen que Dio-lo remediara.

Son a dona dun marido,
E non sei se son casada.
E vou a ser nai dun fillo,
Que aborrezo antes que naza.

¡O meu curazón é voso,
Como a filla que os mimaba!
¡I estou lonxe...! Lonxe e morro...!
¡Nacín ben desventurada!"

*
* *

Descuberto na covacha,
Onde gardaba a pombiña;
Atacado desa frebe
Que róenos noite e día,

Cabo un curazón soberbo,
Que mórrese e non se trinca;
Aloitada a súa concencia:
Temeroso da xusticia,

Pensa Bertuco fuxire,
Como besta perseguida:
Pro antes... ¡vai ser sonada,
A postrimer cobardía!

"¡Ouh, ti... non has de ser de naide,
Tí... que tanto amei na vida!
Agora que vas ser libre,
Dempois de mata-la miña!"

Aperta o ferro nos dentes,
Mentre-las maus perseguían
E palpaban as paredes,
En seguimento da vítima.

¡Durme!... Pro está esperto o Anxo,
Que así a descansa, tranquila.
Un foguexeiro da lúa,
Esbárase antre dúas vigas,

E Bertuco queda emóvile:
¡Xa se ve que vai ferila!
Soio que... non fixo conta,
Co luar... mais coa sorrisa

Mellor, esperta, e berrando
Coidou que defenderíase.
Pro... ¡matar así a unha Santa,
Como as que adouran na misa...

¡O mesmo brancor de Virxe!
A tranquileza humildiña
Respirar dos rapacetes,
Cando ó soniño se encrinan...

E o ferro... vaise arredando...
E o lobo do monte humíldase,
Báixase... xa toca a terra...
E a troque de auga bendita,

Dous negros dedos, mollados
En bagullas, se persiñan...
"Nome do Pai... e do Fillo..."
(¡Que hermosa!... ¡Dios te beniza!)
. . . . . .

Vai espertar... xa remexe...
Abre as capelas, e as vira,
Coidando sono unha sombra,
Que pola chanela brinca:

Sono, as bágoas daqués ollos,
Que lle dan a despedida.
A queixa daquela ialma...
¡O ferro que cintiliza!

*
* *

Sube un home pola custa
Que vai para Mazaricos;
I ende chegando, con presa,
Dos altos montes ó crico,

Demándalle a un caseteiro
Que acomoda un chalupiño,
Se sabe onde se alberxaba
Tío Ferrencho. (Dos Mantidos).

Con moita cortesanía
Guiouno polo sombriso,
(Que son os nosos labregos
Exempro de fidalguío).

Custa caro dar coa casa,
Que gardan, a máis dos pinos,
Unha cerca de toxales,
De ortigueiras e de espiños.

Non ten o muro recibo;
Pro locen, en torno ós vidros,
Os verdores dunha viña,
Cargadiña de racimos.

Antón (que xa o sospeitades),
Quedou alí espetadiño:
Dando voltas á monteira:
Tembroso o corpo fornido:

Que o retablo paleduxo,
¡Mais que camisa de liño!
Patexando un formigueiro...
¡Caxe os sentidos barridos!

Non chamou; pro no suario,
Alguén que conosce, viuno:
Estralou fondo salouco,
Mitá, queixa: mitá, mimo.

Mirouno Antón, cal sedento,
Que molla os beizos nun río:
¡Velahí a súa Lourenciña,
Dos negros bucres carrizos...

Máis negros sobre unha frente,
Que envexa un marbre ben limpo:
Cenada polo delor:
Dobrada por un supricio.

Preto duns ollos azules,
Como o penar, afrixidos,
Onde os bicos dun verdugo
Reverdexaron en lirios.

Non llos ve Antón: tennos baixos,
Como quen paga delitos:
Enfóscase nunha punta
Do mantelo: chora a fío.

Cando Antón puido falare:
—...¿Nada me dis, encantiño?...
(Soio as bágoas respondiron.)
¿É que te avergoñas? ¡Dimo!

¿Por quen vistes ese loito,
Se está teu pai antre os vivos?
—¿Por quen?... (E como non a oía,
Foise achegando Antonciño.)

—¿Por quen?... ¡Por nosos contentos,
Enterrados de cotío!
—Lourenza... ¿Se rexurdiran?
—¡Cala Antón! ¡Déixame o xuício!

¡Líxame o pensar das xentes,
Anque na ialma non hai tizños!
E retorcéndose os dedos,
E hastra el erguendo o seu bico,

De onde as bagullas fixeron
Fondos sucos tornadizos:
Arredando sempre os ollos,
Onde o seu mal está esquirto:

—Miña voluntá non é miña;
Nin a ialma; ni os cariños!
—¿A quen llos deche, Lourenza?
—Levounos meu *sacrificio*.

Sepáranos todo... ¡todo!
¡Alguén noso amor maldixo!
¡Vaite, Antón, vaite: non volvas!
¡Esquénzaseche o camiño!

—¡Falemos craro, Lourenza!
¡Eu, sen teu amor non vivo!
Non trato de saber nada...
¡Xuntos van perdón e olvido!

—Polo olvido... cho agradezo:
Teu perdón... ¡non o perciso!
¡Fíxose pra os que caíron;
Non pra os xustos, nin pra os limpos!

Lixouse o corpo na terra,
¡Pois de barro Dio-lo fixo!
¡A ialma é feita de neve:
A ialma é de ouro pulido!

—¿Quen te adeprendeu, Lourenza?
—¡As bágoas dos meus olliños!
—Se eres Santa: ¡Máis que Santa!,
¿Quen nos separa?...
—¡Meu fillo!

—¿Un fillo... ti? ¡Mala morte...!
¡Perdona...! ¡Naide mo dixo...!
Pro... ¿Donde?... Verdá... moi lonxe...
Onde non o sepa un nacido...

—¡Sigue!... Tal sode-los homes...
¡Sen máis lei que a dos xudíos!
¡Ai!... ¿Que vou dicir?... se eu mesma...
¡A súa nai... ¡aborrecinno!

Antes que nacera, dixen
A meu pai: "Tópelle un sitio":
Igual dá que na montaña;
Igual na *arquiña*... ¡delirio!

O pon o demo na vida,
E hai que mantelo e vestilo...
Pro, meu pai... ¡Que eu non o vexa!
¡Outro favor non lle pido!

Estaba, como os máis, tola;
O sentimento, dormido:
Era de noite... levárono...
¡Tiven peito pra seguilo

Cos ollos hastra o suario!
¡Laiou con triste balido,
Doéndose dunha vida
Na que entraba sen permiso!

Tornou meu pai pra decirme:
—¿Como se ha chamar?
—¡Meu fillo!
Comprendiu: bicouno recio...
Fíxenlle nos brazos, niño,

E cubrinno de bagullas,
De festiñas... ¡De aloumiños!
Volvín a pensar no feito,
Co fillo apertuxadiño...

¡Cega! ¡Que coidei dos demos,
Aquil anxo bendecido!
¿Non alberxaba unha ialma?
¿Non é a ialma sopro diviño?...

Non hai infernos pra inocentes:
¡Ó purgatorie, os bandidos!
¡Ó lume, as nais sen entranas!
¡Prá Groria de Dios, os fillos!

Con El cumpro: non co mundo:
Meu responder, ¡está dito!
¡Son nai! ¡A muller ha morto!
Vólvete Antón... ¡Dio-lo quixo!

—Di millor que non me queres...
¡Que enfeitizoute o maldito!
¡Casemos! ¡A vida é nosa!
¡Percisades agarimo!

—Non podrás querelo...
—¡Xuro
Arredar del o castigo
Ó que a orfandá condenouno!
—¡Antón!... ¿Que farei, Dios mío?...

—Dame as maus...
—¡Estás tembroso!
—¡Pon nos meus, teus ollos, fixos!
—¡Miña?...
—¿E o neno?
—¡Marchemos
Pola vida, os tres xuntiños!

¡É meu! ¡É meu, queridiña!
¡Pídocho en nome de Cristo!
—¡Pro a miralo, lembraraste...!
—¡Que acouguei o teu martirio!

De FRORES DO NOSO PAXARECO*

* Publicado en *Terra a Nosa*, vol. II, A Coruña, 1919.

ROSAS DOS HERVALES

A NOSA XUSTICIA...

(Rosa de Cristo)

Do libro a pubricar "Escrenchas"

Polo chan, arrastro;
Coas maus sobre a testa;
A cara, afrixida,
As guedellas ceibas.

Xurou pola Virxen,
Mais polas estrelas;
Pola vella aboa;
Pola nai enferma!

Verdá que a "ladrupas"
Chámanlle na aldea
E roubou, fai tempo,
Lan de dúas ovellas,
Pra que a nai da ialma
Tope unha moleza,
Cando o corpo, eivado
Nos carochos deita.

Certo que roubara
Unha bica, fresca,
Unha cuarta de unto;
Media de manteiga...
Pro... se o Rei de España,
Unha nai tivera,
Que pedira sopas,
Con famiña negra...

Sen poder ganalo...
E se ó Rei lle chega
O queixar crevado
Dunha aboa, vella...
¡Ai, destón... "veríamos,
O que o Rei fixera!".

Ela ha ser tan limpa,
Como as zarabexas
Tan legal nas contas,
Como a honradez mesma.

¡Probena, tan soio!
¡Pola fe da Igresia!
E a nai que os parira.
E o sol que os esmecha.

Se en tentación cae,
¡Que cega se vexa!
¡E a fenda ar e lusco
De mala centella!

I en calidá de criada,
Entrou "ladrupas" no pazo.
¡Malia a sona que en si leva,
Como maleción dos fados!

Colleuna, por forza, a Xueza;
Porque a súa filla Rosario,
(Un rosario de virtudes,
De lindezas e de amparos,
Abogou pola coitada:
O Xuez revirou o bico,
Como o da tiopa, aguzado:
E o can tiróuselle ás zocas,
Cal se estivera trabado.

En o tanto, e prós gabexos
De costura e de pranchado,
Recomendada dos guardas,
Entrou a filla do cabo;
Sen un lixo no seu creto:
Reuta e dura, coma un cravo.

Unha tarde, anoitecendo;
Cando bimbrian no badalo
Da campán, os dores miúdos,
As fatigas e os traballos,

Reuníronse os Siñores,
Pra rezar (como adoitaban);
E buscou a Rosariño
O rosarie de topacios,
Enviados con alxofres,
Que os bolitos lle legaron.

¡Santa cruz arrede as meigas...!
¿Andará na casa o trasno?
¿Ou as ánimas benditas,
Levaríano pra regalo?

¡Terra a nosa!

BIBRIOTECA POPULAR GALEGA

Volume 11. 10 cénts.

Francisca Herrera Garrido

FRORES DO NOSO PAXARECO

¿Será un roubo da Marica?
¡Andará nelo o pecado?
¡Veñan luces, veñan chaves!
Do quinteiro hastra o tellado,
Non quedou curro na casa
Sen rexistro dos seus amos.

A "ladrupas" non buxica:
Ten a triste, os ollos baixos,
E a sentirse sospeitada,
Dalle o sangue un freboazo.

A afillada dos Civiles,
Fala recio, sen recato:
Rosariño, a nena santa,
Pensa, ou reza: nos dous casos.
Deixa as bágoas que lle corran;
E botando ao Xuez, os brazos,
Elomíñao con meigueces.

E a pasiños vai levándoo,
Hastra o ver no durmidoiro:
Deixa á nai atemperándoo,
I ela torna: a servidume
Fai que entréguese ó descanso,
E se queda coa "ladrupas".

*
* *

Como a nai Do Desamparo,
Ten a moza o desconsolo
Nos doridos ollos, gacios:
Cáenlle os brazos, todo ó longo;
E polos beizos, pregados,
Como rego de acedumes,
Escorréntanse os alaios.

Pola sorte, mal fadada,
O seu sino a leva arrastro:
Soio foi feliz un día:
O seu probe peito, canso,
Xa non trema da disgracia.

Chégase a ela, moi dispacio,
Rosariño: as maus lle toma;
E a "ladrupas" dispertando
Daquel sono, de agoirosos
Pensamentos, como estalo
Fogueteiro, deixa a ialma
Que chasquee a por das bágoas,
Dos saloucos e zalupos...

—¡Redentor dos que pecaron...!
¡Fai brilar as honesturas
niste meu peitiño, escravo!
¡Non fun eu, non...! ¡Abofellas!
¿Que había ser...! ¡malpocado!
¡Non fun...! ¡Así Dios me salve!
¡Non chegue a mañán, se a engano!
Nunca máis vexan meus ollos,
Da nai, o corpiño eivado!

¡Pequei, pra fartarlle a fame!
Tendo pan... ¿pra que roubalo!
¡Non o crea, anque llo xuren,
Que son bougas de falsario!

¡Ouh, miña señoritiña!
Se me conta antre os ingratos,
Xa non quero honra, nin vida:
¡Mais axiña, engaiolados,
Que podrezan os meus osos
Antre os ferros carcelarios!

E botou o corpo a terra:
E sobre dos pes, enanos,
Da doniña, terecida,
A "ladrupas" chorou tanto,
Como o día en que os rapaces
A azuzaron, e alcumárona,
Por lle dar a nai sustento,
Sen topar con que pagalo.

¡Ouh, almas santas, que arrechega a vida!
Cando pechou a noite,
A nena, aseñorada, e a mendiga,
Nada antre as peñasqueiras de dous montes,
Eran irmáns da ialma,
Como se a mesma sorte,
Dese á desheredada,
Bens; ilustrezas; hedramo; paz; dote.

Erixiuse a pequena,
En nai daquela, que non ten arrimo;
I era de ver o mimo; a gracia; a verba,
Con que a deixala, díxolle:

"Se Dios me ampara, ampárararanos xuntas;
E nos intres, acouga.
Que diste día, Suntas,
Coido que hei ter dúas nais, e inda unha aboa.

Cando pintaba o día,
E a inocenza durmía,
Tendo por cabezal a fe de Cristo,

I envolta no direito que a asistía;
Como sombras cruzaban,
E negras contra os muros se esbaraban,
A traición, e a falsía,
Que coa iñoranza, bruta, misturaban;
E sairon i entraron,
Cal voada de corvos rapaceiros,
A filla do Civil; mais o ministro;
E o par de sagretarios,
Soaviños... lubicáns... comanduleiros...

¡Ouh, os presentimentos de almas vírxenes...!
Mentras soña Rosario
Co dengue novo que lle garda o armario,
Corre, medio desnuda,
(Como Cristo, na senda do Calvario);
No camiño que leva ó recrusorio,
E polo xío, e a vergonza, muda,
A inocente "ladrupas";
Por dous gardas, feroces, reempuxada,
Como lobo collido antre a manada.

O Xuez do bico torto,
En a propia defensa, diligente,
Non houbo en conta, da súa filla os choros:
Querlle mostrar á xente,
Que non é un menicreque, mal togado:
"Ha pagar a "ladrupas" polo Goros,
Que berrando tamén "Son inocente..."
Rouboulle do pendello hastra un arado!".

Pasou o inverno: logo a primaveira:
E aquela primaveira dunha vida,
Que antes chamaban Suntas, a "ladrupas",
Languece, prisioneira,
Do mundo que a aldraxou, caxe esquencida;
Nun rincuncho humedento:
Nunca farta de alento,
Sobre un montón de palla, podrecida.

Morreu súa nai, nos brazos de Rosario:
Levou esta a velliña pró seu pazo,
Coa ilusión dun neniño
Que garda un paparruibo no regazo,
E se tascou o liño:
E se callou, na terra, o promer lazo:
E rogando Rosario: o pai negando,
E as eleuciós meténdose no medio,
(Mentres roen a Suntas, frío e tedio),
Foi o tempo pasando,
Cómprice do burrán do bico torto:

De Goros, que meteuse no seu horto:
Dun par de Sagretarios rexumeiros;
Unha ladra: un ministro,
E uns gardas, brutanaces, e lixeiros.

¡Rosariño bendita!
Unha mañá de Maio,
Logrou, por fin, a anseada folla escrita.
A libertá dun preso,
Que pra enterrarse, vivo,
Malla se a precisou, naquel proceso.

Vestíu de festa a nena, a probe aboa:
Pillou un gran ramallo,
Da máis pulida fror do seu enxido,
E contra o peito, opreso;
E tirando da ovella,
Que era de Sunta o ben máis requerido,
(Mentres a man direita
Trema da ancianidá sen agarimo,
Servíndolle de filla, e máis de arrimo).

Cruzan, voando, a Groria dun sendeiro,
Cuberto de estaloxos e romeiro,
A par que a luz sorría,
E o Ceo bermelleiro,
Cos roibéns alcendidos, se tinxía.

No é a cárcele outra cousa,
Que unha vella moranza,
Chamada no roeiro "Dos Priores"
E que dou, en cen anos, misturanza
De monxío; siñores;
Xentes que se adicaron a labranzar:
De vítimas, larcháns e pecadores.

A pedra, caridosa,
Cubre os ferros, e dalles somellanza
Ca gradicela dun altar en festa;
Ou vello enterradeiro,
Que atopa refuxeiro,
Baixo unha tenza de grumida xesta.

En chegando ó porton, berrou a nena,
I espertas do seu sono, as anduriñas,
Ceibáronse, toliñas:
E se enfoscou a cocha máis pequena,
I en reste se afuxiron as galiñas.

—¡Ouh, Martuco...! Martu.....co...!
Presentouse un velliño,
Recho, limpo e contento como un cuco.

—¿Como o noso encantiño,
Tan cedo, na orballeira do camiño?

—¡Anda, Martuco; voa!
Vai, e dícelle a Suntas,
Que agardámola, xuntas,
Tódalas súas querencias:
Que por vela, chorando, está a súa aboa;
Que non trema súa irmán das impacencias...
E se muschan as frores nista hora...
E aquela súa ovelliña, crecha e moura,
Napaña un mal anisco na herbellada,
Sen lle non dar, primeiro, unha turrada.

¡Que fas, que non buxicas...?
¡Dille que xa finaron súas faticas...!
¡Dille que eiquí, encravado,
O delor deixaremos nista porta?
Que a esperan e que a chaman,
Os gromos, todos, que prantou, na horta.

Abríu o vello a boca, desdentada,
Nunha risa sen termo,
E afogando na tos, a brasfemada:

...Eu non sei se atopou, xardín, ou ermo...
Senda de estrelas; ou curripa torta...
Mais do delor, ¡ceibou! ¡me coma o demo...!
O delor a guindou... ¡Porque está morta!

"Aquí fica; pagando alleas culpas,
A rapaza máis santa de Monfero;
Debéramos dicir "Santa Ladrupas",
Se a xusticia antre nós non fora o deño.

E o vello churrusqueiro
Que así escribíu, grabou na cruz do lado:
"Sor Xuana Lamigueiro:
(A filla dun Sarxento de Civiles).
Quixo ser este corpo, aquí enterrado,
Pra que o verme, enceteiro,
Máis que os homes, legal e xusticieiro,
Roa, a par, a inxusticia, e o pecado!".

REXISTRO

Páxs.

INTRODUCCIÓN

Vida de Francisca Herrera Garrido 9

ESCOLMA

NARRATIVA

A ialma de Mingos 19

Martes de antroido 31

A neta da naipeira 53

ENSAIO

A muller galega 65

POESÍA

De sorrisas e bágoas

Non hai probe 81

Petar na ialma 83

O capitán 93

De almas de muller... ¡Volallas na luz!

¿Muller... ou nai? 103

De frores do noso paxareco

A nosa xusticia 119

Rematouse de imprentar
nos talleres
de "Artes Gráficas Galicia, S. A.",
rúa de Segovia, 19, de Vigo,
o 16 de maio do 1987,
víspera do
DÍA DAS LETRAS GALEGAS

REAL ACADEMIA GALLEGA
CONVICTI EXPURGAT INNOVAT

REAL
A
30

L ACAD
GALEGA
CORU
3 9 5